

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

3369 *Real decreto 191/2010, do 26 de febreiro, polo que se modifica o Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.*

Este real decreto procede ao desenvolvemento regulamentario que precisa a transposición da Directiva 2008/118/CE do Consello, do 16 de decembro de 2008, relativa ao réxime xeral dos impostos especiais, e pola que se derroga a Directiva 92/12/CEE do Consello, do 25 de febreiro de 1992, relativa ao réxime xeral, tenza, circulación e controis dos produtos obxecto de impostos especiais, transposición que foi levada a cabo pola Lei 2/2010, do 1 de marzo, pola que se traspoñen determinadas directivas no ámbito da imposición indirecta e se modifica a Lei do imposto sobre a renda de non-residentes para adaptala á normativa comunitaria.

En efecto, a posta en marcha do procedemento de control informatizado dos movementos de produtos obxecto de impostos especiais exixiu a aprobación da Directiva 2008/118/CE e a derogación da Directiva 92/12/CEE. O novo sistema de control establecido no novo marco legal comunitario xeneraliza o procedemento de control informatizado dos seus movementos e converte en residual o procedemento de control mediante documentos en soporte papel dos movementos destes produtos, naqueles casos en que os sistemas informáticos non se encontren dispoñibles. Ao mesmo tempo, realizouse unha revisión completa da directiva, incorporando modificacións que a experiencia adquirida na súa aplicación aconsellou introducir. Por iso, a Directiva 2008/118/CE derroga e substitúe a Directiva 92/12/CEE.

De forma complementaria, a Directiva 2008/118/CE establece algunhas novidades importantes que é preciso traspoñer, como o novo suposto de non suxeición relativo á destrución total dos produtos obxecto dos impostos especiais, sempre que se encontren en réxime suspensivo, como consecuencia da autorización das autoridades competentes do Estado membro en que a dita destrución se producise. Igualmente, procédese a regular de novo as irregularidades na circulación destes produtos e régúlase o réxime aplicable ás tendas libres de impostos.

O artigo 48 da Directiva 2008/118/CE outorga aos Estados membros un prazo que finaliza o día 1 de xaneiro de 2010 para adoptar e publicar as disposicións legais, regulamentarias e administrativas necesarias para dar cumprimento ao establecido nesta directiva con efecto do 1 de abril de 2010.

A Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, en que se contén a transposición ao ordenamento español da Directiva 92/12/CEE, debeu ser modificada en consecuencia, e tal modificación referiuse fundamentalmente ás disposicións relativas á circulación de produtos. Por outra parte, este novo sistema de control foi incorporado á Lei 38/1992 prestando especial atención á prevención de calquera posible fraude, evasión ou abuso.

Todos estes aspectos, que foron modificados na Lei 38/1992, precisan dun desenvolvemento regulamentario que se contén na modificación do Regulamento de impostos especiais levada a cabo mediante este real decreto.

Ademais do mencionado desenvolvemento regulamentario, a modificación do Regulamento dos impostos especiais inclúe modificacións en numerosos preceptos para incorporar melloras na xestión e control dos impostos especiais de fabricación. Así, incorpóranse modificacións exixidas pola necesaria actualización da normativa para a súa adaptación aos novos procesos tecnolóxicos, de fabricación e de tratamento da información, así como para o cumprimento dos permanentes obxectivos de simplificar procedementos e reducir formalidades. Exemplos destacados do anterior poden ser a maior flexibilidade

dada á determinación dos casos en que resulta válido un documento de circulación, ao procedemento de vendas en ruta ou ao transporte de produtos mediante canalizacións fixas; a diminución de determinados importes mínimos das garantías exixidas; a posibilidade de conservación da documentación en soporte informático ou a posibilidade de realizar as mesturas de biocombustibles ou biocombustibles con carburantes ou combustibles convencionais en buques.

Neste contexto, tamén se procede a unificar o período de determinación das porcentaxes de perdas admisibles sen necesidade de xustificación ou proba no trimestre, para todos os impostos especiais de fabricación, eliminando así a disparidade de porcentaxes de perdas que resultaban admisibles segundo que os suxeitos pasivos tivesen obriga de efectuar as súas liquidacións mensual ou trimestralmente. Efectivamente, o motivo polo que se admite unha porcentaxe de perdas ou outra débese fundamentalmente á natureza volátil ou susceptible de deterioración inherente aos produtos, así pois o tempo é unha variable substancial que se debe ter en conta para considerar aceptable unha porcentaxe de perdas ou outra. A outra variable que pode dar lugar a diferenzas entre as cantidades contabilizadas e as resultantes das medicións efectuadas, que se debe ás imprecisións dos elementos con que as ditas medicións se efectúan, considérase de maneira independente e permítase que as xustifique o obrigado tributario.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de ministros na súa reunión do día 26 de febreiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.*

O Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o artigo 1, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 1. *Conceptos e definicións*

Para os efectos do título I deste regulamento entenderase por:

1. Albarás de circulación. Os documentos que amparan a circulación de produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación, distintos do documento de acompañamento, do documento simplificado de acompañamento, das marcas fiscais e dos documentos alfandegueiros.

2. Almacén fiscal. O establecemento autorizado para recibir, almacenar e distribuír, coas condicións que se establecen neste regulamento, produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación, co imposto devengado no ámbito territorial interno, ben que con aplicación dun tipo reducido ou dun suposto de exención. Nun establecemento autorizado como almacén fiscal tamén se poderán recibir, almacenar e distribuír produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación co imposto devengado con aplicación dun tipo impositivo xeral.

3. Centro xestor. O órgano da Axencia Estatal de Administración Tributaria que, na esfera central, sexa competente en materia de xestión dos impostos especiais de fabricación.

4. Código administrativo de referencia. Número de referencia asignado polas autoridades competentes do Estado membro de expedición ao documento administrativo electrónico, unha vez que os datos do borrador foron validados. As referencias a este código faranse mediante as siglas «ARC».

5. Documento administrativo electrónico. O documento electrónico establecido pola Directiva 2008/118/CE do Consello, do 16 de decembro de 2008, relativa ao réxime xeral dos impostos especiais, e pola que se derroga a Directiva 92/12/CEE

e polo Regulamento (CE) n.º 684/2009 da Comisión, do 24 de xullo de 2009, para amparar a circulación intracomunitaria, en réxime suspensivo, de produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación.

6. Documento de acompañamento de emerxencia. O documento en soporte papel establecido pola Directiva 2008/118/CE e polo Regulamento (CE) n.º 684/2009, para acompañar a circulación intracomunitaria en réxime suspensivo, cando o sistema de control informatizado non estea dispoñible no momento da expedición dos produtos. En tales supostos, o expedidor poderá dar inicio á circulación con cumprimento dos requisitos establecidos neste regulamento e normas de desenvolvemento.

7. Documento de acompañamento. O documento establecido para amparar a circulación con orixe e destino no ámbito territorial interno, en réxime suspensivo ou con aplicación dunha exención ou dun tipo reducido, de produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación. Pode consistir ben nun documento de acompañamento administrativo, segundo o modelo que aprobe o ministro de Economía e Facenda, ou ben nun documento de acompañamento comercial que debe conter os mesmos elementos de información exixidos para o documento administrativo, cada un dos cales deberá estar identificado cun número que se corresponderá co de cada unha das casas do documento administrativo.

8. Documento simplificado de acompañamento. O documento establecido polo Regulamento (CEE) n.º 3649/92 da Comisión, do 17 de decembro de 1992, para amparar a circulación intracomunitaria de produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación, segundo o procedemento de envíos garantidos. Pode consistir ben nun documento simplificado de acompañamento administrativo, segundo o modelo que figura como anexo do citado regulamento, ou ben nun documento simplificado de acompañamento comercial que debe conter os mesmos elementos de información exixidos polo documento administrativo, cada un dos cales deberá estar identificado cun número que se corresponderá co de cada unha das casas do documento administrativo.

9. Lei. A Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

10. Lugar de importación. O sitio en que se encontren os produtos no momento do seu despacho a libre práctica conforme o disposto na normativa alfandegueira.

11. Oficina xestora. A unidade da Axencia Estatal de Administración Tributaria, na esfera territorial, competente en materia de xestión dos impostos especiais de fabricación.

Para estes efectos, considerarase xefe da oficina xestora:

a) Con carácter xeral, e dentro da respectiva delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria, o xefe da dependencia provincial de Alfándegas e Impostos Especiais ou, se é o caso, o xefe do órgano que desempeñe funcións equivalentes.

b) Nas delegacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria onde non exista Dependencia Provincial de Alfándegas e Impostos Especiais ou órgano equivalente, o delegado da Axencia Estatal de Administración Tributaria, salvo cando se trate dunha comunidade autónoma uniprovincial, caso en que se considerará xefe da oficina xestora o xefe da dependencia rexional de Alfándegas e Impostos Especiais, ou o xefe do órgano que desempeñe funcións equivalentes.

12. Perdas. Calquera diferenza en menos, medida en unidades homoxéneas, entre a suma dos produtos de entrada nun proceso de fabricación ou de almacenamento e a suma dos produtos de saída deste, considerando as correspondentes existencias iniciais e finais. No caso do transporte consideraranse «perdas» calquera diferenza en menos entre a cantidade de produtos que inician unha operación de transporte e a cantidade de produtos que a conclúen ou que resultan dunha comprobación efectuada no curso da dita operación.

13. Perfeccionamento fiscal. O procedemento mediante o cal, a partir duns produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación, recibidos en réxime suspensivo, se obteñen, con cumprimento das condicións establecidas neste regulamento, produtos compensadores que non son obxecto dos impostos especiais de fabricación e que posteriormente deben ser exportados, ultimándose así o réxime suspensivo.

14. Porcentaxe regulamentaria de perdas. O límite porcentual máximo de perdas establecido neste regulamento para determinadas operacións ou procesos ata o cal aquelas se consideran admisibles sen necesidade de xustificación ou proba. Poderase xustificar que diferenzas entre as cantidades contabilizadas e as resultantes das medicións efectuadas que sexan superiores ás porcentaxes regulamentarias de perdas sexan debidas ás imprecisións propias dos elementos de medición. Salvo o disposto, se é o caso, nas normas específicas de cada imposto, a porcentaxe de perdas aplícase sobre a cantidade de produtos de entrada no proceso ou operación de que se trate. Cando se trate dun proceso integral en que non sexa posible determinar as perdas habidas en cada un dos procesos simples que o compoñen, a porcentaxe regulamentaria de perdas do proceso integral será o resultado da suma ponderada das porcentaxes regulamentarias de perdas correspondentes a cada un dos procesos simples.

15. Sistema informatizado. Sistema de control mediante procedementos informáticos dos movementos intracomunitarios dos produtos obxecto dos impostos especiais, baseado no documento administrativo electrónico. As referencias a este sistema faranse mediante as siglas «EMCS».

16. Subministración directa. A circulación, exclusivamente no ámbito territorial interno, fóra do réxime suspensivo, de produtos obxecto dos impostos especiais que se beneficiaron dunha exención ou da aplicación dun tipo reducido en razón do seu destino, ata un lugar de entrega autorizado polas autoridades competentes, nas condicións que se establecen neste regulamento, se o dito lugar foi designado por un depositario autorizado ou polo titular dun almacén fiscal.

17. Viaxeiro con destino a un país terceiro ou territorio terceiro. Todo pasaxeiro en posesión dun título de transporte, por vía aérea ou marítima, en que figure como destino final un aeroporto ou porto situado nun país terceiro ou territorio.»

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 3, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 3. *Perfeccionamento fiscal.*

(...)

2. Será condición necesaria para a concesión da autorización a que se refire o número 1 anterior a prestación dunha garantía por un importe do 2,5 por 100 das cotas correspondentes á cantidade máxima anual a que se refire o número seguinte. Se o provedor for un depositario autorizado establecido no ámbito territorial comunitario non interno esta garantía terá tamén efectos en relación coa recepción de produtos en réxime suspensivo como destinatario rexistrado.»

Tres. Modifícase o artigo 4, que queda redactado da seguinte forma:

«4. Exencións no marco das relacións internacionais e de certos avituallamentos.

1. A aplicación das exencións a que se refiren as letras a) e b) do número 1 do artigo 9 da lei efectuarase de acordo co previsto no Real decreto 3485/2000, do 29 de decembro, sobre franquías e exencións en réxime diplomático, consular e de organismos internacionais, e de modificación do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.

2. No suposto da exención relativa ás adquisicións efectuadas polas Forzas Armadas a que se refire a letra c) do número 1 do artigo 9 da lei, cando se trate dos produtos obxecto dos impostos sobre o alcohol e as bebidas alcohólicas, do imposto sobre os elaborados do tabaco ou dos combustibles incluídos no ámbito obxectivo do imposto sobre hidrocarburos, o procedemento para a aplicación do beneficio iniciárase, de acordo co Real decreto 160/2008, do 8 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento polo que se desenvolven as exencións fiscais relativas á Organización do Tratado do Atlántico Norte, aos Cuarteis Xenerais Internacionais da dita organización e aos Estados parte do dito tratado e se establece o procedemento para a súa aplicación, coa petición ao Ministerio de Defensa da acreditación do cumprimento das condicións fixadas nos respectivos convenios internacionais subscritos por España. Unha vez obtida a dita acreditación, o beneficiario da exención solicitará a súa aplicación ao centro xestor. Nesta solicitude, a que se xuntará a referida acreditación, precisarase a clase e cantidade de produtos que se desexa adquirir con exención, de acordo coas necesidades previstas. O centro xestor expedirá a autorización de subministración con exención dos impostos especiais de fabricación, pola cantidade adecuada ás necesidades de consumo xustificadas.

3. A aplicación da exención a que se refire a letra d) do número 1 do artigo 9 da lei levarase a cabo nas condicións previstas no acordo que a recoñeza e, no non previsto nel, consonte as normas do citado Real decreto 3485/2000 no que resulte de aplicación. Cando se trate de carburantes incluídos no ámbito obxectivo do imposto sobre hidrocarburos observárase, ademais, o establecido no artigo 5 deste regulamento.

4. A subministración dos produtos a que se refiren os números 2 e 3 anteriores deberase efectuar do seguinte modo:

a) Se se trata de produtos importados ou con estatuto alfandegueiro de mercadoría non comunitaria, desde a alfándega de importación ou, se é o caso, desde unha zona ou depósito franco ou desde un depósito alfandegueiro.

b) Se se trata de produtos situados no ámbito territorial interno, desde unha fábrica, depósito fiscal ou almacén fiscal.

c) Os asentos de data das contabilidades dos establecementos a que se refiren as letras a) e b) anteriores xustificáranse con cargo ás correspondentes autorizacións de subministración e aos exemplares do documento de acompañamento a que se refire a letra e) seguinte.

d) Se se trata de produtos que se subministran desde o ámbito territorial comunitario non interno, os beneficiarios das exencións poderán recibilos directamente en réxime suspensivo. Neste suposto as autorizacións de subministración deberán expedirse en forma de «certificado de exención», cuxo modelo establecerá o ministro de Economía e Facenda, e que acompañará o documento en que estea reflectido o ARC. O beneficiario da exención efectuará a notificación electrónica de recepción.

e) Cando, nos casos previstos nas letras a) e b) anteriores, os produtos circulen con orixe e destino no ámbito territorial interno, a súa circulación desde o lugar de expedición ata o seu destino amparárase nun documento de acompañamento. O beneficiario da exención devolveralle ao expedidor o exemplar número 3, unha vez asinado o certificado de recepción.

5. Nos supostos de exención a que se refiren as letras e) e f) do número 1 do artigo 9 da lei, en relación cos impostos especiais sobre o alcohol e bebidas alcohólicas e o imposto sobre os elaborados do tabaco, o destino acreditarase mediante o exemplar número 3 do documento de acompañamento, debidamente dilixenciado pola alfándega que controlou a operación. Nas casas correspondentes deste documento farase constar o código da alfándega e a expresión «Avtuallamento exento».

Catro. Modifícase o artigo 5, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 5. *Subministracións de carburantes no marco das relacións internacionais.*

1. A aplicación das exencións a que se refiren as letras c) e d) do número 1 do artigo 9 da lei efectuarase, cando se trate da subministración de carburantes incluídos no ámbito obxectivo do imposto sobre hidrocarburos, mediante a devolución das cotas do imposto incluídas no prezo dos carburantes adquiridos, de acordo co procedemento que se establece nos números seguintes.

2. A adquisición dos carburantes deberase efectuar mediante a utilización de tarxetas de crédito, de débito ou de compras cuxa emisión, para este fin, fose previamente aprobada polo centro xestor. Será condición necesaria para a súa aprobación o cumprimento das seguintes condicións:

a) A tarxeta debe ser expedida a nome do beneficiario e nela farase constar a matrícula do vehículo.

b) Deberán quedar identificados tanto o comprador como o vendedor do carburante.

c) Deberá quedar constancia da clase e cantidade do carburante adquirido, así como do importe da adquisición.

d) O importe do carburante adquirido deberase cargar na conta corrente aberta en calquera entidade de crédito, a nome do beneficiario.

e) A entidade emisora da tarxeta deberá estar capacitada para dar cumprimento ao que se establece no número 6 deste artigo.

3. Cando se trate da adquisición de carburantes con destino ás instalacións das Forzas Armadas a que se refire a letra c) do número 1 do artigo 9 da lei, seguirase o procedemento establecido no número 2 do artigo 4 deste regulamento.

A entrega dos carburantes poderá tamén efectualo o provedor mediante a subministración directa aos vehículos dos membros das ditas forzas ou do persoal civil ao seu servizo. Con este fin, o mando das Forzas Armadas remitirá ao centro xestor, a través do Ministerio de Defensa, unha relación dos beneficiarios e dos vehículos propiedade destes, con expresión de nomes e apelidos, números das tarxetas especiais de identificación e matrícula dos ditos vehículos. A subministración de carburantes deberá efectuarse de acordo co procedemento establecido no número 2 anterior, para o cal se fará constar na relación a entidade que cada beneficiario elixa para a emisión das tarxetas a que se refire este número.

4. O centro xestor autorizará, se é o caso, a subministración de carburantes con dereito á devolución, e comunicará tal acordo á entidade emisora das tarxetas designada polos beneficiarios, con indicación expresa do nome do propietario do vehículo, da súa matrícula e da cantidade máxima mensual de carburante para a cal se recoñece o dereito á devolución.

5. As misións de cada Estado e as persoas representativas das Forzas Armadas notificarán ao centro xestor as modificacións habidas en relación coas solicitudes a que se refiren os números 2 e 3 anteriores seguindo o procedemento establecido nos citados números. O centro xestor comunicará as modificacións ás entidades emisoras das tarxetas afectadas.

6. As entidades emisoras de tarxetas presentarán polos medios e procedementos electrónicos, informáticos ou telemáticos que determine o ministro de Economía e Facenda, nun prazo que rematará o día 20 do mes seguinte ao da finalización de cada trimestre, unha relación cos seguintes datos:

a) Nome ou razón social, domicilio e número de identificación fiscal da entidade emisora.

b) Matrícula do vehículo, así como o número de identificación fiscal e nome do seu propietario e código da conta de cliente (c.c.c.) de cargo.

c) Cantidad total de cada clase de carburante, expresada en litros, adquirida mediante a utilización da tarxeta, ata o máximo mensual autorizado, e importe total cargado no trimestre.

As entidades emisoras de tarxetas serán responsables da correspondencia entre os datos contidos nas ditas relacións e os que se deducen dos medios de pagamento utilizados.

7. O centro xestor acordará, se é o caso, a devolución das cotas polo imposto sobre hidrocarburos correspondentes aos litros de carburante adquiridos, sen exceder o máximo autorizado, ordenando o pagamento do importe a devolver á entidade emisora das tarxetas. Para a determinación da cota a devolver aplicaranse os tipos impositivos que estiveron vixentes durante o trimestre para cada un dos carburantes; se houbo modificación dos tipos, aplicarase o tipo medio ponderado polos días de vixencia de cada un deles. Se a entidade emisora das tarxetas for suxeito pasivo do imposto sobre hidrocarburos, o centro xestor, por petición da entidade, poderá autorizar que a devolución se realice mediante a minoración da cota correspondente ao período impositivo en que se acorde a devolución.

A entidade emisora das tarxetas aboará a cada beneficiario o importe das cotas devoltas, non máis tarde da data en que lle practique a primeira liquidación, consignando expresamente a cantidade correspondente á devolución e o trimestre a que corresponde.»

Cinco. Modifícase o número 3 do artigo 6, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 6. *Normas xerais sobre as devolucions.*

(...)

3. A devolución do imposto poderá autorizarse con carácter provisional. As liquidacións provisionais converteranse en definitivas como consecuencia da comprobación efectuada pola Inspección ou ben cando non fosen comprobadas dentro do prazo de catro anos, contados a partir da data en que se realiza a operación que orixina o dereito á devolución.»

Seis. Modifícase o artigo 8, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 8. *Devolucions por introdución en depósito fiscal*

1. O procedemento para a devolución do imposto prevista na letra c) do número 1 do artigo 10 da lei, con respecto ás cotas correspondentes aos produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación que se introducen nun depósito fiscal para o seu posterior envío a un destinatario domiciliado ou establecido dentro do ámbito territorial comunitario non interno rexerase polo que se establece neste artigo.

2. O titular do depósito fiscal en que se introduzan os produtos rexistrará a entrada destes na súa contabilidade, servindo como documento de cargo o documento de circulación expedido polo empresario. Estes produtos non poderán ter outro destino, baixo responsabilidade do depositario autorizado, que o envío ao ámbito territorial comunitario non interno.

3. Na contabilización da saída dos produtos do depósito fiscal incluírase, ademais, a referencia ao correspondente asento de cargo. A circulación ata o destino sinalado polo empresario ampararase co documento de circulación establecido para a circulación intracomunitaria en réxime suspensivo.

4. O titular do depósito fiscal remitirá ao empresario unha copia da notificación de recepción. O expedidor fará constar, na dita copia, a referencia ao correspondente asento en su contabilidade.

5. O empresario presentará, na oficina xestora correspondente a cada establecemento de saída dos produtos, unha solicitude de devolución, axustada ao modelo que aprobe o ministro de Economía e Facenda, comprensiva dos envíos

efectuados ao ámbito territorial comunitario non interno, mediante a súa previa introdución nun depósito fiscal, que chegasen ao seu destino durante cada trimestre.

6. A solicitude presentárase dentro dos vinte primeiros días do mes seguinte ao de finalización do período impositivo e nela anotáranse, por cada operación:

- a) A data de saída do establecemento.
- b) O depósito fiscal en que se introduciron os produtos, con indicación do seu código de actividade e do establecemento (CAE).
- c) O Estado de destino.
- d) O nome, apelidos ou razón social e domicilio do destinatario, así como o seu número de identificación fiscal para os efectos do IVE e o seu número de identificación fiscal para efectos dos impostos especiais, se se trata dun depositario autorizado ou un destinatario rexistrado; ou o número de autorización do envío asignado polas autoridades fiscais do Estado de destino, se se trata dun destinatario rexistrado ocasional.
- e) A clase e cantidades de produtos enviados de cada unha das epígrafes de cada imposto, expresadas nas unidades de cada epígrafe, polas cales se solicita a devolución.
- f) A data de envío por parte do depositario autorizado, así como o ARC do documento administrativo electrónico expedido por este.
- g) A data da notificación de recepción polo destinatario, e
- h) O importe da devolución que se solicita, calculado de acordo co establecido no número 1 ou, se é o caso, no número 2, do artigo 6 deste regulamento.

7. O empresario conservará á disposición da oficina xestora e dos servizos da Inspección, durante un período de catro anos, as copias a que se refire o número 4 deste artigo e os documentos que acrediten o pagamento ou cargo contable dos impostos especiais de fabricación no ámbito territorial comunitario non interno. Estes últimos documentos poderán substituírse por unha dilixencia acreditativa dos seguintes datos:

- a) O enderezo da oficina competente das autoridades fiscais do Estado de destino;
- b) A data en que a dita oficina aceptou a declaración e o número de referencia ou de rexistro desta declaración.

8. Para os efectos da aplicación do establecido no número 2 do artigo 6 deste regulamento, considerarase que a operación que orixina o dereito á devolución é a recepción dos produtos no Estado de destino.

9. O empresario conservará á disposición da oficina xestora e dos servizos de inspección, durante un período de catro anos, os documentos acreditativos de ter satisfeito o imposto dentro do ámbito territorial interno polos produtos enviados.

10. A oficina xestora resolverá o expediente de devolución acordando, se for o caso, o pagamento das cotas que correspondan.»

Sete. Modifícanse os números 5 e 7 do artigo 9, que quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 9. *Devolución no sistema de envíos garantidos.*

(...)

5. A solicitude presentárase dentro dos vinte primeiros días do mes seguinte ao de finalización do trimestre e nela anotáranse, por cada operación:

- a) O número de referencia do documento simplificado de acompañamento expedido.

- b) A data de saída.
- c) O Estado membro de destino.
- d) O nome, apelidos ou razón social e domicilio do destinatario, así como o seu número de identificación fiscal para os efectos do IVE.
- e) A clase e cantidades de produtos entregados de cada unha das epígrafes de cada imposto, expresadas nas unidades de cada epígrafe, polas cales se solicita a devolución.
- f) A data de recepción polo destinatario,
- g) A data e referencia do pagamento do imposto no Estado membro de destino, e
- h) O importe da devolución que se solicita, calculado de acordo co establecido no número 1 ou, se é o caso, no número 2, do artigo 6 deste regulamento.

(...)

7. O empresario conservará á disposición da oficina xestora e dos servizos de inspección, durante un período de catro anos, os exemplares dos documentos simplificados de acompañamento expedidos, os documentos acreditativos de ter satisfeito o imposto, dentro do ámbito territorial interno, polos produtos entregados, os exemplares dos documentos simplificados de acompañamento devoltos polos destinatarios e os xustificantes de ter satisfeito o imposto no Estado membro de destino.»

Oito. Modifícase o artigo 11, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 11. *Depósitos fiscais.*

1. O centro xestor poderá autorizar ás persoas que o soliciten o establecemento de depósitos fiscais nos cales, en réxime suspensivo:

a) Poderanse recibir, almacenar e expedir bens obxecto dos impostos especiais de fabricación.

Dentro destas operacións, consideraranse incluídas as operacións de conservación e envasado dos ditos bens, así como as de mestura que non constitúan transformación salvo o disposto nas letras b) e c) seguintes.

b) Poderán efectuarse operacións de desnaturalización ou adición de marcadores.

c) Poderán efectuarse, en depósitos fiscais de hidrocarburos, mesturas de produtos obxecto do imposto sobre hidrocarburos, entre si ou con outros produtos, sempre que a mestura obtida estea comprendida, pola súa vez, no ámbito obxectivo do imposto.

2. A autorización dun depósito fiscal quedará condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a) O volume trimestral medio de saídas durante un ano natural deberá superar as contías seguintes:

1.º Alcohol: 400.000 litros de alcohol puro. En Canarias e Baleares este límite será de 100.000 litros de alcohol puro.

2.º Bebidas derivadas: 25.000 litros de alcohol puro.

3.º Extractos e concentrados alcohólicos exclusivamente: 3.500 litros de alcohol puro.

4.º Produtos intermedios: 150.000 litros.

5.º Viño e bebidas fermentadas: 150.000 litros.

6.º Cervexa: 150.000 litros.

7.º Bebidas alcohólicas conxuntamente: a cantidade equivalente a 30.000 litros de alcohol puro.

8.º Hidrocarburos: 2.500.000 quilogramos.

9.º Elaborados do tabaco: a cantidade cuxo valor, calculado segundo o seu prezo máximo de venda ao público, sexa de 2.500.000 euros.

10.º Non obstante o establecido nos ordinais anteriores desta letra a), non será exigible o cumprimento dun volume mínimo de saídas en relación coa autorización dos seguintes depósitos fiscais:

1'. Depósitos fiscais que se autoricen exclusivamente para efectuar operacións de subministración de bebidas alcohólicas e de elaborados de tabaco destinados ao consumo ou venda a bordo de buques e aeronaves.

2'. Depósitos fiscais de bebidas alcohólicas e de elaborados do tabaco situados en portos ou aeroportos e que funcionen exclusivamente como establecementos retalistas, sempre que teñan recoñecido o estatuto alfandegueiro de depósitos alfandegueiros ou depósitos francos.

3'. Depósitos fiscais situados en instalacións aeroportuarias públicas que se dediquen unicamente á distribución de querosenos e gasolinas de aviación.

4'. Depósitos fiscais que se dediquen exclusivamente á distribución dos aceites e graxas e do alcohol metílico (metanol) a que se refiren os artigos 50 bis e 51.3 da lei.

5'. Depósitos fiscais que se dediquen exclusivamente á distribución de produtos comprendidos na tarifa 2.ª do imposto sobre hidrocarburos.

6'. Os que se dediquen exclusivamente ao almacenamento de alcohol envasado sen desnaturalizar, fabricado polo mesmo titular e que teña un destino exento no ámbito territorial interno ou se destine ao ámbito territorial comunitario non interno ou á exportación.

Os depósitos fiscais a que se refiren os puntos anteriores deste ordinal poderán tamén expedir bebidas alcohólicas e elaborados do tabaco, ou só algún destes produtos, con destino a depósitos fiscais do mesmo titular así como efectuar as devolucións dos produtos aos provedores de orixe.

b) Cando quen xa é titular dun depósito fiscal que vén funcionando regular e ininterrompidamente durante máis de dous anos solicite a autorización ao seu nome de novos depósitos fiscais para unha mesma categoría de produtos, os volumes de movemento mínimo a que se refire o parágrafo anterior serán reducidos nun 25 por 100.

Esta redución será tamén aplicable cando o solicitante do depósito fiscal sexa titular dunha fábrica da mesma categoría de produtos que veña funcionando regular e ininterrompidamente durante máis de dous anos e cuxo volume trimestral medio de saídas durante o período de doce meses inmediatamente anterior á solicitude do depósito supere as contías establecidas na letra a) anterior.

As reducións a que se refire o parágrafo anterior non serán aplicables en relación coa autorización de depósitos fiscais de hidrocarburos.

c) Os depósitos fiscais deberanse situar en instalacións independentes daquelas en que se exerza calquera actividade que por razóns de seguranza ou de control fiscal non sexa compatible coa que determine a autorización do depósito. En particular, os depósitos fiscais de hidrocarburos deberán situarse en instalacións independentes das instalacións de venda ao público ou de subministración a vehículos de carburantes e combustibles petrolíferos. Considérase que unha instalación é independente cando non ten comunicación con outra e dispón de acceso directo á vía pública.

Non obstante, o centro xestor poderá autorizar que unha zona delimitada do local en que se encontre instalado o depósito se considere fóra deste para os únicos efectos do almacenamento e ulterior reexpedición de produtos polos cales se devengou o imposto con ocasión da súa saída do depósito e que posteriormente foron devoltos ao seu titular.

O movemento destes produtos deberase rexistrar nun libro habilitado para o efecto no cal os asentos de cargo se xustificarán co albará que expida a persoa ou

entidade que efectúe a devolución e con referencia ao asento orixinario de saída do depósito fiscal; os asentos de data xustificaranse co albará que se emita para amparar a circulación dos produtos reexpedidos.

d) Os depósitos fiscais nos cales se introduzcan graneis líquidos deberán dispoñer de tanques para o seu almacenamento. Estes tanques, diferenciados por clases e especificacións, deberán estar numerados e dotados dos correspondentes elementos de medición, debidamente autorizados polo organismo oficial ou autoridade competente.

e) En cada depósito fiscal deberase levar unha contabilidade de existencias na cal se rexistrarán os produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación introducidos e saídos del. Os asentos de cargo xustificaranse co documento de acompañamento en que figure o depósito fiscal como lugar de entrega. Os asentos de data permitirán diferenciar os distintos tratamentos fiscais dados aos produtos saídos e xustificaranse cos documentos de acompañamento ou de circulación, segundo os casos, expedidos polo titular do depósito. Cando, conforme o disposto no artigo 15 da lei se realicen no depósito fiscal operacións de transformación, a contabilidade do depósito deberá reflectir tales operacións. O centro xestor poderá exixir que todo este sistema contable sexa levado por procedementos informáticos previamente validados polo dito centro.

f) Os solicitantes, así como os administradores de feito ou de dereito, deberán de estar ao día no cumprimento das súas obrigas fiscais.

g) Os depósitos fiscais de hidrocarburos que desenvolvan a súa actividade en relación cos produtos petrolíferos a que afecta a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, so poderán ser autorizados a aqueles que, conforme o establecido nos preceptos que se indican da dita lei, reúnan algunha das seguintes condicións:

1.º Que sexan titulares dunha autorización administrativa para instalacións de transporte ou parques de almacenamento conforme o disposto no artigo 40.2.

2.º Que teñan a condición de operador por xunto conforme o disposto nos artigos 42 e 45.

3.º Que exerzan, desde instalacións autorizadas para o efecto para este fin, a actividade de distribuidor ao retallo de produtos petrolíferos, conforme o disposto nos artigos 43, 46 e 47.

h) Poderán ser autorizadas como depósito fiscal de gas natural calquera das instalacións que comprenden o sistema gasista tal e como este se describe no artigo 59 da Lei do sector de hidrocarburos. Poderán autorizarse como un único depósito fiscal varias das referidas instalacións sempre que o seu titular sexa a mesma persoa e exista un control centralizado destas.

A autorización das referidas instalacións como depósitos fiscais requirirá, ademais do cumprimento dos requisitos xerais que sexan aplicables, que o solicitante estea en posesión da autorización administrativa que proceda, segundo o caso, das previstas nos artigos 67 e 73 da citada Lei 34/1998.

3. A solicitude de autorización dun depósito fiscal deberá incluír, en todo caso, o nome e apelidos ou razón social e o número de identificación fiscal do obrigado tributario e, se é o caso, da persoa que o represente, e será presentada polos interesados ante o centro xestor. Á dita solicitude xuntaráse a seguinte documentación:

a) Memoria descritiva da actividade que se pretende desenvolver en relación coa autorización que se solicita e previsión razoada do volume trimestral medio de saídas durante un ano natural. Na dita memoria deberán describirse as operacións de transformación que, se é o caso, se planee levar a cabo no depósito fiscal.

b) Plano a escala do recinto do establecemento, con indicación do número e capacidade dos depósitos. Nas solicitudes que se refiran a redes de oleodutos ou

de gasodutos, o plano da rede de canalizacións e da instalación e clase dos elementos de bombeo, así como a indicación dos ditos elementos, dos utilizados para efectuar as medicións do fluxo dos produtos e, se for o caso, dos medios de almacenamento, que integran a rede.

c) A documentación acreditativa do cumprimento do disposto nas letras c), d) e e) do número 2 deste artigo.

d) A documentación acreditativa das autorizacións que, se for o caso, corresponda outorgar a outros órganos administrativos. En particular, e en canto ás actividades relativas a produtos comprendidos no ámbito obxectivo do imposto sobre hidrocarburos, será necesario achegar a documentación acreditativa da autorización que, se é o caso, se debe outorgar por aplicación do disposto na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos e na súa normativa de desenvolvemento. En canto aos elaborados de tabaco, será necesario estar inscrito no correspondente Rexistro de Operadores do Comisionado para o Mercado de Tabacos, conforme o establecido na Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, e na súa normativa de desenvolvemento.

e) O proxecto da garantía a prestar consonte o disposto no artigo 43 deste regulamento.

4. Recibida a solicitude e documentación a que se refire o número anterior, o centro xestor remitiráa aos servizos de inspección para que efectúen as comprobacións correspondentes.

5. Unha vez concedida a autorización do centro xestor para a instalación do depósito fiscal, a posta en funcionamento deste requirirá a súa inscrición no rexistro territorial da oficina xestora correspondente ao lugar da súa situación e a prestación da correspondente garantía, conforme o disposto nos artigos 40 e 43 deste regulamento, respectivamente.

6. Os depósitos fiscais poderán autorizarse en instalacións habilitadas para almacenar mercadorías en calquera réxime alfandegueiro suspensivo, en locais ou zonas habilitadas como almacéns de depósito temporal ou en zonas e depósitos francos. Tal posibilidade quedará condicionada a que o control das ditas instalacións para os efectos alfandegueiros se integre no sistema informático contable a que se refire a letra e) do número 2 deste artigo de modo que en todo momento sexa posible coñecer o estatuto fiscal ou alfandegueiro das mercadorías introducidas nas ditas instalacións.

7. A instalación e funcionamento dos depósitos fiscais estará sometido ás normas e limitacións contidas neste regulamento, así como ás condicións particulares que en cada caso se establezan con motivo da súa autorización. En particular, poderase exixir dos titulares dos depósitos fiscais, con motivo da autorización, ou nun momento posterior, información relativa aos propietarios dos produtos depositados, na forma que se prevexa no acordo de autorización ou requirimento de que se trate.

8. O incumprimento das normas, limitacións e condicións a que se refire o número anterior, e en particular o incumprimento dos volumes mínimos establecidos na letra a) do número 2 deste artigo, dará lugar á revogación da autorización concedida. Esta revogación implicará, ademais da regularización das existencias dos produtos almacenados, a prohibición de que se efectúen, en réxime suspensivo, as operacións a que se refire o número 1 deste artigo. O anterior entenderase sen prexuízo da posibilidade de adoptar as previsións recollidas no número 8 do artigo 40 deste regulamento.»

Nove. Modifícanse os números 1 a 4 do artigo 12, que quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 12. *Depósitos de recepción.*

1. Os destinatarios rexistrados, para poder recibir produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación, en réxime suspensivo, procedentes do ámbito territorial comunitario non interno, deberán inscribir os depósitos de recepción nos rexistros territoriais das oficinas xestoras correspondentes a cada un destes depósitos.

2. A inscrición dos depósitos de recepción a que se refire o número anterior estará condicionada a que o seu titular reciba habitualmente produtos en réxime suspensivo procedentes do ámbito territorial comunitario non interno. O incumprimento deste requisito poderá dar lugar á baixa do depósito de recepción no rexistro territorial en que se inscribise.

3. Sen prexuízo do disposto no número 5 seguinte, en cada depósito de recepción deberá levarse unha contabilidade de existencias na cal se anoten, no cargo, os produtos recibidos en réxime suspensivo, con indicación da data de recepción, o ARC, clase e cantidade dos produtos e a epígrafe aplicable.

4. As cotas devengadas durante cada período impositivo deberaas ingresar o destinatario rexistrado mediante autoliquidación, no lugar, forma, prazos e impresos que estableza o ministro de Economía e Facenda, salvo cando concorran as circunstancias a que se refire o número 6 seguinte.»

Dez. Modifícanse os números 1 e 4 do artigo 13, que quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 13. *Almacéns fiscais.*

1. As oficinas xestoras poderán autorizar a apertura e funcionamento dun almacén fiscal ás persoas ou entidades que o soliciten.

A solicitude de autorización deberá incluír, en todo caso, o nome e apelidos ou razón social e o número de identificación fiscal do obrigado tributario e, se for o caso, da persoa que o represente, e será presentada ante a oficina xestora correspondente ao lugar no cal se encontre a instalación. Á dita solicitude xuntaráse a seguinte documentación:

- a) Documento que, se for o caso, acredite a representación.
- b) Memoria da actividade que se vai desenvolver.
- c) Plano das instalacións.
- d) A acreditativa das autorizacións que, se for o caso, corresponda outorgar a outros órganos administrativos.
- e) A que acredita estar ao día no cumprimento das súas obrigas fiscais.

A autorización de funcionamento do almacén fiscal poderá revogarse en caso de incumprimento das obrigas establecidas na lei e neste regulamento en relación coa súa instalación e o seu funcionamento, así como nos casos en que os seus titulares deixen de estar ao día no cumprimento das súas obrigas fiscais. A revogación da autorización de funcionamento implicará, se é o caso, a regularización das existencias dos produtos almacenados. O anterior entenderase, sen prexuízo da posibilidade de adoptar as previsións recollidas no número 8 do artigo 40 deste regulamento.

(...)

4. No almacén fiscal deberase levar unha contabilidade de existencias, en cuxo cargo figuren os produtos recibidos, e na data os saídos do almacén, consignando expresamente se se trata de produtos recibidos e expedidos con

imposto devengado a tipo xeral, con exención do imposto ou con aplicación dun tipo reducido. Estes asentos xustificaranse cos correspondentes documentos de acompañamento ou cos documentos que os substitúan segundo o disposto neste regulamento. O conxunto da contabilidade deberá permitir o control de todos os produtos introducidos e almacenados no almacén fiscal e os correspondentes recontos de existencias.»

Once. Introdúcese un novo número 7 no artigo 13, que queda redactado da seguinte forma:

«7. Os establecementos que, de acordo coa normativa do sector de hidrocarburos, só estean autorizados para realizar subministracións a instalacións fixas, terán a consideración de almacéns fiscais, pero só poderán realizar subministracións a consumidores finais.»

Doce. Modifícase o artigo 14, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 14. *Ultimación do réxime suspensivo.*

1. As saídas de fábrica ou depósito fiscal, con destino ao ámbito territorial interno, de produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación non acollidas ao réxime suspensivo rexistraranse na contabilidade de existencias do establecemento e expedírase ben un documento de acompañamento se, en razón do destino, se aplicou algún suposto de exención ou un tipo reducido, ou ben un albará de circulación cando se aplique o tipo impositivo establecido con carácter xeral.

As operacións de autoconsumo que xeren o devengo do imposto deberán quedar igualmente rexistradas na contabilidade de existencias.

2. Cando os produtos saian dunha fábrica ou depósito fiscal con destino á exportación, con saída do territorio da Comunidade por unha alfándega situada no ámbito territorial interno, na casa 7 do documento de acompañamento farase constar o nome da persoa que representa o consignatario no lugar de exportación: na casa 7 a) do dito documento incluírase a mención «Exportación fóra da comunidade» xunto coa alfándega de saída do territorio alfandegueiro da Comunidade; na casa 4 do repetido documento farase constar o código da alfándega de exportación. A alfándega de saída do territorio alfandegueiro da Comunidade devolverá ao depositario autorizado expedidor o exemplar número 3 do documento de acompañamento, unha vez dilixenciado o certificado de exportación con indicación da alfándega e da data de exportación.

3. Os produtos saídos dunha fábrica ou depósito fiscal, en réxime suspensivo, con destino á exportación poderán almacenarse, sen vinculación ao réxime, durante seis meses nun depósito alfandegueiro ou nunha zona ou depósito francos, sen perderen a condición de produtos en réxime suspensivo. Tales introducións deberán contabilizarse no depósito alfandegueiro ou na zona ou depósito francos, con referencia ao documento de acompañamento que xustifica o asento de cargo e ao documento de despacho de exportación que xustifica o asento de data. Durante ese mesmo prazo, estes produtos ou parte deles poderán ser devoltos á fábrica ou depósito fiscal de saída, logo de autorización da oficina xestora en cuxo rexistro territorial se encontra inscrito o establecemento, amparándose a circulación na dita autorización.

Transcorrido ese prazo de seis meses contado desde a data de recepción dos produtos no depósito alfandegueiro ou na zona ou depósito francos, sen que os produtos fosen efectivamente exportados ou devoltos á fábrica ou depósito fiscal de orixe, entenderase ultimado o réxime suspensivo. O titular da fábrica ou do depósito fiscal de saída dos produtos, responsable do cumprimento das obrigas tributarias derivadas desta circunstancia, deberá comunicala, no prazo de quince días naturais, á oficina xestora correspondente ao lugar en que se encontran os produtos para que esta proceda a practicar a correspondente liquidación. Para os efectos que procedan,

considerarase que a ultimación do réxime suspensivo se produciu o primeiro día hábil seguinte ao do vencemento do referido prazo.

No suposto sinalado no parágrafo anterior, os produtos en cuestión só poderán ser retirados do depósito alfandegueiro ou da zona ou depósito francos logo de autorización da oficina xestora correspondente ao lugar en que se encontran, unha vez que esta constatase que se procedeu nos termos sinalados no parágrafo anterior e que as cotas de impostos especiais foron ingresadas. A saída dos produtos deberá ampararse nos documentos previstos regulamentariamente.

4. Se os produtos se vincularen a un réxime alfandegueiro suspensivo para a súa posterior exportación con saída do territorio da Comunidade por unha alfándega situada no ámbito territorial interno, o réxime suspensivo ultimarase ao se producir a vinculación. Na casa 4 do documento de acompañamento farase constar o código da alfándega que autorice a vinculación ao réxime alfandegueiro suspensivo. Esta alfándega certificará no propio documento de acompañamento que os produtos quedaron vinculados a un destes réximes.

5. Nos supostos a que se refire o artigo 3 deste regulamento, o réxime suspensivo ultimarase coa exportación dos produtos compensadores. A saída de tales produtos do territorio da Comunidade acreditarase na forma prevista na normativa alfandegueira.

6. Nos envíos ao ámbito territorial comunitario non interno con destino a un depositario autorizado ou a un destinatario rexistrado, a ultimación do procedemento de circulación intracomunitaria en réxime suspensivo acreditarase mediante unha notificación de recepción dos produtos obxecto dos impostos especiais presentada polo destinatario a través do EMCS.

7. Nos supostos de perdas acaecidas mentres os produtos se encontran en réxime suspensivo superiores ás correspondentes á aplicación das porcentaxes regulamentarias de perdas, observarase o disposto nos artigos 15, 16 e 17 deste regulamento.

8. A circulación de produtos en réxime suspensivo finalizará no momento en que se produce a entrega dos ditos produtos e, no caso de exportación, no momento en que os produtos abandonen o territorio da Comunidade.

9. Nos supostos de exportacións de produtos amparadas en documentos electrónicos de acompañamento desde unha fábrica ou depósito fiscal establecidos no ámbito territorial interno, con saída dos produtos do territorio da Comunidade por unha alfándega non situada no dito ámbito territorial, cando a Axencia Estatal de Administración Tributaria reciba a notificación de exportación que lle deberán remitir ás autoridades competentes do Estado membro de saída dos produtos do territorio da Comunidade, procederá á súa remisión ao titular da fábrica ou depósito fiscal desde o cal se realice a exportación.

Nos supostos de exportacións de produtos amparadas en documentos electrónicos de acompañamento desde unha fábrica ou depósito fiscal establecidos no ámbito territorial comunitario non interno, con saída dos produtos do territorio da Comunidade por unha alfándega situada no ámbito territorial interno, a Axencia Estatal de Administración Tributaria, sobre a base do visado expedido pola alfándega española de saída, mencionado no artigo 793, número 2, do Regulamento CEE 2454/93, da Comisión, certificando que os produtos abandonaron o territorio da Comunidade, efectuará unha notificación de exportación e enviaráa ás autoridades competentes do Estado membro en que se encontra a fábrica ou depósito desde o que se realiza a exportación.

10. A proba de que unha circulación intracomunitaria en réxime suspensivo de produtos obxecto de impostos especiais finalizou, malia o disposto no artigo 32 bis, constitúe a notificación de recepción prevista no artigo 32.A.2 deste regulamento ou, se for o caso, a notificación de exportación prevista no número 9 anterior.

11. Non obstante o previsto no número anterior, e no caso da circulación intracomunitaria, en ausencia da notificación de recepción ou, se for o caso, da

notificación de exportación por motivos distintos aos expostos no artigo 32 bis, a proba de que a circulación finalizou poderá achegarse mediante unha confirmación por parte das autoridades competentes do Estado membro de destino, sobre a base de probas adecuadas, que indique que os produtos chegaron efectivamente ao seu destino declarado ou, no caso de exportación, mediante unha confirmación por parte das autoridades competentes do Estado membro en que está situada a alfándega de saída do territorio da Comunidade en que se certifique a saída do territorio da Comunidade dos referidos produtos.

Para estes efectos, constituirán elementos probatorios adecuados todo documento presentado polo destinatario que conteña os mesmos datos que a notificación de recepción ou que a notificación de exportación.

Cando a Axencia Estatal de Administración Tributaria admitise a proba adecuada de acordo co parágrafo anterior, dará por ultimada a circulación no EMCS.

En ausencia de notificación de recepción, o centro xestor, por solicitude do expedidor na cal probe que non puido obtela polos medios que se encontran á súa disposición, poderá iniciar os procedementos previstos no Regulamento CE 2073/2004, do Consello, de 16 de novembro, relativo á cooperación administrativa en materia de impostos especiais.»

Trece. Modifícase o número 3 do artigo 15, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 15. *Perdas dentro de fábricas e depósitos fiscais.*

(...)

3. Cando as diferenzas que excedan das admisibles resulten en recontos efectuados pola Administración, se a diferenza for en máis, sancionarse como unha infracción tributaria grave de índole contable e rexistral, salvo que sexa aplicable algunha sanción especial prevista expresamente, debendo regularizarse a contabilidade mediante o correspondente asento de cargo. Se a diferenza for en menos, practicarase a correspondente liquidación e sancionarse como infracción tributaria grave.»

Catorce. Modifícase a letra B) do artigo 16, que queda redactada da seguinte forma:

«Artigo 16. *Perdas na circulación.*

(...)

B) Perdas na circulación intracomunitaria.

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 17 deste regulamento, as perdas a que se refire o artigo 1.12 deste regulamento, ocorridas durante a circulación intracomunitaria tanto en réxime suspensivo como fóra del, determinaranse mediante a diferenza existente entre a cantidade consignada no documento de circulación utilizado e a cantidade que reciba o destinatario no ámbito territorial interno ou se presente nunha alfándega española para a súa saída do territorio da Comunidade.

O anterior enténdese sen prexuízo das diferenzas que poidan resultar das comprobacións efectuadas no curso da circulación.

Considérase que se produciu unha irregularidade cando existan perdas distintas das que dan lugar a supostos de non suxeición.

2. Cando calquera servizo competente da Administración española comprobe a existencia de perdas no curso dunha circulación con orixe ou destino no ámbito territorial interno, fará constar o montante das perdas verificadas en dilixencia da que se dará traslado á oficina xestora competente por razón do territorio, así como ao centro xestor.

3. Cando as perdas se comproben no curso dunha circulación con orixe e destino fóra do ámbito territorial interno, a dilixencia en que se faga constar o montante das perdas verificadas deberá remitirse ao centro xestor.

O centro xestor informará, se for o caso, o Estado membro de expedición.»

Quince. Modifícase o artigo 17, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 17. *Irregularidades na circulación intracomunitaria.*

1. Se, de acordo co disposto no artigo 17 da lei, a irregularidade deu lugar a que se produza o devengo do imposto especial no ámbito territorial interno, o órgano competente iniciará o procedemento para a liquidación da débeda tributaria e comunicarao ao centro xestor para que, se for o caso, informe as autoridades competentes dos Estados membros de expedición e de destino ou só un deles, segundo proceda.

2. Cando non se dean as circunstancias previstas no artigo 17 da lei para considerar que o devengo do imposto especial se produciu no ámbito territorial interno, a oficina xestora correspondente informará da dita irregularidade ao centro xestor para que, se é o caso, informe as autoridades competentes do Estado membro de expedición.

3. Cando os produtos enviados desde o ámbito territorial interno con destino ao ámbito territorial comunitario non interno ou a un país terceiro ou territorio terceiro, non cheguen ao seu destino ou non saian efectivamente do territorio da Comunidade e non sexa posible determinar o lugar en que se produciu a irregularidade, transcorridos catro meses a partir de expedición sen que se presentase proba suficiente da regularidade da operación ou do lugar en que se cometeu realmente a irregularidade, considerarase que esta se produciu dentro do ámbito territorial interno, e iniciárase o procedemento para a liquidación da débeda tributaria.

4. Se dentro do prazo de tres anos a partir da data de comezo dunha circulación chegar a determinarse que se produciu unha irregularidade no ámbito territorial interno determinante do devengo do imposto especial, o órgano competente practicará a liquidación correspondente e comunicarao ao centro xestor para que informe as autoridades competentes do Estado membro de saída e, se é o caso, as do Estado membro en que inicialmente se satisfíxese o imposto.

5. Cando se presumise que unha irregularidade na circulación se produciu no ámbito territorial interno e se procedese ao cobramento do correspondente imposto especial, se no prazo de tres anos desde o comezo da dita circulación se presentase a proba da regularidade da operación ou de que a irregularidade se producira fóra do ámbito territorial interno, a oficina xestora competente acordará a devolución da débeda ingresada.

6. Cando se trate dunha expedición iniciada no ámbito territorial interno, con devengo do imposto no dito territorio e destino no ámbito territorial comunitario non interno e se produza unha irregularidade fóra do ámbito territorial interno que implique a recadación do imposto polo Estado membro onde aquela se produciu ou comprobou, a Administración tributaria española procederá á devolución dos impostos especiais percibidos, unha vez que se acheguen probas da percepción de tales impostos no dito Estado membro.

7. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo das sancións que, se for o caso, puideren corresponder.»

Dezaseis. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 18, que quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 18. *Repercusión.*

(...)

2. Cando a consignación separada da repercusión do imposto na forma indicada no número anterior perturbe substancialmente o desenvolvemento das actividades dos titulares das fábricas ou depósitos fiscais, o centro xestor poderá autorizar, logo de solicitude das persoas ou sectores afectados, a repercusión do imposto dentro do prezo, debendo facerse constar no documento a expresión «Imposto especial incluído no prezo».

3. Nos casos de vendas directas efectuadas a consumidores finais por suxeitos pasivos que non estean obrigados, de acordo co disposto no número 1, a consignar separadamente a repercusión do imposto, o centro xestor poderá, se o solicitaren, dispensalos da obriga de incluír no documento ou factura a expresión «Imposto especial incluído no prezo», sempre que a inclusión desta perturbe o desenvolvemento das súas actividades.»

Dezasete. Modifícase o artigo 19, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 19. *Réxime xeral da circulación.*

1. Salvo nos casos e coas condicións previstas nos números 2, 3 e 4 seguintes, os produtos obxecto de impostos especiais de fabricación circularán polo seu ámbito territorial ao amparo de documentos de circulación. Tales documentos deberán ser presentados por requirimento dos axentes da Administración.

2. Non precisarán documento que ampare a súa circulación os produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación que se importen con aplicación das exencións previstas no artigo 21, número 2, no artigo 51, números 5 e 6, e no artigo 61, número 2, da lei.

3. As adquisicións de produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación que, no seu ámbito territorial, os particulares efectúen para o seu propio consumo e transporten eles mesmos non precisarán documento que ampare a súa circulación sempre que non se destinen a fins comerciais consonte as seguintes normas:

a) Adquisicións efectuadas no ámbito territorial comunitario non interno.

Cando os bens adquiridos:

1.º Non excedan as cantidades que figuran no número 9 do artigo 15 da lei se se trata de bebidas alcohólicas ou de tabaco, ou de 5 litros se se trata de alcohol non desnaturalizado ou de alcohol totalmente desnaturalizado.

2.º Non circulen mediante formas de transporte atípicas, tal e como se definen no número 10 do artigo 15 da lei, se se trata de hidrocarburos e sen prexuízo do disposto no parágrafo 3.º seguinte.

3.º Non excedan os 40 quilogramos de contido neto se se trata de gases licuados de petróleo en bombonas ou de 20 quilogramos se se trata de queroseno.

b) Adquisicións efectuadas a retalistas no ámbito territorial interno. Cando os bens adquiridos:

1.º Non excedan as cantidades que figuran no número 9 do artigo 15 da lei se se trata de bebidas alcohólicas ou de tabaco. Non obstante, cando excedan as ditas cantidades e se trate de bebidas derivadas ou de cigarros, o único documento de circulación exigible será a correspondente marca fiscal de que deberán ir provistos.

2.º Non excedan os 5 litros se se trata de alcohol non desnaturalizado ou de alcohol totalmente desnaturalizado.

3.º Non excedan os 200 litros ou quilogramos e non circulen mediante formas de transporte atípicas, tal e como se definen no número 10 do artigo 15 da lei, se se trata de hidrocarburos e sen prexuízo do disposto no número seguinte.

4.º Non excedan os 40 quilogramos de contido neto se se trata de gases licuados de petróleo en bombonas ou de 20 quilogramos se se trata de queroseno.

4. As adquisicións de produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación que efectúen a retalistas situados no ámbito territorial interno outros comerciantes ou empresarios consumidores establecidos no dito ámbito non precisarán de documento de circulación nas mesmas condicións que as establecidas para os particulares no número anterior, salvo cando se trate de elaborados de tabaco que son adquiridos en expendedorías por titulares de establecementos autorizados para a venda con recarga, suposto en que o titular da expendedoría deberá expedir un albará de circulación.

5. As compañías de ferrocarrís e empresas de transportes en xeral estarán obrigadas a mostrar aos axentes da Administración encargados especialmente da vixilancia da circulación dos produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación os libros de facturación e de chegada das mercadorías, as follas de ruta e demais documentos e xustificantes relacionados co transporte.

6. Sen prexuízo das disposicións nacionais e comunitarias en materia de réximes alfandegueiros, considerarase que están en réxime suspensivo os produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación cando sexan enviados con procedencia no ámbito territorial interno e destino no ámbito territorial comunitario non interno ou viceversa,

a) A través dun Estado membro da Asociación Europea de Libre Comercio (EFTA), ao amparo do réxime de tránsito comunitario interno, ou

b) A través dun ou varios Estados non pertencentes á Unión Europea nin á Asociación Europea de Libre Comercio (EFTA), ao amparo dun caderno TIR (convenio TIR) ou dun caderno ATA (convenio ATA).

7. A circulación de produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación fóra de réxime suspensivo que se inicie e finalice no ámbito territorial interno a través do territorio doutro Estado membro deberá ampararse por un documento simplificado de acompañamento. Ademais, o expedidor e destinatario dos bens gravados deberán comunicar a expedición e recepción daqueles ás oficinas xestoras de que dependan.

8. A circulación desde o lugar de importación a un destino no ámbito territorial interno de produtos despachados de importación con devengo do imposto a tipo xeral realizarase ao amparo do documento alfandegueiro correspondente, sen prexuízo da exixencia, se for o caso, de marcas fiscais.

9. O centro xestor poderá autorizar, por solicitude do interesado, a utilización de procedementos simplificados de circulación en réxime suspensivo entre establecementos do mesmo titular, sempre que a circulación teña lugar integramente no ámbito territorial interno.»

Dezaoito. Modifícase o artigo 20, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 20. *Competencia para a expedición de documentos de circulación.*

1. Con carácter xeral, os documentos de circulación serán expedidos polos titulares dos establecementos desde os cales se inicie a circulación.

2. Cando se trate de envíos ao ámbito territorial comunitario non interno polo procedemento de envíos garantidos, o documento simplificado de acompañamento será expedido polo empresario que efectúe o envío no dito procedemento.

3. Nos casos de importación, o documento de circulación que proceda será expedido polo expedidor rexistrado.

4. Nos despachos a libre práctica de produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación vinculados ao réxime de depósito alfandegueiro e almacenados nun depósito alfandegueiro privado, o documento de circulación será expedido polo titular do dito depósito.»

Dezanove. Modifícase o artigo 21, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 21. *Clases de documentos de circulación.*

1. Os documentos aptos para amparar a circulación de produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación son os seguintes:

- a) Documento administrativo electrónico.
- b) Documento de acompañamento de emerxencia.
- c) Documento de acompañamento, administrativo ou comercial.
- d) Documento simplificado de acompañamento.
- e) Recibos e comprobantes de entrega.
- f) Marcas fiscais.
- g) Albarás de circulación.
- h) Documentos alfandegueiros.

2. Nos supostos de expedición dun documento de circulación en soporte papel, cando neste regulamento se faga unha referencia a determinados exemplares dos documentos de acompañamento ou dos documentos simplificados de acompañamento, considerarase feita, así mesmo, ás correspondentes copias dos documentos comerciais, cando poidan expedirse estes últimos en lugar dos administrativos.

3. Nos supostos de expedición dun documento de circulación en soporte papel, en caso de extravío dun documento de circulación fará as súas veces unha fotocopia dilixenciada polo expedidor do exemplar do documento de circulación que consta no seu poder. De se tratar dun documento de acompañamento, a dita fotocopia deberá ser visada pola oficina xestora correspondente ao establecemento de saída dos produtos.»

Vinte. Modifícase o artigo 22, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 22. *Documento de acompañamento.*

1. O documento de acompañamento amparará a circulación dos produtos obxecto de impostos especiais de fabricación con orixe e destino no ámbito territorial interno nos seguintes casos:

- a) Circulación en réxime suspensivo.
- b) Circulación de produtos polos que o devengo do imposto se prodúcese a un tipo reducido ou polos que resulte aplicable unha exención en razón do seu destino, coas seguintes excepcións:

1.^a Cando se trate de avituallamentos de combustibles e carburantes a aeronaves e embarcacións, desde fábricas, depósitos fiscais, almacéns fiscais e puntos de subministración autorizados, situados en aeroportos e portos, a circulación ampararase cos comprobantes de entrega ou recibos de entrega establecidos nos artigos 101, 102 e 110 deste regulamento, incluso cando para efectuar a subministración da aeronave ou embarcación os combustibles ou carburantes deban circular por estrada ou por vías marítimas ou fluviais percorrendo unha distancia non superior a 50 quilómetros. Nestes supostos farase constar nos comprobantes de entrega ou recibos de entrega citados o percorrido que se efectuará, a hora de saída e o prazo necesario para chegar ao destino.

2.^a Cando se trate de hidrocarburos polos que se devengou o imposto a un tipo impositivo reducido e que sexan vendidos por un retallista a un consumidor final non procederá a expedición de documento de acompañamento. O disposto neste parágrafo enténdese sen prexuízo do cumprimento do establecido nos artigos 19, 106, 107 e 108 deste regulamento.

3.^a Cando resulte aplicable o procedemento de vendas en ruta de acordo co disposto no artigo 27.

4.^a Cando se trate de produtos relacionados na tarifa 2.^a do número 1 do artigo 50 da lei aos cales se aplique a exención prevista no número 1 do artigo 51 da dita lei.

5.^a Cando se trate de gasóleo ao cal se aplique o tipo establecido na epígrafe 1.4 que se traslade desde o lugar onde radique a actividade empresarial dos consumidores finais autorizados, de acordo co establecido no artigo 106, ata as distintas instalacións en que se poden encontrar as maquinarias que precisen repoñer carburante. Nestes casos, a circulación do gasóleo ampararase na autorización a que se refire a letra c) do número 4 do artigo 106 e nun albará por cada instalación no cal se anotarán, para cada máquina e unha vez efectuada a operación, os datos identificativos e o volume de carburante repostado.

c) Circulación de produtos importados por alfándegas situadas no ámbito territorial interno e despachados a libre práctica desde a alfándega de despacho ata o lugar de destino no ámbito territorial interno, en réxime suspensivo ou con aplicación dunha exención ou un tipo reducido.

Non será necesario expedir documento de acompañamento nos supostos de importacións de produtos que se descarguen por canalizacións fixas directamente en instalacións habilitadas como fábrica ou depósito fiscal.

2. O documento de acompañamento utilizarase conforme as seguintes normas xerais:

a) Nos supostos de circulación a que se refire o número anterior poderá utilizarse un documento de acompañamento administrativo ou comercial.

b) A numeración de referencia dos documentos será independente e única para cada establecemento de saída e realizarase secuencialmente por anos naturais, con independencia de que se trate de documentos administrativos ou comerciais. Non obstante, cando no establecemento existan varios puntos de saída, a oficina xestora poderá autorizar o establecemento dunha serie de numeración por cada un dos ditos puntos.

Cando se trate de documentos de acompañamento expedidos con motivo de operacións de despacho a libre práctica, utilizarase como número de referencia o correspondente ao DUA co que se formalizou o despacho alfandegueiro.

O documento deberá ser asinado polo expedidor ou persoa que o represente salvo cando sexa expedido por procedementos informáticos autorizados no marco do sistema informático contable a que se refire o número 3 do artigo 50 deste regulamento e fose autorizada a dispensa de sinatura pola oficina xestora.

c) Un documento de acompañamento pode comprender diversas categorías de produtos distintos, sempre que se envíen a un mesmo destinatario e establecemento autorizado.

d) No documento de acompañamento farase constar a hora de saída do establecemento, así como o período previsto de duración do transporte. Este período calcularase tendo en conta o medio de transporte utilizado e a distancia que se vai percorrer.

e) O transporte entenderase realizado, salvo causa xustificada, pola ruta ordinaria e sen máis interrupcións que as exixidas pola normativa relativa ao transporte de mercadorías por estrada. Cando isto non ocorra, deberá consignarse nos documentos de acompañamento a ruta que se vai seguir e as interrupcións previstas, e fixarase a duración do transporte de acordo con estas circunstancias.

3. O centro xestor poderá autorizar que deixen de cubrirse determinadas casas do documento.

4. Non obstante o establecido no número 1 deste artigo, o centro xestor poderá dispensar da obriga de expedir documento de acompañamento nos supostos de circulación interna por canalizacións fixas e naqueles outros supostos en que se considere inapropiada a utilización de tales documentos.

5. O ministro de Economía e Facenda poderá establecer que en todos ou nalgúns dos supostos de circulación con orixe e destino o ámbito territorial interno en que proceda a expedición dun documento de acompañamento este conteña unha copia suplementaria que sexa enviada ou posta á disposición da Administración tributaria con anterioridade ao inicio da circulación que o dito documento vaia amparar. Os casos en que a dita obriga sexa exixible e as modalidades de envío ou posta á disposición da Administración tributaria da referida copia suplementaria serán determinadas polo ministro de Economía e Facenda.

Así mesmo, o ministro de Economía e Facenda poderá dispoñer que todos ou algúns dos envíos en réxime suspensivo, con aplicación dunha exención ou a tipo reducido, con orixe e destino o ámbito territorial interno, se realicen a partir do envío dun borrador de documento administrativo electrónico, de acordo co procedemento establecido neste regulamento para este sistema.»

Vinte e un. Modifícase o artigo 25, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 25. *Documentos alfandegueiros.*

1. A circulación de produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación polo ámbito territorial interno, vinculados a un réxime alfandegueiro suspensivo ou mentres manteñan o estatuto alfandegueiro de mercadorías en depósito temporal quedará amparada, para os efectos deste regulamento, polo documento previsto na normativa alfandegueira. Así mesmo, utilizarase o documento alfandegueiro de despacho para amparar a circulación de produtos despachados de importación con devengo do imposto especial a tipo xeral desde o lugar de importación no ámbito territorial interno a un destino no mesmo ámbito.

2. Sen prexuízo do establecido no número 8. c) do artigo 26 seguinte, o talón de débito por declaración verbal amparará a circulación dos bens importados nos casos en que, segundo o disposto na normativa alfandegueira, a importación se formalice no dito documento.

3. As posibles indicacións complementarias que deban figurar nos documentos de transporte ou nos documentos comerciais que sirvan de documentos de tránsito, así como as modificacións necesarias para adaptar o procedemento de ultimación, cando os bens obxecto de impostos especiais de fabricación circulen ao amparo dun procedemento simplificado de tránsito comunitario interno, determinaranse conforme o procedemento previsto no artigo 43 da Directiva 2008/118/CE.»

Vinte e dous. Modifícase o artigo 26, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 26. *Marcas fiscais.*

1. Con independencia dos requisitos que se deban cumprir en materia técnico-sanitaria e de etiquetaxe e envasado, as bebidas derivadas e os cigarros que circulen, fóra de réxime suspensivo, cun destino dentro do ámbito territorial interno que non sexa unha planta embotelladora ou envasadora independente deberán ir en recipientes ou envases provistos dunha precinta de circulación ou outra marca fiscal nas condicións previstas neste regulamento.

Non obstante, non precisarán ir provistos de precinta ou marca fiscal os envases de capacidade non superior a 0,5 litros que conteñan bebidas derivadas cuxa graduación non exceda o 6 por 100 vol. e os envases de ata 1 decilitro, calquera que sexa a súa graduación.

2. As precintas son documentos timbrados e numerados suxeitos ao modelo aprobado polo ministro de Economía e Facenda. Confeccionaranse a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre e deberán adherirse aos recipientes ou envases consonte as seguintes normas:

a) Cando se trate de recipientes de bebidas derivadas, as precintas adheriranse sobre os seus tapóns ou peches, de forma que non poidan ser abertos sen rompelas.

Non obstante, cando se trate de envases de capacidade non superior a medio litro que se agrupen acondicionados para a súa venda ao retallo en estoxos cuxo contido total de bebidas derivadas non exceda os 5 litros, poderá adherirse ao estoxo unha única precinta correspondente a unha capacidade igual ou superior ao contido total de bebidas derivadas que o conforman.

b) Cando se trate de cigarros, as precintas incorporaranse no paquete que constituía unidade de venda para o consumidor de forma que non poidan ser desprendidas antes de que este faga uso do elaborado, situándose por debaixo da envoltura transparente ou translúcida que, se é o caso, rodee o paquete.

3. O ministro de Economía e Facenda poderá autorizar que as precintas, coas garantías necesarias, poidan ser substituídas por outro tipo de marcas.

4. A subministración de precintas ás oficinas xestoras farase a través do centro xestor, logo de petición destas, tendo ao seu cargo as ditas oficinas canto se relacione cos pedidos, entrega e custodia.

5. Os fabricantes e titulares de depósitos fiscais e de depósitos de recepción formularán os oportunos pedidos de precintas en escrito suxeito ao modelo que aprobe o ministro de Economía e Facenda, á oficina xestora en que estea rexistrado o establecemento onde se van colocar. Esta oficina, se procede, autorizará a entrega das precintas pedidas, o que se realizará baixo recibo, anotando a súa cantidade e numeración.

As marcas fiscais deberán ser adheridas aos recipientes ou envases por parte de quen as recibise da oficina xestora, salvo que se adhiran en orixe, fóra do ámbito territorial interno, ou que se remitan para seren adheridas nunha planta embotelladora independente.

Fóra dos casos anteriores non se permite o traspaso entre distintos establecementos ou operadores de marcas fiscais sen adherir aos recipientes ou envases a que están destinadas.

Non obstante, nos casos en que unha mesma persoa sexa titular de varios establecementos e preste a garantía global a que se refire o número 2 do artigo 45 deste regulamento, as precintas retiradas da oficina xestora ante a cal se constituíu a garantía global poderán ser colocadas en calquera das fábricas ou depósitos fiscais que comprende a dita garantía global.

6. A entrega de precintas efectuarse, sempre que se cumpra o establecido en materia de garantías, conforme as seguintes normas:

a) Dentro de cada mes natural, a oficina xestora entregará, como máximo, un número de precintas tal que o importe das cotas teóricas correspondentes ás bebidas derivadas ou cigarros a que se puideren aplicar as ditas precintas non sexa superior ao importe resultante do disposto nos números 2, 3 ou 7 do artigo 43 deste regulamento multiplicado polo coeficiente:

- 1.º 1,4 se se trata de bebidas derivadas para fábricas e depósitos fiscais.
- 2.º 4,2 se se trata de bebidas derivadas para depósitos de recepción.
- 3.º 83,4 se se trata de cigarros para fábricas e depósitos fiscais.
- 4.º 166,8 se se trata de cigarros para depósitos de recepción.

A oficina xestora non atenderá peticións de precintas en cantidade que supere este límite salvo que se preste unha garantía complementaria do 75 por 100 da cota polo exceso.

b) As precintas que, sendo susceptibles de seren entregadas conforme o disposto na letra a), non fosen solicitadas polos interesados, poderán ser entregadas dentro dos tres meses seguintes do mesmo ano natural.

c) Se o interesado non está ao día no pagamento da súa débeda tributaria polo concepto correspondente dos impostos especiais de fabricación, deberá prestar unha garantía especial que responderá exclusivamente da totalidade das cotas teóricas que se puidesen devengar en relación cos produtos para os cales se solicitan as precintas.

No caso de que a prestación desta garantía poida prexudicar gravemente a continuidade da actividade, o delegado da Axencia Estatal de Administración Tributaria poderá dispensar desta obriga, sen prexuízo da posibilidade de adopción de medidas cautelares na súa substitución, nos termos establecidos no Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, para os aprazamentos e fraccionamentos de pagamento.

d) Para os efectos do disposto neste artigo entenderase por cotas teóricas:

1.º En relación coas bebidas derivadas, as que se devengarían á saída de fábrica ou depósito fiscal, con ultimación do réxime suspensivo e sen aplicación de exencións, dunhas bebidas derivadas coa graduación media das elaboradas ou almacenadas polo interesado durante o ano natural anterior e embotelladas nos envases de maior capacidade segundo tipos de precintas.

2.º En relación cos cigarros, as que se devengarían á saída de fábrica ou depósito fiscal, con ultimación do réxime suspensivo e sen aplicación de exencións, duns cigarros cun prezo de venda ao público igual ao da media dos fabricados ou almacenados polo interesado.

e) As garantías complementaria e especial a que respectivamente aluden as letras a) e c) anteriores desafectaranse cando, respecto dunha cantidade de bebidas derivadas ou cigarros a que serían aplicables as precintas cuxa retirada ampararon as ditas garantías, se acredite, alternativamente:

1.º O pagamento da débeda tributaria correspondente.

2.º A súa recepción noutra fábrica ou depósito fiscal onde haxa prestada unha garantía que cubra as cotas teóricas correspondentes á cantidade de bebidas derivadas ou cigarros que se van recibir.

f) Cando se apliquen as marcas aos produtos suxeitos a impostos especiais, todo importe garantido para a obtención destas será liberado se os impostos especiais se devengaron e recadaron noutro Estado membro.

7. Cando o embotellamento das bebidas derivadas ou o envasado dos cigarros se realice fóra de fábrica ou depósito fiscal, o depositario autorizado, baixo a súa responsabilidade, proverá á planta envasadora das precintas necesarias.

8. Na importación de bebidas derivadas e cigarros, a colocación das precintas efectuarase, á escolla do importador, na forma e baixo as condicións seguintes:

a) Con carácter xeral:

1.º Na alfándega de importación, que subministrará as necesarias.

2.º En destino. Neste caso, o expedidor rexistrado no suposto de despacho de importación con aplicación dunha exención, ou o importador, nos supostos de despacho de importación a tipo pleno, farán constar no documento de acompañamento que os recipientes ou envases carecen de precintas, así como o número dos importados. A oficina xestora correspondente ao punto de destino proverá os servizos de intervención ou inspección do número necesario de precintas para que, baixo o seu control, sexan colocadas no local designado polo importador, expedindo a correspondente dilixencia.

3.º En orixe. Se o importador opta por que as precintas se coloquen na fábrica de orixe, a oficina xestora correspondente ao seu domicilio proverá as precintas necesarias, logo de prestación de garantía por un importe do 100 por 100 das cotas

que corresponderían á cantidade de bebidas derivadas ou cigarros a que se puideren aplicar. Para o cálculo do importe que se vai garantir, se se trata de bebidas derivadas, suporase que tales bebidas teñen unha graduación do 40 por 100 vol. e que están embotelladas nos envases de maior capacidade, segundo o tipo de precintas. Se se trata de cigarros, o prezo que se utilizará para o cálculo da garantía será o fixado polos fabricantes ou importadores para a clase de cigarros máis vendida.

A importación das bebidas derivadas ou cigarros coas precintas adheridas ou a devolución destas últimas deberase efectuar no prazo de seis meses, contados desde a data da súa entrega. Este prazo poderá prorrogarse por un período sempre inferior ao que reste de vixencia á garantía prestada, salvo que se preste nova garantía. Se, transcorrido o citado prazo e, se é o caso, a súa prórroga, non se producir a importación ou devolución, procederase á execución das garantías prestadas.

b) Cando as bebidas derivadas ou cigarros sexan importados, por un depositario autorizado, para a súa introdución nunha fábrica ou depósito fiscal, as precintas poderán ser colocadas en destino ou en orixe. En ambos os casos, seranlle proporcionadas ao interesado pola oficina xestora que corresponda ao domicilio da fábrica ou depósito fiscal, coas condicións xerais previstas nos números 5 e 6 deste artigo.

Cando as precintas se coloquen en orixe, a importación das bebidas derivadas ou os cigarros coas precintas adheridas ou a devolución destas últimas deberase efectuar no prazo de seis meses, contados desde a data da súa entrega. Este prazo poderá prorrogarse, logo de prestación de garantía polo importe a que se refire o número 3.º da letra a) deste número. Se, transcorrido o citado prazo e, se for o caso, a súa prórroga, non se producise a importación ou devolución, procederase á execución das garantías prestadas.

c) Cando se trate de bebidas derivadas e cigarros cuxa importación se formalice mediante talón de débito por declaración verbal, non será precisa a colocación de precintas se as cantidades importadas non exceden os 10 litros ou os 800 unidades respectivamente.

9. Nos supostos de recepción de bebidas derivadas ou cigarros procedentes do ámbito territorial comunitario non interno aplicaranse as regras seguintes:

a) Recepción en réxime suspensivo ou polo procedemento de envíos garantidos: será de aplicación o establecido na letra b) do número 8 anterior, e as precintas entregaraas a oficina xestora que corresponda á fábrica, depósito fiscal, destinatario rexistrado ou receptor autorizado que corresponda.

b) Recepción polo procedemento de vendas a distancia: as precintas deberán ser colocadas en orixe e entregaraas ao representante fiscal a oficina xestora onde este figure inscrito e con cargo á garantía que ten prestada.

10. Cando, nos casos a que se refire o número 9 anterior, non se produza a recepción das bebidas derivadas ou cigarros coas precintas adheridas ou ben na devolución destas últimas cos prazos previstos na letra b) do número 8 anterior, procederase á execución das garantías prestadas salvo cando a falta de recepción ou devolución sexa debida á destrución das precintas por caso fortuíto ou forza maior e sempre que isto conste de forma que faga fe, especialmente, mediante certificación para o efecto expedida pola autoridade fiscal do Estado membro onde ocorre a destrución. Para estes efectos, terase en conta a perda do 0,5 por 1.000 das precintas utilizadas aínda que non se poidan presentar para a súa destrución.

No suposto de irregularidades na circulación intracomunitaria cuxa resolución teña lugar con posterioridade á execución da garantía pero dentro dos prazos sinalados na letra b) do número 8 anterior, observarase o previsto no número 5 do artigo 17 deste regulamento.

11. Cando, nos casos previstos nos números 8 e 9 anteriores, a importación ou recepción das bebidas derivadas ou cigarros se produza na demarcación dunha oficina xestora distinta da que efectuou a entrega das precintas para a súa colocación en orixe, aquela comunicará a esta tal circunstancia para os efectos correspondentes.

12. Polo menos unha vez ao ano os servizos de inspección ou, se é o caso, de intervención efectuarán reconto de precintas nos establecementos a cuxos titulares lles fosen entregadas. Para os efectos do dito reconto admitirase a baixa en contabilidade sen ulteriores consecuencias das seguintes precintas:

a) As que se presenten ao servizo de intervención deterioradas, procederase á súa destrución.

b) As que representen o 0,5 por 1000 das utilizadas aínda que non poidan presentarse para a súa destrución.

c) As que, nos termos do artigo 14 deste regulamento, se acredite que foron destruídas por caso fortuíto ou forza maior e sempre que a destrución fose comunicada inmediatamente á oficina xestora e con anterioridade á realización do reconto.

13. Os destinatarios de expedicións de bebidas derivadas ou cigarros, que as reciban sen que todos ou parte dos recipientes ou envases leven adheridas as marcas fiscais exixidas para amparar a circulación, deberán comunicar esta circunstancia, inmediatamente, á oficina xestora correspondente ao lugar de recepción.

14. Os titulares das fábricas e depósitos fiscais levarán un libro de conta corrente en que reflectirán, se for o caso, as marcas fiscais que lles son entregadas e as que van sendo adheridas aos correspondentes recipientes ou envases.

Levarán tamén un libro en que se contabilizará o movemento de recipientes ou envases existentes no establecemento coas marcas fiscais xa adheridas. No cargo anotarase, se é o caso, os recipientes ou envases aos cales lles van sendo adheridas as marcas fiscais no propio establecemento así como, se é o caso, os que se reciban nel coas marcas fiscais xa adheridas. Na data anotarán os recipientes ou envases que saian do establecemento coas marcas fiscais xa adheridas, distinguindo segundo se trate de saídas en réxime suspensivo, caso en que se fará referencia ao CAE do establecemento de destino, ou de saídas con devengo do correspondente imposto.

Estes libros serán habilitados pola oficina xestora correspondente á demarcación do peticionario.

Non obstante o disposto na letra b) do número 6 deste artigo, as existencias de marcas fiscais en fábrica ou depósito fiscal, tanto das xa adheridas aos recipientes ou envases como das que aínda non fosen adheridas, non poderá ser en ningún momento superior, en máis dun 100 por 100, ao número máximo de precintas que lle poidan ser entregadas durante cada mes, segundo o sinalado na letra a) do número 8 deste artigo, salvo que se preste unha garantía complementaria polo 100 por 100 das cotas teóricas que correspondan ás precintas que vaian exceder o dito límite. Esta garantía complementaria será cancelada, se for o caso, no momento en que as existencias de marcas fiscais existentes no establecemento deixe de ser superior, en máis dun 100 por 100, ao número de precintas que, como máximo, lle poidan ser entregadas mensualmente ao seu titular.

Nos controis e recontos de marcas fiscais practicados pola Administración en establecementos non suxeitos a intervención admitirase a baixa en contabilidade das previstas no número 12.

15. Nos supostos de exportación e nos de envío, por calquera procedemento de circulación intracomunitaria, ao ámbito territorial comunitario non interno, de produtos que incorporen precintas de circulación, será requisito previo para que as ditas operacións se consideren autorizadas e, se é o caso, para que o réxime

suspensivo se considere ultimado, que tales precintas se inutilicen ou destrúan, baixo control da Administración tributaria, previamente á saída do ámbito territorial interno. Tal destrución ou inutilización levarase a cabo polo procedemento previsto no parágrafo segundo do número 5 do artigo 6.

16. A circulación en réxime suspensivo de bebidas derivadas ou cigarros que leven adheridas marcas fiscais entre fábricas e depósitos fiscais, ou entre establecementos dun só tipo dos precedentes, situados no ámbito territorial interno, non poderá realizarse sen que o establecemento de destino conte con garantía suficiente para amparar as marcas fiscais recibidas, tal e como se establece no número 6.b) deste artigo. O centro xestor desenvolverá o procedemento e as normas de control que sexan aplicables a estes casos.

O sinalado no parágrafo anterior será tamén aplicable a supostos de recepción, en fábricas ou depósitos fiscais situados no ámbito territorial interno, de recipientes ou envases que conteñan bebidas derivadas ou cigarros, coas marcas fiscais adheridas, procedentes do ámbito territorial comunitario non interno ou de alfándegas de importación tras o seu despacho a libre práctica.»

Vinte e tres. Modifícase o artigo 27, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 27. *Vendas en ruta.*

1. Con carácter xeral, a saída de produtos de fábrica, depósito fiscal ou almacén fiscal poderá efectuarse polo procedemento de vendas en ruta sempre que se devengase o imposto con aplicación dun tipo ordinario ou reducido. A oficina xestora poderá autorizar o procedemento de vendas en ruta para a realización de avituallamentos de carburantes e combustibles a aeronaves e embarcacións con aplicación dunha exención.

Non obstante, o gasóleo non poderá ser enviado polo procedemento de vendas en ruta a un almacén fiscal ou a un retalista cando se devengase o imposto con aplicación do tipo reducido previsto na epígrafe 1.4 do número 1 do artigo 50 da lei.

2. Para a aplicación do disposto no número anterior deberanse cumprir as seguintes condicións:

a) O expedidor deberá dispoñer dun sistema de control que permita coñecer en todo momento as saídas de produto do establecemento, as entregadas a cada adquirente e as que retornan ao establecemento.

b) O retorno ao establecemento de orixe debe producirse dentro do segundo día hábil seguinte ao da saída. No suposto de avituallamento desde embarcacións, este prazo será de cinco días hábiles, contados a partir da ultimación das operacións de avituallamento.

c) A circulación ampararase cun albará de circulación en que se faga constar que se trata de produtos saídos para a súa distribución polo procedemento de vendas en ruta.

d) No momento da entrega dos produtos a cada adquirente emitirase unha nota de entrega con cargo ao albará de circulación, acreditativa da operación. O exemplar da nota de entrega que queda en poder do establecemento de expedición deberá ser asinado polo adquirente.

e) No albará de circulación iranse anotando as entregas que se efectúen, conforme estas se vaian realizando.

f) O asento negativo de data correspondente aos produtos reintroducidos na fábrica, depósito fiscal ou almacén fiscal xustificarse co albará de circulación expedido á saída en que consten as entregas efectuadas, así como cos duplicados das notas de entrega.

3. Cando se trate de produtos polos que se devengou o imposto con aplicación dun tipo reducido ou con aplicación dunha exención por avituallamento, o expedidor,

ademais de cumprir as condicións a que se refire o número anterior, deberá presentar ante a oficina xestora polo procedemento que determine o centro xestor unha relación recapitulativa que comprenda as vendas dos ditos produtos efectuadas por este procedemento durante o mes natural anterior. Nesta relación farase referencia a cada unha das notas de entrega que, no seu día, documentaron as entregas realizadas con indicación do destinatario, o seu CAE e/ou o seu número de identificación fiscal (NIF) e a cantidade entregada.

Non obstante, se o expedidor emite documentos de circulación por procedementos informáticos, a relación recapitulativa de notas de entrega que documentaron as subministracións a tipo reducido a que se refire o parágrafo anterior poderá presentarse polos mesmos medios e integrarse coa información a que fai referencia o artigo 29.1, parágrafo segundo.

Os datos relativos aos comprobantes e recibos de entrega expedidos para documentar os avituallamentos a aeronaves e embarcacións realizados durante un mes polo procedemento de vendas en ruta deberán declararse polos medios e procedementos electrónicos, informáticos ou telemáticos que determine o ministro de Economía e Facenda, dentro do mes seguinte á súa expedición.

4. No caso de vendas en ruta de produtos obxecto do imposto sobre hidrocarburos desde almacéns fiscais, a oficina xestora correspondente ao almacén fiscal poderá autorizar as subministracións directas desde fábrica ou depósito fiscal con cumprimento dos seguintes requisitos:

a) A fábrica ou o depósito fiscal emitirá un documento de acompañamento en que figure como destinatario o almacén fiscal desde o que se van realizar as entregas de produtos.

b) O vehículo que reciba os produtos deberá estar dotado dos medios técnicos necesarios para a emisión do certificado de recepción e a transmisión do documento de acompañamento á contabilidade de existencias do almacén fiscal.

c) Unha vez realizada a transmisión e coa xustificación informática do asento de cargo na contabilidade do almacén fiscal, poderán realizarse as subministracións directas por medio das notas de entrega emitidas polo sistema informático do vehículo.

d) O procedemento de vendas en ruta desenvolverase con cumprimento do resto das condicións sinaladas nos números anteriores.»

Vinte e catro. Modifícase o artigo 28, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 28. *Validez dos documentos de circulación.*

1. Os documentos de circulación someteranse ás seguintes regras:

a) Considerarase que a expedición non está amparada no documento a que se refire o número 7 do artigo 15 da lei cando, durante a circulación, se poña de manifesto que se dá algunha das seguintes circunstancias:

1.º Os datos relativos á clase ou natureza da mercadoría transportada, incluído, se é o caso, o dato relativo ao contido en biocombustibles ou biocombustibles, son incompletos, inexactos ou falsos.

2.º Os datos necesarios para a correcta identificación do expedidor, destinatario e produtos transportados son incompletos, inexactos ou falsos. Para estes efectos considerase que o número de documento de circulación é imprescindible para as ditas identificacións.

3.º En caso de precintas de circulación, a numeración ou capacidade destas que se corresponda cos recipientes sobre os que estean colocadas é incompleta, inexacta ou falsa.

4.º Non se consignaron os datos relativos á data ou hora de despacho.

Considerarase, igualmente, que a expedición non está amparada no documento a que se refire o artigo 15.7 da lei, cando, durante a circulación, se comprobe que os datos anteriores non concordan coa cantidade ou características das mercadorías efectivamente transportadas. Esta consideración enténdese sen prexuízo do disposto nos artigos 16, 17, 39 e 52 deste regulamento.

b) Cando sexan incompletos, inexactos ou falsos os datos que, distintos dos citados no número a) anterior, deban conter os documentos que amparan a circulación, deberán emendarse tan axiña como se teña coñecemento desa circunstancia. Cando se modifiquen os citados datos, deberase deixar constancia do dato modificado e, se é o caso, formalizar parte de incidencias.

c) Cando, durante a circulación, se poña de manifesto que o documento que a ampara carece dos datos que se refire o número b) anterior, ou que estes son inexactos ou falsos e que non foron emendados conforme o disposto no dito número, procederá, se é o caso, a aplicación do disposto no artigo 19.5 da lei, cando non constituía infracción tributaria grave.

2. Cando, unha vez que os produtos chegasen a destino, se detecte nos documentos que ampararon a circulación inexistencia de datos, inexactitudes ou falsidades, deberá procederse á súa emenda, formalizando, se for o caso, o correspondente parte de incidencias.

3. Unha vez que se comprobe que os produtos a que se refire o número 2 anterior foron recibidos de conformidade polo destinatario e están asentados na súa contabilidade, a inexistencia, inexactitude ou falsidade nos datos contidos nos documentos que ampararon a circulación poderá dar lugar á aplicación da sanción a que se refire o artigo 201.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.»

Vinte e cinco. Modifícase o artigo 29, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 29. *Obrigas xerais dos expedidores de documentos de acompañamento.*

Con carácter xeral e sen prexuízo do resto das obrigas tributarias e mercantís que lles incumban, os expedidores de documentos de acompañamento estarán obrigados a:

1. Entregar na oficina xestora correspondente ao establecemento de saída dos produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación unha relación, suxeita ao modelo que aprobe o ministro de Economía e Facenda, recapitulativa dos documentos expedidos durante cada semana. Esta relación presentarase dentro da semana seguinte a aquela a que se refiren os datos.

Non obstante, cando se trate de documentos de acompañamento emitidos por procedementos informáticos, a remisión da relación a que se refire o parágrafo anterior poderá ser substituída pola presentación polos medios e procedementos electrónicos, informáticos ou telemáticos que determine o ministro de Economía e Facenda, dentro do mes seguinte á súa expedición, dos datos correspondentes aos documentos de acompañamento expedidos. O centro xestor poderá autorizar, cando o expedidor sexa titular de varios establecementos, a presentación centralizada, polos referidos medios ou procedementos, dos datos correspondentes aos documentos expedidos desde todos os establecementos.

2. Comunicarlle á súa oficina xestora os cambios introducidos en canto ao destinatario ou ao lugar de entrega dos produtos cando circulen en réxime suspensivo ou ao amparo dunha exención, conforme o establecido no artigo 38 deste regulamento.

3. Se é o caso, comunicarlle á súa oficina xestora dentro do prazo de tres meses desde a data do envío dos produtos, e mediante o parte de incidencias que aprobe o ministro de Economía e Facenda, a falta de recepción do exemplar número 3 do documento de acompañamento daqueles produtos que circularon en réxime

suspensivo. Cando este exemplar se reciba inadecuadamente cuberto, a dita comunicación efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes á súa recepción e, en todo caso, antes de transcorridos tres meses desde a data do envío dos produtos.»

Vinte e seis. Modifícase o artigo 30, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 30. *Obrigas dos expedidores en relación coa circulación intracomunitaria.*

A) Circulación en réxime suspensivo con documento administrativo electrónico.

1. Os depositarios autorizados e expedidores rexistrados inscritos nos rexistros territoriais das oficinas xestoras consideraranse autorizados para expedir produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación, en réxime suspensivo, con destino ao ámbito territorial comunitario non interno.

2. Ademais das obrigas que lles incumban na súa condición de fabricantes ou titulares de depósitos fiscais, os depositarios autorizados e expedidores rexistrados estarán obrigados a:

a) Prestar unha garantía nos termos establecidos nos números 10 e 11 do artigo 43, con validez en todo o ámbito territorial comunitario, para responderen das obrigas derivadas da circulación intracomunitaria dos produtos que expidan.

b) Formalizar un borrador de documento administrativo electrónico por cada expedición, cuberto segundo as instrucións contidas no Regulamento (CE) n.º 684/2009 e as normas complementarias que se establezan, que será tramitado como segue:

1.º O expedidor presentará á Axencia Estatal de Administración Tributaria un borrador de documento administrativo electrónico a través do EMCS.

2.º A Axencia Estatal de Administración Tributaria verificará por vía electrónica os datos do borrador de documento administrativo electrónico. Se estes datos non son válidos, informará o expedidor diso sen demora. Se estes datos son válidos, a Axencia Estatal de Administración Tributaria asignará ao documento un ARC e comunicarllo ao expedidor.

3.º Nos supostos a que se refiren as letras a), b), c), d) e f) do número 3 do artigo 16 da lei, a Axencia Estatal de Administración Tributaria enviará sen demora o documento administrativo electrónico ás autoridades competentes do Estado membro de destino.

4.º No suposto a que se refire a letra c) do número 3 do artigo 16 da lei, se a declaración de exportación se presenta noutro Estado membro, a Axencia Estatal de Administración Tributaria enviará o documento administrativo electrónico ás autoridades competentes do Estado membro en que se presente a declaración de exportación en aplicación do artigo 161, número 5, do artigo 176, número 1.e) do Regulamento (CE) n.º 450/2008, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2008, polo que se establece o código alfandegueiro comunitario (código alfandegueiro modernizado).

5.º O expedidor entregará á persoa que acompañe os produtos suxeitos a impostos especiais unha copia impresa do documento administrativo electrónico ou calquera outro documento comercial que mencione de forma claramente identificable o ARC. Este documento deberá poderse presentar sempre que o requiran as autoridades competentes durante toda a circulación en réxime suspensivo de impostos especiais.

6.º O expedidor poderá anular o documento administrativo electrónico en canto non comece a circulación. Considérase que a circulación comezou, nos casos previstos no número 3 do artigo 16 da lei, letras a), b), c), d), e f), no momento en que os produtos abandonan o establecemento fiscal de expedición e, no caso da

letra e), no momento do seu despacho de alfándega de conformidade co artigo 129 do Regulamento (CE) n.º 450/2008.

7.º Durante a circulación en réxime suspensivo, o expedidor poderá modificar o destino a través do EMCS, co fin de indicar un novo, que deberá ser un dos previstos nas letras a), b), c) e f) do número 3 do artigo 16 da lei. O procedemento de modificación realizarase de acordo co Regulamento (CE) n.º 684/2009 e as disposicións complementarias que se establezan.

8.º En caso de circulación de produtos obxecto do imposto sobre hidrocarburos por vía marítima ou vías de navegación interior, cuxo destinatario non se coñeza con exactitude no momento en que o expedidor presente o borrador de documento administrativo electrónico, o centro xestor poderá autorizar ao expedidor, ben para unha única expedición ou ben para o conxunto das que realice nun prazo determinado, a emisión do dito documento sen os datos relativos ao destinatario. O expedidor comunicarlle os citados datos relativos ao destinatario ao centro xestor tan pronto como os coñeza e, como máis tarde, ao final da circulación, de acordo co disposto no número 7 anterior.

c) Requirir do destinatario, cando se trate dun destinatario rexistrado ocasional, o documento que acredite o pagamento dos impostos especiais de fabricación no Estado membro de destino ou o cumprimento de calquera outra obriga que garanta a percepción dos ditos impostos, consonte as condicións fixadas polas autoridades competentes do dito Estado. Este documento deberá indicar:

1.º O enderezo da oficina competente das autoridades fiscais do país de destino.

2.º A data e referencia do pagamento ou da aceptación da garantía de pagamento por parte da dita oficina.

B) Circulación fóra do réxime suspensivo.

Os empresarios que desexen enviar a outras persoas domiciliadas no ámbito territorial comunitario non interno produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación polos que xa se devengase o imposto dentro do ámbito territorial interno polos sistemas de envíos garantidos ou de vendas a distancia, seguirán os procedementos establecidos nos artigos 9 e 10 deste regulamento, respectivamente.»

Vinte e sete. Introdúcese un novo artigo 30 bis, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 30 bis. *Procedemento que se seguirá ao inicio da circulación intracomunitaria en réxime suspensivo en caso de indispoñibilidade do EMCS.*

1. Malia o disposto no artigo 30, o expedidor poderá dar inicio á circulación de produtos suxeitos a impostos especiais en réxime suspensivo en caso de indispoñibilidade do EMCS a condición de que:

a) os produtos vaian acompañados dun documento administrativo de emerxencia que conteña os mesmos datos que o borrador de documento administrativo electrónico previsto no artigo 30. A. 2. b), e

b) informe a oficina xestora correspondente ao expedidor, antes do comezo da circulación, por calquera medio que permita ter constancia de que recibiu a comunicación, dos motivos e da duración prevista, de se coñecer, da indispoñibilidade.

2. Así que o sistema volva estar dispoñible, e como máis tarde, o seguinte día hábil tras o restablecemento da conexión, o expedidor presentará o borrador de documento administrativo electrónico de acordo co disposto no artigo 30.A.2.b, con

indicación de modo diferido, tal e como se establece no anexo 2 do Regulamento (CE) n.º 684/2009.

3. O borrador de documento administrativo electrónico deberá conter como número de referencia local o número asignado ao documento de acompañamento de emerxencia, de tal forma que a correlación documento en soporte papel-documento administrativo electrónico sexa inequivocamente clara.

4. Malia o disposto no número 3, o expedidor deberá conservar o documento administrativo de emerxencia, en papel ou en soporte informático, durante catro anos.

5. O ministro de Economía e Facenda poderá establecer un modelo de documento de acompañamento de emerxencia para os casos de indispoñibilidade do EMCS.»

Vinte e oito. Modifícase o artigo 31, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 31. *Obrigas xerais dos receptores de documentos de acompañamento.*

1. Os receptores de produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación cuxa circulación se amparase cun documento de acompañamento estarán obrigados a formalizar a certificación de recepción que figura nos ditos documentos, con mención expresa de se existe conformidade, en clase e cantidade, entre os produtos recibidos e os consignados no documento ou, en caso contrario, das diferenzas existentes con cumprimento, se for o caso, do disposto no artigo 16.

2. Para os efectos do disposto no número anterior, unha vez formalizado o certificado de recepción, o receptor devolverá ao expedidor dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da recepción dos produtos o exemplar número 3 do documento de acompañamento.»

Vinte e nove. Modifícase o artigo 32, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 32. *Obrigas dos receptores en relación coa circulación intracomunitaria.*

A) Circulación en réxime suspensivo:

1. Na circulación intracomunitaria en réxime suspensivo só os depositarios autorizados e os destinatarios rexistrados poderán recibir bens obxecto de impostos especiais e sempre que estes sexan propios da súa actividade.

2. Nos supostos previstos nas letras a), b), d), e) e f) do número 3 do artigo 16 da lei, os receptores de produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación recibidos, en réxime suspensivo, procedentes do ámbito territorial comunitario non interno, están obrigados a presentar, ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, unha notificación de recepción que cumpra os seguintes requisitos:

a) Deberá presentarse tan axiña como se reciban os produtos e, en todo caso, dentro dos cinco días seguintes á terminación da circulación. Este prazo poderá ampliarse exclusivamente nos casos en que, previamente xustificadas, sexan autorizados polo centro xestor.

b) Deberá presentarse a través dun sistema informatizado que cumpra as instrucións contidas no Regulamento (CE) n.º 684/2009 e nas disposicións complementarias que se establezan.

3. Cando se trate da recepción de produtos que deban levar incorporados rastrexadores, marcadores ou desnaturalizantes, recibidos por un destinatario rexistrado ou no marco dun procedemento de entrega directa, tales produtos deberán permanecer nos lugares de recepción polo menos durante o primeiro día hábil seguinte á formalización da notificación de recepción electrónica ou da presentación do documento en soporte papel na oficina xestora.

4. A oficina xestora correspondente ao destinatario da expedición poderá autorizar a entrega dos produtos nun lugar de entrega directa distinto da fábrica, depósito fiscal ou depósito de recepción. Esta autorización, en todo caso, estará suxeita ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a) O destinatario da expedición, con carácter previo ao seu inicio, solicitarao na oficina xestora correspondente ao seu establecemento indicando:

1.º O seu nome e apelidos ou razón social e número de identificación fiscal e, se é o caso, da persoa que o represente, así como do titular do lugar de entrega directa.

2.º Enderezo, localidade e código postal do lugar exacto de entrega directa.

b) O documento administrativo electrónico só poderá amparar un lugar de entrega directa.

c) O destinatario anotará na súa contabilidade a recepción dos produtos.

d) O destinatario efectuará a notificación de recepción electrónica.

e) En caso de que a oficina xestora competente para autorizar sexa distinta da oficina xestora en cuxa demarcación está situado o lugar de entrega directa, aquela porá en coñecemento desta a autorización concedida.

f) Os produtos deberán permanecer no lugar de entrega directa, á disposición da Administración tributaria, para que realice as comprobacións que considere necesarias, polo menos durante o primeiro día hábil seguinte á formalización da notificación de recepción electrónica ou da presentación do documento en soporte papel na oficina xestora.

5. Nos supostos previstos no número 2 anterior, os receptores de produtos obxecto dos impostos especiais en réxime suspensivo presentarán a notificación de recepción conforme as seguintes normas:

a) Para expedicións iniciadas no ámbito territorial comunitario non interno que fosen recibidas no ámbito territorial interno, o receptor deberá presentar a notificación de recepción á Axencia Estatal de Administración Tributaria, que verificará por vía electrónica os datos nela incluídos e, se estes datos non son válidos, informará o expedidor diso sen demora. Se estes datos son válidos, confirmaralle ao destinatario o rexistro da notificación de recepción e enviaraa ás autoridades competentes do Estado membro de expedición.

b) Para expedicións iniciadas no ámbito territorial interno respecto das cales a Axencia Estatal de Administración Tributaria reciba unha notificación de recepción do Estado membro de destino, remitiraa ao expedidor.

6. Non obstante o disposto nos números anteriores, o centro xestor poderá establecer que a notificación de recepción polos destinatarios previstos nas letras a), b), c) e d) do artigo 9 da lei a realicen todos ou algún de tales destinatarios por outros procedementos distintos da notificación de recepción electrónica.

B) Circulación fóra do réxime suspensivo

Na circulación intracomunitaria fóra do réxime suspensivo, a recepción dos produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación farase a través dos procedementos de envíos garantidos ou de vendas a distancia en que o receptor e o representante fiscal, respectivamente, se deberán prover previamente da autorización de recepción a que se refire o artigo 33 seguinte.»

Trinta. Introdúcese un novo artigo 32 bis, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 32 bis. *Procedemento de recepción na circulación intracomunitaria en caso de indispoñibilidade do sistema informático.*

Se ao finalizar o prazo de cinco días hábiles para a presentación da notificación de recepción o EMCS se encontrar indispoñible de acordo co disposto no artigo 30 bis. 2), ou se a circulación tiver lugar ao amparo dun documento de acompañamento de emerxencia e aínda non está no EMCS o documento administrativo electrónico correspondente ao documento de acompañamento de emerxencia, o destinatario deberá axustarse ao seguinte procedemento:

1. Comunicará, dentro do primeiro día hábil seguinte á finalización do prazo establecido no artigo 32. A. 2. a) deste regulamento, a indispoñibilidade á oficina xestora correspondente ao lugar do establecemento por calquera medio que permita ter constancia da recepción da comunicación, e informar dos motivos e da duración prevista, de se coñecer, da indispoñibilidade.

2. Á vista da información proporcionada polo destinatario, a oficina xestora determinará se o destinatario debe presentar a notificación de recepción en soporte papel ou se, en casos debidamente xustificadas á satisfacción da oficina xestora, prorroga o prazo para que o destinatario presente a notificación electrónica de recepción.

3. A falta de resposta da oficina xestora nos tres días hábiles posteriores á recepción da comunicación do número 1 entenderase como unha prórroga adicional de cinco días hábiles para a presentación da notificación electrónica de recepción.

4. Recibida na oficina xestora a notificación de recepción en soporte papel, por calquera medio de que quede constancia, esta comunicará ao centro xestor para que este, pola súa vez, o comunique ás autoridades competentes do Estado membro de expedición.

5. Así que o sistema volva estar dispoñible, e como máis tarde ao seguinte día hábil tras o restablecemento da conexión, o destinatario presentará a notificación de recepción de acordo co disposto no número 5 do artigo 32 e con cumprimento do disposto no Regulamento (CE) n.º 684/2009 e as disposicións complementarias que se establezan.

6. A Axencia Estatal de Administración Tributaria someterá a notificación de recepción á validación electrónica establecida con carácter xeral.

7. A validación da notificación de recepción substituirá para todos os efectos a notificación de recepción presentada en soporte papel.

8. Non obstante o disposto no número 7, o expedidor conservará a notificación de recepción en soporte papel ou en soporte informático durante o período de prescrición do imposto.»

Trinta e un. Modifícase o artigo 33, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 33. *Autorizacións de recepción.*

1. Os destinatarios rexistrados ocasionais, os receptores no sistema de envíos garantidos e os representantes fiscais no sistema de vendas a distancia deberán obter previamente unha autorización de recepción conforme as normas seguintes.

2. Regras xerais:

a) As persoas a que se refire o número 1 anterior deberán presentar na oficina xestora correspondente ao seu domicilio unha solicitude, por cada operación, suxeita ao modelo que estableza o ministro de Economía e Facenda, en que farán constar a clase e cantidade de produtos que se desexa recibir, o nome, domicilio e números de identificación fiscal, para os efectos do IVE e, se for o caso, dos impostos especiais, do expedidor e do destinatario. A solicitude deberase acompañar da documentación necesaria para acreditar a súa condición empresarial e, se for o caso, o cumprimento das obrigas establecidas por disposicións específicas. Nunha

solicitud non poderán incluírse máis que produtos expedidos por un só proveedor e comprendidos no ámbito obxectivo do imposto sobre hidrocarburos, do imposto sobre os elaborados do tabaco ou dos impostos especiais sobre o alcohol e as bebidas alcohólicas.

b) Salvo no sistema de vendas a distancia, xunto coa solicitud a que se refire o número anterior deberá prestarse garantía por un importe equivalente ás cotas correspondentes aos produtos que se pretende recibir. Esta garantía responde do pagamento dos impostos que se devenguen.

c) A oficina xestora, unha vez comprobado, se for o caso, que a garantía que se presta cobre o importe a que se refire o número anterior, expedirá unha autorización de recepción, suxeita ao modelo que aprobe o ministro de Economía e Facenda, da cal entregará dous exemplares ao solicitante.

d) A autorización de recepción deberá conter a referencia completa da oficina xestora que a expide, a clase e cantidade dos produtos cubertos pola garantía prestada, así como a contía e data de aceptación da garantía. Esta autorización terá unha validez dun ano, a partir da data da súa expedición, e poderase prorrogar, por petición do interesado, por un período máximo de seis meses. Transcorrido o período de validez e, se é o caso, o da prórroga, sen ter cancelado a garantía mediante algún dos procedementos establecidos neste artigo, procederase a executar a garantía prestada.

e) Salvo no sistema de vendas a distancia, o destinatario conservará os produtos recibidos no lugar de entrega que figura no documento administrativo electrónico ou no documento de acompañamento, polo menos durante o primeiro día hábil seguinte ao da recepción ou ao da presentación do documento na oficina xestora, á disposición da Administración tributaria, para que esta poida realizar as comprobacións que considere necesarias, tendo a obriga de presentar os produtos en canto sexa requirido para iso.

Para os efectos do parágrafo anterior, a oficina xestora poderá admitir que, sen prexuízo da súa ulterior presentación ante ela, o documento de acompañamento lle sexa transmitido por procedementos telemáticos. Igualmente, a oficina xestora poderá autorizar a saída dos produtos antes do vencemento do prazo sinalado, o que efectuará mediante dilixencia da que quede constancia.

f) As cotas devengadas deberanse ingresar, mediante autoliquidación, no lugar, forma, prazos e impresos que estableza o ministro de Economía e Facenda.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, os produtos recibidos poderán destinarse, no propio lugar de entrega, a algún dos fins que orixinen o dereito á exención dos impostos especiais de fabricación, sempre que se cumpran as condicións establecidas neste regulamento en relación coa recepción de produtos con exención do imposto.

g) Para a cancelación da garantía prestada:

1.º No suposto do sistema de envíos garantidos, o interesado deberá presentar na oficina xestora o exemplar número 2 da autorización de recepción a que se refire este número, o exemplar número 2 do documento simplificado de acompañamento e o documento acreditativo de ter efectuado o pagamento do imposto.

2.º Nos envíos con destino a un destinatario rexistrado ocasional, a garantía cancelárase coa documentación acreditativa de ter efectuado o pagamento do imposto.

h) Tamén se procederá á cancelación da garantía, cando se comunique á oficina xestora ter desistido de realizar a operación proxectada, devolvendo os dous exemplares da autorización de recepción a que se refire o citado número 3, en que constará a declaración do interesado de que os produtos incluídos na autorización non se recibiron.

i) Nos supostos a que se refire o parágrafo segundo da letra f) anterior, substituirase, para a cancelación da garantía, o documento acreditativo de ter

pagado o imposto por unha fotocopia compulsada do documento contable en que conste o cargo dos produtos recibidos.

3. Regras especiais en relación coa recepción por destinatarios rexistrados ocasionais:

a) Non será exigible a prestación da garantía a que se refire a letra b) do número 2 anterior cando se prestase a garantía a que se refire o número 2 do artigo 3 deste regulamento.

b) Recibidos os produtos, o destinatario rexistrado ocasional deberá efectuar a notificación de recepción electrónica, tal como se establece no artigo 32 deste regulamento.

4. O receptor no sistema de envíos garantidos deberá presentar na oficina xestora, na forma que determine o ministro de Economía e Facenda, os exemplares 2 e 3 do documento simplificado de acompañamento que amparou a circulación, máis unha fotocopia do dito documento, unha vez consignada neles a data e o lugar da recepción e asinado o certificado de recepción, con mención expresa da conformidade ou das diferenzas habidas, en clase e cantidade, entre os produtos consignados no documento e os realmente recibidos. A oficina xestora devolverá os exemplares números 2 e 3, unha vez visados por ela co único fin de acreditar a súa presentación, retendo a fotocopia presentada.

O receptor devolverá ao expedidor o exemplar número 3 do documento simplificado de acompañamento, unha vez visado pola oficina xestora conforme se establece no número anterior, nun prazo que finaliza o día 15 do mes seguinte ao da recepción dos produtos.

5. Cando a recepción se produza no sistema de vendas a distancia, o pagamento dos impostos que se devenguen quedará amparado pola garantía a que se refire o número 8 do artigo 43 deste regulamento.»

Trinta e dous. Introdúcese un parágrafo introdutorio e modifícase o número 9 do artigo 34, que quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 34. *Circulación por estrada.*

Na circulación con orixe e destino no ámbito territorial interno observaranse as seguintes regras:

(...)

9. Nos supostos de circulación non amparada polo documento establecido neste regulamento ou cando se considere, de acordo co disposto no número 1 do artigo 28, que a expedición non está amparada en documento de circulación, procederase á inmovilización dos produtos e, cando se trate de carga completa, tamén do vehículo. Os produtos e, se é o caso, o vehículo quedarán depositados, por conta e risco do remitente ou transportista, á disposición da oficina xestora que corresponda, a que se remitirá a correspondente dilixencia formalizada. A inmovilización cesará cando se preste garantía que cubra o importe da débeda tributaria que puiden derivar do correspondente expediente.

Para estes efectos, a oficina xestora, nun prazo de corenta e oito horas sen contar días festivos, a partir da recepción da referida dilixencia, determinará o importe da débeda tributaria que podería derivar do expediente e comunicará ao remitente ou ao transportista para que estes poidan prestar a aludida garantía.»

Trinta e tres. Introdúcese un parágrafo introdutorio no artigo 35, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 35. *Circulación por ferrocarril.*

Na circulación con orixe e destino no ámbito territorial interno observaranse as seguintes regras:»

Trinta e catro. Modifícase o artigo 36, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 36. *Circulación por vía marítima e aérea.*

Na circulación por vía marítima e aérea con orixe e destino no ámbito territorial interno observarase, no que sexa de aplicación, o establecido en relación coa circulación por ferrocarril. Non obstante, no porto ou aeroporto de chegada o consignatario presentará o documento de circulación aos servizos de alfándegas, para que estes formalicen os documentos de circulación para a seguinte fase de transporte.»

Trinta e cinco. Modifícase o artigo 37, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 37. *Circulación por canalizacións fixas.*

1. Sen prexuízo do disposto no número 4 do artigo 22 deste regulamento, na circulación de produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación con orixe e destino no ámbito territorial interno por canalizacións fixas, o expedidor enviará diariamente ao destinatario os exemplares dos documentos de circulación.

2. Malia o disposto no número anterior, cando se trate de envíos a un mesmo destinatario que teñan unha duración superior a vinte e catro horas, o expedidor enviará ao destinatario o exemplar do documento de circulación unha vez completado o envío.»

Trinta e seis. Modifícase o artigo 38, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 38. *Reintrodución no establecemento de orixe e cambios de destino.*

1. Cando os produtos saídos de fábrica ou depósito fiscal, con ultimación do réxime suspensivo, non poidan ser entregados ao destinatario total ou parcialmente por causas alleas ao depositario autorizado expedidor, os produtos poderán volver introducirse nos establecementos de saída, sempre que non transcorrese o prazo de presentación da declaración-liquidación e se cumpran as condicións que se establecen neste artigo, considerándose que non se produciu o devengo do imposto con ocasión da saída. Para estes efectos considerárase que non puideron ser entregados ao destinatario aqueles produtos que, tendo sido aceptados baixo reserva da verificación da súa calidade ou características, son rexeitados polo destinatario por non cumpriren aquelas.

Cando teña lugar unha entrega parcial, o destinatario dilixenciará o documento de circulación, certificando a cantidade recibida. O representante do expedidor ou do transportista dilixenciará seguidamente o documento, indicando que regresa ao establecemento de orixe e a hora en que se inicia o regreso. O documento así dilixenciado amparará a circulación dos produtos na viaxe de retorno.

De se tratar dunha expedición con varios destinatarios, a cantidade de produto que non puido ser entregada a un dos destinatarios, poderá ser entregada a outro dos que figuran nos documentos de circulación que amparan a expedición. O destinatario que recibiu máis cantidade que a inicialmente prevista dilixenciará o documento indicando a cantidade total recibida.

2. O cambio de destinatario e, se é o caso, do lugar de entrega na circulación interna, fóra dos supostos a que se refiren os números anteriores, poderá efectuarse de acordo co procedemento seguinte:

a) Se se trata de operacións con aplicación do imposto ao tipo xeral, bastará con que dilixencie o documento de circulación o expedidor ou o seu representante, indicando o novo destinatario ou lugar de destino.

b) Se se trata de operacións ás cales se aplicou un tipo reducido, bastará con que o expedidor ou o seu representante dilixencie as casas B dos exemplares 2 e 3 do documento de acompañamento, indicando o novo destinatario ou lugar de destino, así como o seu número de identificación fiscal e o seu CAE. O expedidor deberá asegurarse de que o produto con aplicación de tipo reducido pode entregarse ao novo destinatario ou no novo lugar de entrega, de conformidade co establecido neste regulamento.

c) Se se trata de operacións en réxime suspensivo ou que se benefician da aplicación dalgún dos supostos de exención, o cambio de destinatario deberá ser solicitado polo expedidor ou polo seu representante á súa oficina xestora ou á correspondente ao lugar onde se encontran os produtos cando se decide o cambio ou ao servizo de intervención do establecemento a onde fan orixinalmente consignados os produtos. A oficina que autoriza o cambio dilixenciará o espazo destinado para o efecto no documento de acompañamento, e poderá autorizar que sexa o propio expedidor ou o seu representante o que dilixencie o documento, citando a referencia e a data da autorización. Cando esta oficina non sexa a correspondente ao establecemento de orixe, enviará a esta última unha fotocopia da autorización concedida.

Non obstante, o mero cambio do lugar de entrega sen cambio de destinatario poderá efectualo o expedidor ou o seu representante, dilixenciando as casas B do documento de acompañamento e dando inmediata conta do cambio á oficina xestora.

3. En todos os casos anteriores, o expedidor practicará no seu sistema contable os asentos de regularización que procedan. Ademais, cando se trate de operacións cuxa circulación se amparase cun documento de acompañamento, o expedidor formalizará un parte de incidencias suxeito ao modelo que aprobe o ministro de Economía e Facenda, un de cuxos exemplares remitirá á oficina xestora. Este parte de incidencias deberá formalizarse no momento da reintrodución dos produtos na fábrica ou depósito fiscal ou almacén fiscal, dentro das vinte e catro horas seguintes á realización das modificacións.»

Trinta e sete. Modifícase o artigo 39, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 39. *Xustificación da circulación e tenza.*

1. Nos supostos de circulación e tenza de produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación con fins comerciais deberá acreditarse que estes produtos se encontran nalgunha das seguintes situacións:

- a) En réxime suspensivo.
- b) Fóra de réxime suspensivo ao amparo dun procedemento de circulación intracomunitaria.
- c) Fóra de réxime suspensivo tendo satisfeito o imposto no ámbito territorial interno.
- d) Fóra do réxime suspensivo resultando aplicable unha exención.

2. Con obxecto de determinar que os produtos a que se refire o número 1 deste artigo están destinados a fins comerciais, teranse en conta, entre outros, os elementos que se establecen nos números 8, 9 e 10 do artigo 15 da lei.

3. Para os efectos da letra a) do número 1 anterior, a vinculación ao réxime suspensivo dos produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación acreditarase mediante o correspondente asento na contabilidade das fábricas ou depósitos fiscais en que se encontren. A circulación en réxime suspensivo acreditarase

mediante o oportuno documento de acompañamento ou outro documento que incorpore o ARC nos supostos de circulación intracomunitaria amparados nun documento administrativo electrónico.

4. Para os efectos da letra b) do número 1 anterior, a acreditación de que os produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación se encontran ao amparo dun procedemento de circulación intracomunitaria fóra do réxime suspensivo efectuarase mediante o correspondente documento simplificado de acompañamento. Cando se trate de circulación polo procedemento de vendas a distancia acreditarase a situación dos produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación mediante un exemplar da autorización de recepción a que se refire o artigo 33 deste regulamento en que figure a referencia ao pagamento do imposto e a dilixencia do representante fiscal que interveu na operación.

5. Para os efectos da letra c) do número 1 anterior, e sen prexuízo de cal sexa o documento que deba amparar a circulación dos produtos, o pagamento do imposto dentro do ámbito territorial interno acreditarase:

a) Cando se trate de produtos adquiridos a un suxeito pasivo, mediante a factura ou documento equivalente en que conste a repercusión do imposto, de acordo co establecido no artigo 18 deste regulamento.

b) Nos supostos de importación, mediante o documento de acompañamento expedido polo expedidor rexistrado ou o documento alfandegueiro correspondente nos supostos de despacho a consumo no lugar de importación.

c) Nos supostos de tenza por suxeitos pasivos unha vez ultimado o réxime suspensivo, mediante os documentos acreditativos do pagamento do imposto.

d) Cando se trate de adquisicións diferentes ás que se menciona nas letras a) e b) anteriores, mediante o documento de circulación cuxa expedición resultase procedente.

6. A circulación e tenza de produtos aos cales é aplicable unha exención acreditarase mediante o documento de circulación que procedese expedir en relación co estatuto do destinatario ou tedor.

7. Non obstante o establecido no número anterior, o pagamento do imposto, polo que se refire aos cigarros e ás bebidas derivadas, acreditarase:

a) Mediante as marcas fiscais establecidas no artigo 26, cando a cantidade posuída ou en circulación non exceda os 800 cigarros ou 10 litros de bebidas derivadas ou, en todo caso, cando os cigarros ou bebidas derivadas estean en poder de particulares que os adquirisen no ámbito territorial interno para o seu propio consumo. O disposto neste parágrafo non será de aplicación nos supostos regulados no artigo 26.8.c), caso en que o pagamento do imposto se acreditará mediante o talón de débito por declaración verbal.

b) Mediante as marcas a que se refire a letra a) e os documentos que acrediten que os produtos están nalgunha das situacións mencionadas no número 1 deste artigo, nos demais casos.

8. As perdas acaecidas respecto dos produtos recibidos en almacéns fiscais ao amparo dunha exención ou con aplicación dun tipo reducido non precisarán ser xustificadas cando non excedan as porcentaxes regulamentarias establecidas para o almacenamento do produto de que se trate.

9. Cando non se xustifique, a través dos medios de proba admisibles en dereito, o destino dos produtos comprendidos na tarifa segunda do artigo 50 da lei, consideraranse destinados á súa utilización como combustibles ou carburantes.

10. Sen prexuízo do previsto no número 8 do artigo 8 da lei, cando non se acredite que os produtos se encontran nalgunha das situacións previstas no número 1 anterior, procederase á inmovilización dos produtos. Para estes efectos seguirase o procedemento do número 9 do artigo 34 deste regulamento para os supostos de inmovilización na circulación non amparada polo documento regulamentario.»

Trinta e oito. Modifícase o artigo 40, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 40. *Inscripción no rexistro territorial.*

1. Os titulares de fábricas, depósitos fiscais e almacéns fiscais, os destinatarios rexistrados respecto dos correspondentes depósitos de recepción, os expedidores rexistrados, aqueles retallistas, usuarios e consumidores finais que se determinan neste regulamento e as empresas que realicen vendas a distancia estarán obrigados, en relación cos produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación, a se inscribiren no rexistro territorial da oficina xestora en cuxa demarcación se instale o correspondente establecemento. Cando o establecemento se estenda polo ámbito territorial de máis dunha oficina xestora, a inscrición deberá efectuarse na oficina xestora en cuxo ámbito territorial estea situado o centro de xestión e control do dito establecemento.

2. Con carácter xeral, as persoas ou entidades que resulten obrigadas a se inscribiren no rexistro territorial deberán figurar de alta no censo de empresarios, profesionais e retedores na epígrafe correspondente á actividade que se vai desenvolver, e presentarán ante a oficina xestora que corresponda unha solicitude que acompañará da seguinte documentación:

a) O nome e apelidos ou razón social, domicilio fiscal e número de identificación fiscal do solicitante, así como, se é o caso, do representante, que deberá acompañar a documentación que acredite a súa representación.

b) A clase de establecemento e o lugar en que se encontre situado, con expresión do seu enderezo e localidade, ou, se é o caso, de que se trata dun expedidor rexistrado ou un representante fiscal.

c) Breve memoria descritiva da actividade que se pretende desenvolver en relación coa inscrición que se solicita.

d) Plano a escala do recinto do establecemento con indicación dos elementos de almacenamento existentes así como, se é o caso, dos elementos e aparellos de fabricación. A oficina xestora poderá autorizar que unha zona delimitada do local en que se encontre instalada unha fábrica se considere fóra dela, para os únicos efectos do almacenamento e ulterior reexpedición de produtos polos cales se devengou o imposto con ocasión da saída e que posteriormente foron devoltos ao seu titular.

e) Acreditación do dereito a dispoñer das instalacións por calquera título.

f) No caso de actividades relativas a produtos comprendidos nos ámbitos obxectivos dos impostos sobre hidrocarburos, sobre elaborados do tabaco e sobre a electricidade será necesario achegar a documentación acreditativa das autorizacións que, se for o caso, deban outorgarse por aplicación do disposto nas leis do sector de hidrocarburos, e 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico. En canto aos elaborados de tabaco, será necesario estar inscrito no correspondente Rexistro de Operadores do Comisionado para o Mercado de Tabacos, conforme o establecido na Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria.

g) A documentación acreditativa da prestación da garantía que, se for o caso, resulte exixible.

h) Se se trata de fábricas, deberá achegarse unha memoria técnica que describa tanto o funcionamento dos elementos e aparellos de fabricación como os procesos de elaboración dos produtos que se pretende obter.

A oficina xestora, comprobada a conformidade da documentación, autorizará a inscrición no rexistro territorial. No acordo de autorización poderán establecerse limitacións e condicións particulares de funcionamento do establecemento. Unha vez notificado o acordo procederase á inscrición.

3. Non obstante, cando se trate da inscrición dun depósito fiscal, a solicitude de inscrición formulada polo seu titular acompañarase da seguinte documentación:

- a) A autorización expedida polo centro xestor.
- b) A documentación acreditativa de ter prestado a garantía correspondente.

4. Os expedidores rexistrados deberán inscribirse no rexistro territorial da oficina xestora correspondente ao seu domicilio fiscal, debendo presentar a documentación a que se refiren as letras a) e g) do número 2 anterior.

5. Os representantes fiscais deberán inscribirse no rexistro territorial da oficina xestora correspondente ao seu domicilio fiscal. Para efectuar a dita inscrición presentarán:

- a) A documentación a que se refiren as letras a) e g) do número 2 anterior.
- b) O documento polo cal o depositario autorizado ou empresario establecido no ámbito territorial comunitario non interno ou designa como o seu representante fiscal. Neste documento debe constar o nome ou razón social do depositario autorizado ou empresario representado, o seu domicilio e os números de identificación que, para os efectos do imposto sobre o valor engadido e dos impostos especiais, lle fosen asignados pola Administración fiscal do Estado membro onde estea establecido.
- c) Un sistema de contabilidade que reflecta suficientemente o detalle das operacións en que intervéen.

6. Recibida a documentación, a oficina xestora poderá remitila á Inspección para que realice as comprobacións que poida considerar oportunas, co fin de verificar que as instalacións e aparellos corresponden aos declarados e reúnen as condicións exixidas por este regulamento. Se non solicitar este informe a oficina xestora procederá a formalizar un acordo de autorización e a realizar a inscrición consonte a documentación achegada.

7. Se a oficina xestora solicitou o informe da Inspección e esta non formula obxeccións no prazo dunha semana, a dita oficina xestora poderá acordar a autorización de inscrición e proceder a inscribir o establecemento con carácter provisional conforme a documentación achegada e a reserva do informe da Inspección.

8. O incumprimento das normas, limitacións e condicións, e en particular a insuficiencia de garantía, dará lugar á revogación da autorización concedida. O expediente de revogación será tramitado pola oficina xestora correspondente ao rexistro territorial en que estea inscrito o establecemento ou, se é o caso, polo centro xestor.

Unha vez incoado o expediente de revogación, o delegado da Axencia Estatal de Administración Tributaria poderá acordar a baixa provisional no rexistro territorial da oficina xestora, logo de informe do órgano proponente, nos supostos de incumprimento das condicións da autorización.

A baixa provisional suporá a imposibilidade de recibir e expedir produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación e será levantada unha vez que desaparezan as circunstancias que motivaron a súa adopción, sempre que non proceda a revogación da autorización ou calquera outra medida prevista na lei, neste regulamento ou noutra normativa aplicable ao caso.

9. Calquera modificación ulterior nos datos consignados na declaración inicial ou que figuren na documentación achegada deberá ser comunicada á oficina xestora e, se se tratar dun depósito fiscal, ao centro xestor.

10. Sen prexuízo das autorizacións que corresponda outorgar a outros órganos administrativos, unha vez efectuada a inscrición a oficina xestora entregará ao interesado unha tarxeta acreditativa da inscrición no rexistro suxeita a modelo aprobado polo centro xestor, en que constará o CAE que o titular deberá facer

constar en todos os documentos exixidos neste regulamento en relación cos impostos especiais de fabricación.»

Trinta e nove. Modifícase o artigo 42, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 42. *Cambio de titular dos establecementos e cesamento na súa actividade.*

1. Con carácter xeral e sen prexuízo do disposto nos artigos 39, 40 e 177 da Lei xeral tributaria, os cambios na titularidade dos establecementos inscritos só terán efecto unha vez que o novo titular se inscriba como tal no rexistro territorial da oficina xestora de acordo co establecido no artigo 40 deste regulamento.

Mentres isto non ocorra, considerarase como titular do establecemento para efectos deste regulamento a persoa ou entidade que figure inscrita como tal no rexistro territorial, e será ela a responsable dos produtos almacenados, introducidos ou expedidos desde o establecemento ata que se efectúe a baixa ou o cambio de titularidade.

2. Cando se produza o cesamento definitivo da actividade do establecemento, teranse en conta as normas seguintes:

a) O titular deberá poñelo en coñecemento da oficina xestora. Os servizos de intervención procederán á clausura dos libros regulamentarios, á retirada, se é o caso, dos documentos de circulación sen utilizar e demais de control regulamentario que deban deixarse sen efecto, así como á precintaxe provisional das existencias de primeiras materias e dos aparellos, que quedarán sometidos á intervención da Administración, salvo que se destrúan ou inutilicen baixo o seu control. De todo iso farase a correspondente dilixencia que se remitirá á oficina xestora cun informe sobre a existencia de produtos fabricados obxecto do imposto e débitos pendentes de liquidación ou ingreso no Tesouro, para efecto da realización ou devolución, se é o caso, da garantía prestada.

b) Non se formalizará a baixa no rexistro mentres no establecemento haxa existencias de produtos obxecto do imposto.

3. No caso de sociedades disoltas que non dean cumprimento ao anteriormente establecido antes da súa liquidación, observarase o previsto no número 2 do artigo 177 da Lei xeral tributaria.

4. A presentación da solicitude de baixa no censo de empresarios, profesionais e retentores, relativa á actividade e establecemento en materia de impostos especiais, producirá os efectos propios da solicitude de baixa no rexistro territorial dos impostos especiais de fabricación a que se refire o artigo 40 deste regulamento.

Sen prexuízo do establecido no artigo 40 deste regulamento, en caso de cesamento temporal da actividade propia dos impostos especiais de fabricación, sen darse de baixa no censo de empresarios, profesionais e retentores, a oficina xestora iniciará o procedemento de baixa de oficio cando transcorran 12 meses a partir da data de cesamento de actividade.»

Corenta. Modifícase o artigo 43, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 43. *Garantías.*

1. Con carácter previo á inscrición dos correspondentes establecementos no rexistro territorial, os fabricantes, os titulares dos depósitos fiscais e almacéns fiscais, os destinatarios rexistrados, os expedidores rexistrados e os representantes fiscais deberán prestar garantía polos importes que se expresan nos números seguintes para responder do pagamento da débeda tributaria, se é o caso, por cada establecemento.

Nos casos en que se inicie a actividade os importes fixaranse en función das cotas anuais estimadas.

2. Fabricantes:

a) Base da garantía: importe das cotas que resultarían de aplicar o tipo impositivo vixente á cantidade de produtos que constitúe a media anual das saídas de fábrica, con calquera destino, durante os tres anos naturais anteriores. Dentro das ditas saídas computaranse as correspondentes a produtos recibidos na fábrica para a súa comercialización sen transformación de acordo co disposto no número 1 do artigo 45 deste regulamento.

Non se computarán dentro das ditas saídas as que correspondan a produtos que se envían a outra fábrica do mesmo titular autorizada para recibilos, sempre que as garantías prestadas por este titular cubran indistintamente as responsabilidades derivadas da actividade de calquera das súas fábricas.

b) Importe da garantía:

1.º Alcohol: 2,5 por 100. Non obstante, o importe da garantía aplicable á porción de base que corresponda ás saídas de alcohol total ou parcialmente desnaturalizado será do 1,5 por 100.

2.º Bebidas derivadas e produtos intermedios: 6 por 100.

3.º Cervexa, viño e bebidas fermentadas: 1 por 100.

4.º Bebidas alcohólicas conxuntamente: 6 por 100.

5.º Hidrocarburos e elaborados do tabaco: 1 por 1.000.

c) Cando, de acordo co disposto no número 1 do artigo 45, nunha fábrica se reciban e almacenen en réxime suspensivo produtos obxecto da súa actividade sen necesidade de que se sometan a operacións de transformación, as garantías recollidas na letra b) axustaranse, se é o caso, aos importes mínimos previstos no número 3 deste artigo para os titulares dos depósitos fiscais.

3. Titulares de depósitos fiscais:

a) Base da garantía: importe das cotas que resultarían de aplicar o tipo impositivo vixente á cantidade de produtos que constitúe a media anual de produtos que entraron no establecemento durante os tres anos naturais anteriores.

b) Importe da garantía:

1.º Alcohol: 2,5 por 100. Non obstante, sobre a porción da base que represente respecto desta a mesma proporción que gardan as saídas de alcohol total ou parcialmente desnaturalizado respecto do total de saídas do depósito durante o período considerado, o importe da garantía aplicable será do 1,5 por 100.

2.º Bebidas derivadas e produtos intermedios: 6 por 100.

3.º Cervexa, viño e bebidas fermentadas: 1 por 100.

4.º Bebidas alcohólicas conxuntamente: 6 por 100.

5.º Extractos e concentrados alcohólicos exclusivamente: 5 por 100.

6.º Hidrocarburos e elaborados do tabaco: 1 por 1.000.

c) Importe mínimo por cada depósito fiscal:

1.º Depósitos fiscais de hidrocarburos excepto de gas licuado de petróleo (GLP): 450.000 euros.

2.º Depósitos fiscais de extractos e concentrados alcohólicos exclusivamente e depósitos fiscais que se dediquen exclusivamente á distribución de produtos comprendidos na tarifa 2.ª do imposto sobre hidrocarburos acondicionados para a súa venda ao retallo en envases de capacidade non superior a 25 litros: 6.000 euros.

3.º Demais depósitos fiscais: 60.000 euros.

4.º Os importes mínimos indicados non serán exixibles cando o depósito se dedique ao almacenamento exclusivo de viño e bebidas fermentadas, de gas natural ou dos aceites e graxas e do alcohol metílico (metanol) a que se refiren os artigos 50 bis e 51.3 da lei.

d) Nos casos a que se refire o número 6 do artigo 11 deste regulamento, a garantía única que poida prestarse para responder das débedas alfandegueira e fiscal que deriven das actividades desenvolvidas no establecemento non poderá ter un importe inferior ao que resulte da aplicación das regras contidas neste número, sen prexuízo do disposto nos números 5 e 6 seguintes.

e) As garantías establecidas para os depósitos fiscais non se exibirán cando o seu titular sexa unha Administración pública. Nestes supostos, a garantía substituirase por unha comunicación do titular do órgano administrativo en que asuma o compromiso de responder da débeda que puider xerar como consecuencia da actividade do depósito de que sexa titular.

4. Titulares de almacéns fiscais:

a) Base da garantía: importe das cotas que resultarían de aplicar o tipo impositivo vixente á cantidade de produtos que constitúe a media anual dos produtos que entraron no almacén durante os tres anos anteriores, aplicándose para este efecto os tipos ordinarios respecto dos produtos que entraron ao amparo dunha exención e os tipos reducidos respecto dos produtos que entraron con aplicación destes.

Cando se trate de hidrocarburos que se destinen a un fin exento, que leven incorporados os rastrexadores e marcadores exixidos para a aplicación dun tipo reducido, para o cálculo da cota que servirá de base para a fixación da garantía, aplicaranse os tipos reducidos correspondentes.

b) Importe da garantía:

1.º Alcohol sen desnaturalizar: 2,5 por 100.

2.º Alcohol total ou parcialmente desnaturalizado: 1,5 por 100.

3.º Bebidas derivadas e produtos intermedios: 6 por 100.

4.º Cervexa, viño e bebidas fermentadas: 1 por 100.

5.º Hidrocarburos e elaborados do tabaco: 1 por 1.000.

c) Importe mínimo: 30.000 euros. Este importe mínimo non será exixible cando o almacén se dedique ao almacenamento exclusivo de viño, de gas natural ou dos aceites e graxas e do alcohol metílico (metanol) a que se refiren os artigos 50 bis e 51.3 da lei.

d) Nos casos a que se refire o número 2 do artigo 13 deste regulamento, a garantía única que poida prestarse para responder das débedas alfandegueira e fiscal que deriven das actividades desenvolvidas no establecemento non poderá ter un importe inferior ao que resulte da aplicación das regras contidas neste número, sen prexuízo do disposto nos números 5 e 6 seguintes.

5. Malia o disposto nos números 3 e 4 anteriores, cando o titular do depósito fiscal sexa tamén o fabricante dos produtos introducidos, ou cando o titular do almacén fiscal sexa ben o fabricante dos produtos introducidos ou ben o titular do depósito fiscal desde o cal se reciben, do importe tomado como base para a determinación das correspondentes garantías deduciranse as seguintes cantidades:

a) Se se tratar dun depósito fiscal, deduciranse as cotas correspondentes aos produtos fabricados polo titular do depósito fiscal que se introducen neste.

b) Se se tratar dun almacén fiscal, deduciranse tanto as cotas correspondentes aos produtos fabricados polo titular do almacén fiscal que se introducen neste como

as cotas correspondentes aos produtos que, estando almacenados nun depósito fiscal cuxo titular tamén o é do almacén fiscal considerado, se introducen neste.

As reducións anteriores serán aplicables sempre que o depositario autorizado de que se trate acredite que a garantía prestada cobre as responsabilidades derivadas do exercicio da súa actividade como titular dun depósito fiscal ou dun almacén fiscal.

6. Cando se trate de produtos fabricados ou almacenados por depositarios autorizados que non son titulares do depósito fiscal ou almacén fiscal en que se introducen, do importe da garantía a prestar polos titulares destes últimos e determinado conforme os números precedentes, poderá deducirse, logo de autorización do centro xestor, ata o 80 por 100 das cotas que corresponderían a aqueles produtos. Para a aplicación desta redución será preciso que as garantías prestadas polos referidos depositarios autorizados cubran as responsabilidades que puideren ser exixibles ao titular do depósito fiscal ou do almacén fiscal en relación cos produtos introducidos por aqueles. Cando non puider determinarse con respecto a que produtos poderían ser exixibles as ditas responsabilidades será preciso que as garantías prestadas polos referidos depositarios autorizados cubran as responsabilidades que puideren ser exixibles ao titular do depósito fiscal ou do almacén fiscal en relación cunha porcentaxe dos produtos almacenados igual ao que representan os produtos introducidos polos referidos depositarios autorizados no depósito ou almacén fiscal no último trimestre natural, en relación co total de produtos entrados no depósito ou almacén fiscal en tal período.

7. Destinatarios rexistrados:

a) Base da garantía: importe das cotas devengadas durante o ano anterior e ingresadas polo destinatario rexistrado a título de contribuínte. Na súa falta, as que se considere que puideren devengar nun ano.

b) Importe da garantía:

1.º Destinatarios rexistrados de alcohol e bebidas alcohólicas (incluídos extractos e concentrados alcohólicos): 2 por 100.

2.º Destinatarios rexistrados de hidrocarburos ou elaborados do tabaco: 0,5 por 1.000.

c) Importe mínimo: 30.000 euros, salvo no caso de destinatarios rexistrados que reciban exclusivamente cervexa, produtos intermedios e extractos e concentrados alcohólicos, que se reducirá a 3.000 euros. O importe mínimo non será exixible cando o depósito de recepción se dedique ao almacenamento exclusivo de viño e bebidas fermentadas, gas natural e dos aceites e graxas e do alcohol metílico a que se refiren os artigos 50.bis e 51.3 da lei.

d) Non obstante, a garantía prevista neste punto non será exixible, sempre que a garantía constituída en cada un deles teña un importe igual ou superior ao que sería exixible por aplicación deste punto e sempre que nela se indique explicitamente que responderá tamén das responsabilidades que incumben ao interesado en calidade de destinatario rexistrado:

1.º Cando se prestase a garantía prevista no número 2 do artigo 3 deste regulamento.

2.º Nos casos en que o titular dun almacén fiscal inscriba este no rexistro territorial como depósito de recepción para os efectos de adquirir a condición de destinatario rexistrado.

e) Os destinatarios rexistrados ocasionais prestarán unicamente a garantía prevista na letra b) do número 2 do artigo 33 deste regulamento.

8. Representantes fiscais:

- a) Base da garantía: importe das cotas ingresadas polo representante fiscal a título de substituto do contribuínte durante o ano anterior.
- b) Importe da garantía: 2,5 por 100.

9. Expedidores rexistrados de produtos con destino ao ámbito territorial interno:

Nos supostos de importación de produtos obxecto de impostos especiais en réxime suspensivo ou con aplicación dun suposto de exención ou dun tipo impositivo reducido, o expedidor rexistrado estará obrigado á prestación dunha garantía que cubra o importe das cotas que corresponderían aos produtos importados, se non for aplicable ningún beneficio fiscal, ata que se produza a recepción dos produtos no establecemento a que se destinan.

Para a determinación da garantía tomaranse en consideración os tipos impositivos vixentes no ámbito territorial interno no momento da expedición.

O expedidor rexistrado poderá optar por prestar algunha das seguintes garantías:

a) Individual. Prestarase ante a alfándega de importación e o seu importe será o equivalente ao 100 por 100 da cota de impostos especiais correspondente ao produto expedido, no caso de importacións en réxime suspensivo ou con aplicación dun suposto de exención, ou da cota de impostos especiais calculada aplicando a diferenza de tipos impositivos, no caso de produtos importados con aplicación dun tipo impositivo reducido.

b) Global. Prestarase na oficina xestora en cuxo rexistro territorial se encontre inscrito o expedidor rexistrado. A garantía a constituír, por un importe equivalente ao 2,5 por 100 das cotas de impostos especiais correspondentes ás expedicións do ano anterior, será como mínimo de 60.000 euros.

Se as cotas de impostos especiais correspondentes a unha única expedición, calculadas da forma sinalada neste número 9, tivesen un importe superior a 60.000 euros, o expedidor rexistrado estará obrigado a constituír unha garantía complementaria pola diferenza. Esta garantía será cancelada unha vez que se acredite a recepción de conformidade dos produtos no establecemento de destino.

Non se exixirá garantía ningunha no caso de expedidores rexistrados que o sexan só de viño e bebidas fermentadas, de gas natural e dos aceites e graxas e do alcohol metílico a que se refiren os artigos 50.bis e 51.3 da lei.

Se a importación se efectúa para introducir os bens nun establecemento cuxo titular presta garantía consonte o disposto neste regulamento, tal garantía poderá ter os efectos da prevista no primeiro parágrafo deste número 9, sempre que nela conste expresamente que cobre as incidencias que puideren acaecer na circulación dos bens desde a alfándega de importación ata o establecemento en cuestión.

No caso de que un expedidor rexistrado sexa titular dunha fábrica ou un depósito fiscal, a garantía que teña constituída segundo o disposto nos números 2 ou 3 deste artigo poderá ter os efectos da prevista no primeiro parágrafo deste número 9, nas condicións sinaladas no parágrafo anterior.

10. Expedidores rexistrados de produtos con destino ao ámbito territorial comunitario non interno:

Nos supostos de importación de produtos obxecto de impostos especiais en réxime suspensivo a un destino autorizado no ámbito territorial comunitario non interno, o expedidor rexistrado estará obrigado á prestación dunha garantía que cubra o importe das cotas que corresponderían aos produtos importados ata que se

produza a recepción dos produtos no establecemento ao cal se destinan ou ata que se certifique que os produtos abandonaron o territorio da Comunidade.

Para a determinación da garantía tomaranse en consideración os tipos impositivos vixentes no ámbito territorial interno no momento da expedición.

A garantía que, para estes supostos, deba prestar o expedidor autorizado terá os mesmos importes que os que derivan do cálculo establecido no punto anterior para os envíos desde o lugar de importación a un destino no ámbito territorial interno, coa excepción do suposto previsto no parágrafo seguinte.

Os expedidores rexistrados que o sexan só de viño e bebidas fermentadas, de gas natural e dos aceites e graxas e do alcohol metílico a que se refiren os artigos 50.bis e 51.3 da lei deberán prestar unha garantía por un importe de 3.000 euros.

No caso de que un expedidor rexistrado sexa titular dunha fábrica ou un depósito fiscal, a garantía que teña constituída segundo o disposto no número 11 deste artigo poderá ter os efectos da prevista no primeiro parágrafo deste número 10, sempre que nela conste expresamente que cobre as incidencias que puideren acaecer na circulación dos bens desde a alfándega de importación ata o establecemento en cuestión.

11. Depositarios autorizados expedidores de produtos en réxime suspensivo con destino ao ámbito territorial comunitario non interno:

a) Os depositarios autorizados deberán prestar unha garantía global cuxa base e importe será o seguinte:

1.º Base da garantía: o importe das cotas que corresponderían aos seus envíos intracomunitarios durante o ano anterior, calculadas aplicando os tipos impositivos vixentes no ámbito territorial interno, salvo no caso de expedidores de viño e bebidas fermentadas, biocombustibles ou gas natural e produtos da tarifa 2.ª do imposto sobre hidrocarburos, nos cales a base da garantía estará constituída polo valor dos seus envíos durante o ano anterior.

2.º Importe da garantía: 2,5 por 100 das cotas sinaladas na letra anterior, salvo no caso de depositarios autorizados de hidrocarburos que os expidan por vía marítima ou fluvial ou por canalizacións fixas, en que a garantía que se vai prestar será por un importe do 1 por 1000, e no caso de expedidores de viño e bebidas fermentadas, biocombustibles ou gas natural e produtos da tarifa 2.ª do imposto sobre hidrocarburos, en que o importe da garantía quedará fixado no 1 por 100 do valor dos envíos durante o ano anterior.

3.º Importe mínimo: 60.000 euros, excepto se se trata de depositarios autorizados expedidores de viño e bebidas fermentadas, biocombustibles, gas natural e produtos da tarifa 2.ª do imposto sobre hidrocarburos, en que o importe mínimo será de 1.000 euros, ou se se trata de gas licuado de petróleo (GLP) e de extractos e concentrados alcohólicos, en que o importe mínimo será de 6.000 euros.

b) A garantía global a que se refire este número 11 considerarase prestada polos fabricantes e titulares de depósitos fiscais por medio das que constituísen consonte o previsto nos números 2 e 3 deste artigo, respectivamente, sempre que tales garantías:

a') Teñan un importe superior ao que resulte da aplicación das regras deste punto

b') Se exprese explicitamente que é válida en todo o ámbito territorial comunitario para responder das obrigas derivadas da circulación intracomunitaria dos produtos expedidos por aqueles.

c) Nos envíos ao ámbito territorial comunitario non interno de produtos obxecto do imposto sobre hidrocarburos por vía marítima ou a través de conducións fixas poderá eximirse da prestación desta garantía por medio dun expediente de dispensa

que se iniciará por petición do interesado dirixido ao centro xestor, que acordará, se é o caso, a dispensa logo de acordo favorable dos Estados membros de tránsito e destino. As saídas de fábrica ou depósito fiscal amparadas por esta garantía non computarán para os efectos da que deben prestar como establecemento, de acordo co previsto nos números 2.a e 3.a deste artigo.

12. Cando, segundo o establecido neste regulamento, deba prestarse garantía, esta poderá constituírse, á satisfacción e disposición do delegado da Axencia Estatal de Administración Tributaria competente por razón do lugar onde radique o establecemento, por algún ou algúns dos medios admitidos polo Regulamento xeral de recadación para os supostos de aprazamento ou fraccionamento do pagamento.

13. O delegado da Axencia Estatal de Administración Tributaria poderá acordar que se actualicen os importes das garantías constituídas cando se modifiquen os tipos impositivos ou se produzan variacións apreciables nas magnitudes sobre as cales se calcularon tales importes.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, no momento en que, durante o transcurso dun período impositivo dado, se produza un aumento anormal do importe das cotas que resultarían de aplicar o tipo impositivo vixente á cantidade de produtos que entraron no establecemento durante o ano que corre e exceda, así mesmo, do importe da garantía prestada, o delegado da Axencia Estatal de Administración Tributaria, mediante resolución motivada, poderá acordar a constitución dunha garantía especial en metálico ou en aval bancario pola diferenza entre o importe da totalidade das cotas devengadas e pendentes de pagamento e o da garantía prestada. Mentres non se constituía a garantía especial, o delegado da Axencia Estatal de Administración Tributaria suspenderá a autorización do establecemento para recibir e expedir produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación.

14. Cando o titular dun establecemento teña débedas en período executivo por impostos especiais, o delegado da Axencia Estatal de Administración Tributaria poderá exixir que se actualice o importe da garantía por cada establecemento de que sexa titular, mediante a aplicación do tipo vixente á cantidade de produtos que entrasen en cada un dos ditos establecementos durante o ano que corra, sempre que a garantía existente sexa inferior á que resulte de aplicar a regra anterior ou, como consecuencia da execución da garantía prestada, a garantía subsistente, se é o caso, sexa inferior ao citado importe.

No caso das garantías globais a que se refire o artigo 45.2 deste regulamento esta facultade corresponderá ao centro xestor.

Mentres non se actualicen os importes das garantías constituídas o delegado da Axencia Estatal de Administración Tributaria suspenderá a autorización do establecemento para recibir e expedir produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación.

A garantía especial será cancelada no momento en que se satisfagan as cotas correspondentes que non estivesen comprendidas en acordos de aprazamento ou fraccionamento de pagamento concedidos conforme o disposto no Regulamento xeral de recadación.

15. Cando do disposto neste regulamento deba prestarse unha garantía de importe inferior a 1.000 euros o interesado quedará dispensado da súa presentación salvo cando se trate de garantías exixibles en relación con procedementos de circulación intracomunitaria.»

Corenta e un. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 44, que quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 44. *Liquidación e pagamento do imposto.*

1. Salvo nos casos de importación, os suxeitos pasivos dos impostos especiais de fabricación están obrigados a presentar unha declaración-liquidación comprensiva

das cotas devengadas dentro dos prazos que se indican no número 3, así como a efectuar, simultaneamente, o pagamento das cotas líquidas.

Non será necesaria a presentación de declaracións-liquidacións cando non houber existencias ou movemento de produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación no período de liquidación de que se trate.

Tampouco será necesaria esta presentación no período de liquidación con cota cero do imposto sobre a electricidade e do imposto sobre hidrocarburos en relación co gas natural.

Porén, os suxeitos pasivos do imposto sobre a electricidade remitirán á oficina xestora correspondente ao lugar do establecemento ou á do seu domicilio fiscal, no caso dos comercializadores, dentro do primeiro trimestre de cada ano, unha declaración de actividade correspondente ao ano anterior, de acordo co modelo que determine o ministro de Economía e Facenda.

Non obstante, cando ao longo dun período de liquidación resulten aplicables tipos de gravame diferentes por teren sido estes modificados, os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar unha declaración-liquidación, con ingreso das cotas correspondentes, por cada período de tempo en que fosen aplicados cada un dos tipos de gravame.

2. A presentación da declaración-liquidación e, se é o caso, o pagamento simultáneo das cotas efectuaráase, con carácter xeral, cada un dos establecementos ou lugares de recepción nas caixas dos órganos competentes, oficinas recadadoras ou entidades autorizadas para a súa admisión.

O centro xestor poderá autorizar aos suxeitos pasivos a centralización da presentación das declaracións-liquidacións e o ingreso simultáneo das cotas líquidas mediante a presentación dunha única declaración-liquidación nunha entidade colaboradora autorizada.»

Corenta e dous. Modifícase o número 1 do artigo 45, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 45. *Outras normas xerais de xestión.*

1. Nas fábricas de produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación poderán recibirse e almacenarse, en réxime suspensivo, produtos obxecto da súa actividade, sen necesidade de que se sometan a operacións de transformación.

A actividade dunha fábrica en relación cos produtos recibidos e almacenados en réxime suspensivo e non sometidos a operacións de transformación deberá contabilizarse individualizadamente respecto da de fabricación ou transformación e quedará sometida ao cumprimento dos mesmos requisitos que serían exixibles en relación cun depósito fiscal en funcionamento.

A posibilidade de se acoller ao disposto no parágrafo anterior queda condicionada a que o volume trimestral medio de saídas da fábrica durante un ano supere as contías establecidas no artigo 11 deste regulamento para a autorización de depósitos fiscais, así como a obriga de que a actividade de fabricación supoña, como mínimo, o 50 por 100 do total do volume das citadas saídas.

O incumprimento das condicións e requisitos a que se refire o parágrafo anterior inhabilitará o titular da fábrica para se acoller á posibilidade prevista no primeiro parágrafo deste número. Tal inhabilitación producirase, se é o caso, por medio dunha resolución motivada do centro xestor logo de audiencia ao titular da fábrica.»

Corenta e tres. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 46 «Control de actividades e locais», que quedan redactados da seguinte forma:

«1. As actuacións de comprobación e investigación tributaria no ámbito dos impostos especiais de fabricación levaráase a cabo a Inspección dos Tributos, de acordo co disposto na Lei xeral tributaria.

2. Ademais, e con independencia do disposto no número anterior, as actividades e locais das fábricas, depósitos fiscais e almacéns fiscais estarán sometidos a un control específico pola Intervención dos Impostos Especiais de Fabricación, con exclusión dos establecementos vinculados aos impostos sobre a electricidade e sobre hidrocarburos en relación co gas natural.»

Corenta e catro. Modifícase o artigo 48, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 48. *Réxime de intervención.*

1. Corresponde á Intervención dos Impostos Especiais de Fabricación o desenvolvemento continuado das seguintes funcións:

a) Controlar o cumprimento das obrigas formais impostas aos obrigados tributarios polos impostos especiais de fabricación, relacionadas coa inscrición no rexistro territorial da oficina xestora correspondente e coa autorización da actividade e dos establecementos onde se introduzan, transformen, manipulen, almacenen, comercialicen, destrúan, desnaturalicen, marquen ou expidan produtos obxecto dos ditos impostos.

b) Controlar os produtos e as materias primas que se introduzan, almacenen ou saian dos establecementos sometidos a este réxime, incluída a extracción de mostras dos produtos e das materias.

c) Controlar as operacións de fabricación ou transformación, así como a efectiva aplicación dos produtos nos destinos e procesos declarados, incluídas as correspondentes declaracións de traballo, os partes de resultados e partes de incidencias, a desnaturalización, destrución e a marcación de produtos.

d) Comprobar o cumprimento do disposto neste regulamento, en relación cos sistemas contables cuxa levanza sexa exixible regulamentariamente.

e) Efectuar recontos das existencias de materias primas, produtos e marcas fiscais que se encontren nos establecementos sometidos a este réxime.

f) Verificar que, nas condicións que lle resulten de aplicación, o titular do establecemento ou actividade sometida a intervención cumpriu as obrigas de presentación das correspondentes declaracións de operacións e declaracións-liquidacións por impostos especiais e, se é o caso, procedeu a efectuar o ingreso das cotas devengadas.

g) O exercicio pola Intervención dos Impostos Especiais de Fabricación das funcións a que se refire este número non terá a consideración de comprobación de carácter parcial para os efectos do previsto no artigo 149 da Lei xeral tributaria.

2. A iniciación, desenvolvemento e terminación das actuacións da Intervención, así como os dereitos e obrigas dos titulares dos establecementos e actividades fronte a aquela rexeranse, con carácter xeral, polo disposto no título V do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, coas seguintes particularidades:

a) En atención ao carácter continuado do réxime de intervención, os titulares dos establecementos e actividades sometidos a este réxime deberán permitirlles, en todo momento e sen necesidade de comunicación previa, a entrada ao establecemento aos funcionarios e axentes da Intervención, para os efectos do inicio e práctica das correspondentes actuacións.

b) Sen prexuízo dos supostos en que o control sexa permanente, os funcionarios e axentes da Intervención poderán permanecer nos ditos establecementos durante o tempo necesario para o exercicio das súas funcións.

c) En caso de ausencia, os titulares dos establecementos e actividades sometidos a este réxime deberán designar unha persoa que facilite o acceso ás

instalacións, así como quen os represente, con poder bastante, ante os funcionarios e axentes da Intervención cando estes o requiran.

d) En atención á índole dos controis levados a cabo pola Intervención, os titulares dos establecementos e actividades sometidos a este réxime deberán por á disposición de funcionarios e axentes da Intervención os elementos de comprobación e medida dispoñibles no establecemento, así como o persoal idóneo para a súa utilización.

e) Cando, conforme o establecido no número 3 do artigo 46 o control específico sexa permanente, os titulares dos correspondentes establecementos e actividades deberán proporcionar aos funcionarios e axentes da Intervención o local, persoal auxiliar e material necesarios para o exercicio das súas funcións con carácter permanente.

f) Os titulares dos establecementos e actividades sometidos a este réxime deberán adoptar as medidas de control que os servizos de intervención xulguen oportunas para os fins do número anterior e subministrar todos os elementos de información necesarios para este efecto.

3. Co obxecto de facer constar cantos feitos ou circunstancias teñan relevancia para o control das actividades ou establecementos sometidos a este réxime, as actuacións da Intervención dos Impostos Especiais de Fabricación documentaranse en dilixencias, comunicacións, informes e actas.

4. As actas formalizadas polos servizos de intervención no curso das súas actuacións, que poderán ser de conformidade ou desconformidade segundo que o interesado aceptase integramente ou non a proposta de liquidación contida nelas, serán emitidas cando proceda regularizar o tratamento tributario das operacións concretas obxecto de control baixo este réxime. As liquidacións derivadas das actas terán carácter provisional.»

Corenta e cinco. Modifícase o artigo 50, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 50. *Controis contables.*

1. Con independencia dos requisitos de tipo contable establecidos polas disposicións mercantís e por outras normas fiscais e sen prexuízo do disposto no número 2 do artigo 11 deste regulamento, a exixencia regulamentaria de levar contas correntes para o control do movemento de produtos e, se é o caso, marcas fiscais que houbo nos distintos establecementos afectados pola normativa destes impostos deberá efectuarse mediante libros foliados e habilitados, a nome do titular, pola oficina xestora do imposto que corresponda ao establecemento. Os asentos de cargo e data efectuaranse de modo tal que se diferencien polos diversos tratamentos fiscais que poidan recibir os produtos que se contabilizan e consignarase a cantidade de produtos nas mesmas unidades en que se determina a base imponible de cada un destes impostos.

2. Con carácter auxiliar dos libros regulamentarios exixidos, poderá levarse un control por fichas, sempre que o resumo destas reverta no libro principal dentro do prazo establecido no número 4 seguinte.

3. Malia o disposto no número 1, a oficina xestora poderá autorizar a substitución do control mediante libros, por un sistema informático, sempre que o programa cubra as exixencias e necesidades regulamentarias. Unha vez autorizado o sistema informático, a presentación ante a oficina xestora realizarase por vía telemática dentro do mes seguinte á finalización do período de liquidación. Cando se trate de varios establecementos dos cales é titular unha mesma persoa, esta poderá dirixir a súa solicitude ao centro xestor para que este autorice un único sistema informático válido para todos os establecementos afectados.

Para todos aqueles establecementos e actividades obrigados a levar a contabilidade de existencias que non teñan a condición de suxeito pasivo de impostos especiais, a presentación realizarase, con carácter xeral, dentro do mes seguinte á finalización do trimestre.

4. Os asentos deberán efectuarse no sistema contable dentro das vinte e catro horas seguintes ao momento de se producir o movemento ou proceso que se rexistra. Cando a industria traballe de forma continuada, a toma de datos para estas anotacións contables referirase a períodos de vinte e catro horas, admitíndose que o inicio de cada período coincida cun cambio de quenda de traballo.

Non obstante, cando se trate de produtos que circulen por estrada, os asentos de cargo relativos aos recibidos en establecementos habilitados para almacenalos en réxime suspensivo ou con aplicación dunha exención ou tipo reducido e os asentos de data relativos aos expedidos desde os mesmos establecementos deberán efectuarse no momento de se producir a entrada ou saída que os orixina.

A falta de asentos nun día determinado, de os haber en días posteriores, entenderase como falta de movemento nesa data.

5. Os expedidores de documentos de circulación levarán un rexistro de documentos expedidos en que conste o número e clase do documento, a data de expedición, o destinatario e a clase e cantidade de produtos saídos do establecemento. Este rexistro pode integrarse na contabilidade de existencias. Cando se trate de documentos de acompañamento, anotarase no dito rexistro a referencia á recepción polo destinatario, precisando se a recepción foi conforme ou existen incidencias, no prazo das 24 horas seguintes á confirmación da recepción.

6. O movemento de produtos nas zonas delimitadas fóra dunha fábrica a que se refire a letra d) do número 2 do artigo 40 deste regulamento deberá rexistrarse nun libro habilitado para o efecto xustificándose os asentos de cargo co albará expedido pola persoa ou entidade que efectúa a devolución con referencia ao asento orixinario de saída da fábrica; os asentos de data xustificaranse co albará que se emita para amparar a circulación dos produtos reexpedidos.

7. Tanto os libros e ficheiros como as listaxes que, se é o caso, os substitúan, así como os xustificantes –orixinais ou fotocopias– dos seus asentos, deberán estar permanentemente no establecemento a que se refiran, mesmo no suposto de que o domicilio fiscal da empresa estea en poboación ou lugar distinto ao do dito establecemento.

Non obstante, por razóns de seguranza ou outras debidamente xustificadas, a oficina xestora poderá autorizar que a dita documentación se conserve nun lugar distinto dentro da mesma poboación, sempre que se encontre á disposición dos servizos de inspección ou de intervención de acordo co réxime de control a que estea sometido o establecemento.

En todo caso, poderá dispoñerse da documentación exigible en soporte informático, sen necesidade de conservala en papel.

8. Toda a documentación regulamentaria e comercial relacionada con estes impostos deberana conservar os interesados nos respectivos establecementos durante o período de prescrición do imposto. Cando se trate de establecementos que se estendan polo ámbito territorial de máis dunha oficina xestora, a indicada documentación conservaranse no lugar onde radique o centro de xestión e control do dito establecemento.

9. O control dos produtos introducidos en depósitos fiscais ou almacéns fiscais constituídos por redes de oleodutos ou de gasodutos ou por instalacións de transporte e distribución de gas natural non conectadas entre si efectuarase a partir do sistema informático contable adoptado polo titular e validado polo centro xestor.»

Corenta e seis. Modifícanse os números 1 e 4 do artigo 51, que quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 51. *Recontos de existencias.*

1. Os titulares de establecementos afectados polas normas deste regulamento que estean obrigados a levar contas correntes para o control contable das súas existencias efectuarán, polo menos, un reconto destas ao finalizar cada trimestre

natural e regularizarán, se é o caso, os saldos das respectivas contas o último día de cada trimestre.

Malia o establecido no parágrafo anterior, cando se trate de depósitos fiscais constituídos por unha rede de oleodutos, os seus titulares efectuarán, polo menos, un reconto os días 30 de xuño e 31 de decembro de cada ano referido ao semestre que conclúe nas ditas datas.

As diferenzas que, se é o caso, resulten dos referidos recontos, regularizaranse no período de liquidación correspondente á data en que o reconto se realizase.

(...)

4. As existencias medias trimestrais, cando sexan a base para a aplicación dunha porcentaxe regulamentaria de perdas, estarán constituídas pola media das existencias almacenadas ao final de cada un dos días que integran o trimestre natural de que se trate. Non obstante, a oficina xestora poderá autorizar, por solicitude dos interesados, que as ditas existencias medias trimestrais se determinen pola media das existencias almacenadas os días 1, 8, 15 e 23 dos tres meses que constitúen cada trimestre natural.

Nos supostos de períodos de liquidación mensual, e só para os efectos contables, os suxeitos pasivos poderán estimar provisionalmente non suxeitas, ata que ao final de cada trimestre poida determinarse exactamente a porcentaxe admisible de perdas non suxeitas, as cantidades resultantes de aplicar, ás medias mensuais de existencias almacenadas, determinadas da forma sinalada no parágrafo anterior, a terceira parte das porcentaxes regulamentarias de perdas sinaladas nos artigos 67. 1. b); 72. A) 1. c), d) e e); 90. 1. e) e f) e 116. 2. ñ) deste regulamento.

O establecido no primeiro parágrafo deste número será tamén de aplicación para os efectos previstos no artigo 90.2.d) deste regulamento.»

Corenta e sete. Introdúcese un novo artigo 53 bis, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 53 bis. *Exención para tendas libres de impostos.*

A aplicación da exención a que se refire o número 3 do artigo 21 da lei levarase a cabo conforme as normas seguintes:

1. As tendas libres de impostos, que deberán estar inscritas nos rexistros territoriais das oficinas xestoras correspondentes como depósitos fiscais dos previstos no artigo 11.2.a)10º.2', exibirán aos adquirentes de bebidas alcohólicas que exhiban o título de transporte, por vía aérea ou marítima, en que figure como destino final un aeroporto ou porto situado nun país terceiro ou territorio terceiro distinto das Illas Canarias.

2. As mencionadas tendas deberán conservar os xustificantes das vendas de bebidas alcohólicas ás cales se aplicou a exención, e neles deberán constar a data da venda, o número do voo ou da travesía marítima que se vai realizar, o porto ou aeroporto de destino final e a cantidade de bebidas alcohólicas vendidas.

3. Se entre as bebidas alcohólicas vendidas houber bebidas derivadas, os envases deberán ir desprovistos das marcas fiscais a que se refire o artigo 26 deste regulamento ou, en caso de levalas, deberán ser retiradas dos ditos envases para a súa posterior destrución, baixo control da Administración tributaria.

Corenta e oito. Modifícase o número 1 do artigo 54, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 54. *Devolución por utilización na preparación de produtos alimenticios e de aromatizantes de produtos alimenticios e bebidas analcohólicas.*

1. A aplicación do dereito á devolución establecido nas letras a) e b) do artigo 22 da lei deberá ser solicitada, previamente, ao centro xestor, polo titular da explotación onde se vaian utilizar o alcohol ou as bebidas alcohólicas nos procesos de obtención de aromatizantes para a elaboración de produtos alimenticios e bebidas analcohólicas ou de alimentos recheos ou outros, nas condicións establecidas no dito artigo.»

Corenta e nove. Modifícase o artigo 55, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 55. *Devolución por inadecuación para consumo humano.*

A aplicación do dereito á devolución a que se refire a letra c) do artigo 22 da lei, respecto de bebidas alcohólicas que deixasen de ser adecuadas para o consumo humano, efectuarase de acordo co seguinte procedemento:

1. O propietario das bebidas solicitará a aplicación do beneficio á oficina xestora correspondente ao establecemento onde se encontran aquelas. No escrito faranse constar os seguintes aspectos:

a) Datos identificativos do solicitante e do establecemento onde se encontran as bebidas.

b) Cantidade de bebidas por que se solicita a devolución, con expresión do seu volume en litros e o seu grao alcohólico volumétrico adquirido ou, se é o caso, o grao Plato adquirido.

c) Causa pola cal as citadas bebidas deixaron de ser adecuadas para seren comercializadas para o consumo humano.

d) Datos relativos ao provedor das bebidas e data en que se adquiriron, xuntando fotocopias do documento de circulación correspondente e da factura.

e) Datos identificativos do depositario autorizado a quen se devolven as bebidas, así como da fábrica ou depósito fiscal a onde se pretenden enviar, xuntando documento acreditativo da conformidade do depositario autorizado con respecto á devolución das bebidas, e

f) Se é o caso, procedemento que se propón para a destrución, así como local en que tal operación poida efectuarse, que poderá ser unha zona delimitada considerada como fóra de fábrica de calquera das fábricas pertencentes ao solicitante, de acordo co previsto no artigo 40. 2. d).

2. A oficina xestora, tras efectuar as comprobacións que considere oportunas, resolverá a solicitude e autorizará, se é o caso, a devolución das bebidas á fábrica ou depósito fiscal sinalado na solicitude, determinando a cota que se devolverá. Desta autorización dará conta á oficina xestora correspondente ao establecemento de destino.

3. Unha vez autorizada a devolución ou transcorridos dez días desde a presentación da solicitude de aplicación do beneficio sen ter recibido resposta da oficina xestora, o depositario autorizado cargará na súa contabilidade de existencias as bebidas que entraron. Este depositario poderá deducir da cota correspondente ao período impositivo en que tivo lugar a entrada das bebidas devoltas, o importe da cota cuxa devolución se acordou ou solicitou.

4. O depositario autorizado fará efectivo o importe da devolución ao solicitante.

5. Cando se optase pola destrución das bebidas fóra de fábrica ou depósito fiscal, esta terá lugar, unha vez autorizada pola oficina xestora, en presenza dos servizos de inspección ou, se é o caso, de intervención, que instruirán a

correspondente dilixencia. A oficina xestora, de proceder, determinará a cota que se devolverá e acordará o seu pagamento.

6. Malia o disposto no número 5 anterior, cando a destrución teña lugar na zona delimitada da fábrica a que se refire o número 1.f), o titular da fábrica comunicaraos aos servizos de intervención con polo menos setenta e dúas horas de antelación respecto do momento previsto para a destrución, para os efectos do seu oportuno control administrativo. Neste caso, a devolución poderá efectuarse, unha vez acordada a súa procedencia pola oficina xestora, mediante dedución do seu importe do das cotas devengadas na dita fábrica no período impositivo en que teña lugar a destrución.

7. Malia o disposto nos números 5 e 6 anteriores, se, chegada a data e hora anunciada para a destrución, non comparecesen os servizos de intervención, o titular do establecemento poderá proceder á citada destrución. De igual forma, en caso de que a destrución non fose continuada no momento da solicitude o titular do establecemento comunicará este feito, así como a duración prevista da operación, aos servizos de intervención.»

Cincuenta. Modifícase o número 5 do artigo 56, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 56. *Fabricación dos produtos gravados.*

(...)

5. A produción de alcohol total ou parcialmente desnaturalizado só poderá ter lugar en fábricas que se dediquen exclusivamente á fabricación do alcohol ou, se é o caso, en depósitos fiscais de alcohol, sen prexuízo do disposto no artigo 73 deste regulamento. Queda prohibida a entrada de alcohol total ou parcialmente desnaturalizado en fábricas en que se obteñan produtos obxecto dos impostos sobre o alcohol e as bebidas alcohólicas distintos do alcohol, salvo o disposto no artigo 88 deste regulamento para a fabricación de extractos e concentrados alcohólicos e nos casos en que o alcohol desnaturalizado se destine baixo control do servizo de intervención ao funcionamento interno da maquinaria ou aparellos que se utilicen nas ditas fábricas.»

Cincuenta e un. Modifícase o número 5 do artigo 59, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 59. *Obrigas específicas dos fabricantes.*

(...)

5. Cando, como consecuencia das operacións de fabricación de cervexa, se obtiver residualmente alcohol, tal circunstancia deberá ser comunicada ao servizo de intervención e non poderá o fabricante dispoñer do dito alcohol sen a previa autorización do referido servizo ou transcorridos dez días desde a presentación da comunicación sen ter recibido resposta. Á obtención e almacenaxe de alcohol na fábrica de cervexa e á súa ulterior expedición desde a fábrica seranlles de aplicación as mesmas normas que regulan a obtención, a almacenaxe e expedición de alcohol desde unha fábrica de alcohol.

As fábricas de cervexa que obteñan alcohol como consecuencia dos procesos de desalcoholización da cervexa seranlles de aplicación o disposto no número 2.b.1.º do artigo 43 deste regulamento, en relación exclusiva co alcohol que saia da fábrica con calquera destino, con exclusión da súa destrución. Así mesmo, estas fábricas serán inscritas no rexistro da oficina xestora correspondente cunha clave de actividade que as distinga daquelas que só obteñen e comercializan cervexa ou, en caso de obterem alcohol, este se utilice ou se destrúa nas mesmas instalacións.»

Cincuenta e dous. Modifícase o artigo 61, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 61. *Porcentaxes de perdas.*

1. Para os efectos do disposto no artigo 6 da lei, as porcentaxes de perdas durante os procesos de produción, almacenamento e transporte de cervexa son as seguintes:

a) Nas primeiras materias: sobre o total cargo trimestral, o 2 por 100 dos quilos-extracto contidos nos cereais, incluída a malte, e o 0,5 por 100 sobre o peso neto para as demais.

b) En cocción: entre os quilos-extracto natural que representan as primeiras materias que entraron en cocemento durante cada trimestre e os contidos no mosto frío pasado a fermentación, o 5,9 por 100 do total do cargo.

c) Na elaboración de cervexa:

1.º No sistema convencional de separación entre fermentación e maduración: entre o volume trimestral de mosto frío pasado a fermentación e o volume de cervexa acabada saída de maduración, o 6,9 por 100 do total cargo trimestral, que se elevará ao 7,8 por 100 nos supostos de dobre filtración.

2.º No sistema en que fermentación e maduración se realizan sucesivamente no mesmo tanque, o 6 por 100 do total do cargo trimestral.

Esta porcentaxe elévase ao 7 por 100 para os supostos de dobre filtración.

d) No almacenamento de cervexas a granel, o 0,25 por 100 do volume de cervexa almacenado durante cada trimestre natural.

e) No envasado de cervexa, o 1,5 por 100 do volume de cervexa pasada a envasar en barrís; o 2,5 por 100 na enchedura de grandes formatos e o 3,5 por 100 para os demais tipos de envases, durante cada trimestre natural. Enténdese por gran formato o recipiente ou tanque sobre medio de transporte, de contido superior a 60 litros.

f) No almacenamento de cervexa envasada, o 0,05 por 100 do volume da cervexa almacenada envasada en barrís, e o 1 por 100 do volume da cervexa almacenada envasada noutros envases durante cada trimestre natural.

g) No transporte de cervexa a granel en réxime suspensivo, o 0,5 por 100 do volume de cervexa que se transporta.

h) A referencia que se efectúa nos números anteriores entenderase feita á totalidade do produto que entrou nos procesos no trimestre.

2. Autorízase o ministro de Economía e Facenda para establecer porcentaxes regulamentarias de perdas nos procedementos de fabricación non citados neste artigo.»

Cincuenta e tres. Derrógase o artigo 62, «Obrigas dos provedores de malte».

Cincuenta e catro. Introdúcese un novo número 6 no artigo 66, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 66. *Obrigas específicas dos fabricantes.*

(...)

6. Cando, como consecuencia das operacións de desalcoholización do viño ou outras bebidas fermentadas, se obtiver residualmente alcohol, tal circunstancia deberá ser comunicada ao servizo de intervención, e o fabricante non poderá dispoñer do dito alcohol sen a autorización previa do referido servizo ou transcorridos dez días desde a presentación da comunicación sen ter recibido resposta. Á obtención, almacenaxe de alcohol polos elaboradores de viño e demais bebidas fermentadas e á súa ulterior expedición desde a fábrica seranlles de aplicación as

mesmas normas que regulan a obtención, a almacenaxe e a expedición de alcohol desde unha fábrica de alcohol.

Aos elaboradores de viño e demais bebidas fermentadas que obteñan alcohol como consecuencia dos procesos de desalcoholización seralles de aplicación o disposto no número 2.b.1.º do artigo 43 deste regulamento, en relación exclusiva co alcohol que saia de fábrica con calquera destino, con exclusión da súa destrución. Así mesmo, estes elaboradores serán inscritos no rexistro da oficina xestora correspondente cunha clave de actividade que os distinga daqueles que só obteñen e comercializan viño ou bebidas fermentadas ou, en caso de obterem alcohol, este se utilice ou se destrúa nas mesmas instalacións.»

Cincuenta e cinco. Modifícase o número 1.b) do artigo 67, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 67. *Porcentaxes de perdas.*

1. Para os efectos do disposto no artigo 6 da lei, as porcentaxes regulamentarias de perdas admisibles sobre o volume real de produto son as seguintes:

(...)

b) Almacenamento de produtos terminados ou en curso de elaboración: o 0,5 por 100 das existencias medias trimestrais. Esta porcentaxe elevarase ao 1,5 por 100 cando o almacenamento se realice en envases de madeira non revestidos nin exterior nin interiormente.»

Cincuenta e seis. Modifícase a letra A) do artigo 72, que queda redactada da seguinte forma:

«Artigo 72. *Porcentaxes de perdas.*

A) Para os efectos do disposto no artigo 6 da lei, as porcentaxes regulamentarias de perdas admisibles, que se calcularán sobre o volume de produto á temperatura de 20 graos, son as seguintes:

1. Nos procesos de elaboración e almacenamento de produtos intermedios:

a) Elaboración que non implique maceración, o 1 por 100.

b) Elaboración mediante maceración, o 3 por 100.

c) Produtos intermedios elaborados ou en proceso de elaboración contidos en envases de madeira non revestidos nin exterior nin interiormente: o 1,5 por 100 das existencias medias trimestrais.

d) Estes produtos contidos noutros envases: o 0,5 por 100 das existencias medias trimestrais.

e) Produtos intermedios que se elaboren polo sistema de crianza baixo lévedos: o 1,6 por 100 sobre o volume de alcohol puro contido nas existencias medias trimestrais. Esta porcentaxe regulamentaria será aplicable con independencia das demais porcentaxes regulamentarias de perdas previstas neste número que, se for o caso, poidan resultar aplicables.

2. No embotellamento, o 0,5 por 100 da cantidade que se vai embotellar.

3. No transporte de produtos intermedios, incluída a descarga, en contedores de máis de 200 litros de capacidade, o 0,5 por 100.

4. Autorízase o ministro de Economía e Facenda a establecer porcentaxes regulamentarias de perdas nos procedementos de fabricación ou elaboración distintos dos citados anteriormente.»

Cincuenta e sete. Introdúcese un novo artigo 72 bis, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 72 bis. *Obtención residual de alcohol en fábricas de produtos intermedios.*

Cando, como consecuencia das operacións de desalcoholización do viño ou outras bebidas fermentadas en fábricas de produtos intermedios, se obtiver residualmente alcohol, tal circunstancia deberá ser comunicada ao servizo de intervención, e o fabricante non poderá dispoñer do dito alcohol sen a autorización previa do referido servizo ou transcorridos dez días desde a presentación da comunicación sen ter recibido resposta. Á obtención, almacenaxe de alcohol polos elaboradores de produtos intermedios e á súa ulterior expedición desde a fábrica seranlles de aplicación as mesmas normas que regulan a obtención, a almacenaxe e expedición de alcohol desde unha fábrica de alcohol.

Aos elaboradores de produtos intermedios que obteñan alcohol como consecuencia dos procesos de desalcoholización seralles de aplicación o disposto no número 2.b.1.º do artigo 43 deste regulamento, en relación exclusiva co alcohol que saia de fábrica con calquera destino, con exclusión da súa destrución. Así mesmo, estes elaboradores serán inscritos no rexistro da oficina xestora correspondente cunha clave de actividade que os distinga daqueles que só obteñen e comercializan produtos intermedios ou, en caso de obterem alcohol, este se utilice ou se destrúa nas mesmas instalacións.»

Cincuenta e oito. Derrógase o número 2 do artigo 74, relativo á tarxeta de subministración de alcohol.

Cincuenta e nove. Modifícase o número 5 do artigo 74, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 74. *Utilización de alcohol totalmente desnaturalizado.*

(...)

5. O disposto nos números anteriores enténdese sen prexuízo do establecido no número 3 do artigo 19 deste regulamento, para o cal os retalistas de alcohol estarán autorizados para vender alcohol totalmente desnaturalizado en cantidade non superior a cinco litros.

Os retalistas de alcohol que vendan alcohol totalmente desnaturalizado en cantidade superior a cinco litros deberán inscribirse na oficina xestora correspondente á súa demarcación.»

Sesenta. Derrógase o número 5 do artigo 75, relativo á tarxeta de subministración de alcohol.

Sesenta e uno. Modifícase o número 7 do artigo 75, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 75. *Utilización de alcohol parcialmente desnaturalizado.*

(...)

7. O alcohol parcialmente desnaturalizado unicamente poderá ser obxecto de utilización, nas condicións establecidas neste regulamento, nun proceso industrial determinado para a obtención de produtos non destinados ao consumo humano por inxestión, excepto naqueles casos en que nin o alcohol nin o desnaturalizante se incorporen ao produto final obtido no proceso, e sempre que o produto utilizado como desnaturalizante estivese autorizado para este consumo polas autoridades sanitarias na fabricación dos ditos produtos.»

Sesenta e dos. Introdúcese tres novos números 8, 9 e 10 no artigo 75, que quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 75. *Utilización de alcohol parcialmente desnaturalizado.*

(...)

8. O centro xestor poderá autorizar a aqueles establecementos que obteñen subprodutos ou residuos alcohólicos cun contido en alcohol etílico superior ao 1,2 por 100 que, polas súas características organolépticas ou a natureza dos outros produtos que o acompañan, o fagan impropio para o consumo humano, a súa destrución mediante combustión e o correspondente aproveitamento enerxético, co cumprimento das medidas de control que se establezan, considerándose que o alcohol se encontra parcialmente desnaturalizado co resto dos compoñentes que integran o residuo ou o subproduto alcohólico.

9. A obtención de alcohol a partir dos residuos alcohólicos requirirá que o establecemento en que se realice a operación se inscriba como fábrica de alcohol, sendo de aplicación as normas que regulan este tipo de establecementos.

10. A destrución de residuos alcohólicos suxeitos ao imposto sobre o alcohol e bebidas derivadas comunicárase á oficina xestora para que esta decida acerca da comprobación. Se a destrución se realiza fóra do establecemento do usuario de alcohol total ou parcialmente desnaturalizado, seguirase o seguinte procedemento:

1.º O usuario levará un libro rexistro dos residuos obtidos, con indicación do contido alcohólico.

2.º O usuario porá en coñecemento da oficina xestora o envío dos produtos a unha empresa debidamente autorizada para a xestión de residuos.

3.º A oficina xestora autorizará o titular do establecemento para expedir un documento que ampare a circulación dos residuos desde o establecemento do usuario á empresa xestora. O documento indicará a cantidade de produto e o alcohol etílico contido na mestura. Poderá utilizarse un documento de acompañamento ou un documento específico.

4.º A empresa xestora de residuos formalizará a recepción e devolverá o documento ao usuario de alcohol exento.

5.º A empresa xestora comunicará á oficina xestora, cun prazo mínimo de 24 horas, a destrución, para que esta decida sobre a comprobación da operación.

6.º En todos os supostos de destrución, a empresa xestora de residuos formalizará unha acta de destrución que comunicará ao usuario para que este anote a operación no libro correspondente.»

Sesenta e tres. Modifícase o número 2 do artigo 76, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 76. *Fabricación de medicamentos.*

(...)

2. A oficina xestora tramitará o expediente. A aplicación da exención considerarase limitada aos procesos de fabricación daqueles medicamentos que se describan na memoria presentada e aos cales a oficina xestora dese a súa conformidade. Para a expedición da tarxeta será necesaria, ademais, a prestación dunha garantía por un importe do 1,5 por 100 das cotas que corresponderían ao alcohol recibido no ano anterior ou, na súa falta, das que corresponderían ao que se pode recibir durante un ano.»

Sesenta e catro. Modifícase o artigo 79, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 79. *Utilización de alcohol en investigación científica.*

A aplicación da exención establecida no número 8 do artigo 42 da lei deberá solicitarse ao centro xestor, nun escrito en que se especificará o fin a que se destina, a forma en que o alcohol participa no proceso, a cantidade de alcohol que se considera necesaria, e o provedor ou provedores elixidos para a subministración, indicando o CAE do establecemento ou establecementos desde os cales se efectuará a subministración.

O centro xestor autorizará, se é o caso, a subministración dunha determinada cantidade de alcohol sen pagamento do imposto, o que comunicará ao solicitante e á oficina xestora correspondente ao establecemento onde se vai consumir o alcohol, co fin de que esta proceda á inscrición do solicitante no rexistro territorial. Por requirimento dos servizos de inspección deberá xustificarse o uso a que se destinou o alcohol recibido con aplicación da exención.»

Sesenta e cinco. Modifícase o parágrafo introdutorio do artigo 80, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 80. *Por utilización sen incorporación ao produto final.*

A aplicación do dereito á devolución establecido no artigo 43 da lei efectuarase de acordo co procedemento seguinte:»

Sesenta e seis. Modifícanse os números 1 e 3 do artigo 81, que quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 81. *Instalación de fábricas.*

1. Os diversos elementos dos aparellos de produción deberán ser montados en instalacións fixas, de forma que poidan comprobarse todas as súas conducións de entrada e saída e que están acondicionados para poderen ser precintados. Os depósitos de alcohol deberán estar cubcados oficialmente coa súa capacidade marcada en litros de forma visible e indeleble e provistos dun tubo de nivel e escala graduada.

(...)

3. Os líquidos alcohólicos circularán libremente desde a súa saída da columna á chave de regulación da produción de alcohois, e desde esta ata os correspondentes contadores ou depósitos precintados, por canalizacións rixidas sen soldadura, derivacións, nin chaves, que serán visibles en todo o seu percorrido; os empates das canalizacións realizaranse por medio de bridas de unión ou porcas que estarán dispostas ou preparadas para poderen ser precintadas e recubertas por unha envoltura rixida tamén precintable.»

Sesenta e sete. Modifícanse os números 1 e 5 do artigo 82, que quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 82. *Declaración de traballo.*

1. Todo fabricante de alcohol, antes de poñer en funcionamento os aparellos de rectificación ou destilación da súa industria, subscribirá unha declaración de traballo, suxeita ao modelo aprobado polo centro xestor, que deberá numerar por anos naturais, independentemente por cada aparello que teña instalado.

Nesta declaración farase constar a cantidade e clase de primeira materia que vai utilizar no proceso, que deberá acharse na fábrica e figurar como existencia nela no momento de efectuar a declaración, o seu contido en alcohol expresado en litros

absolutos, os días e horas que van estar en actividade os aparellos con expresión do día e hora de principio e fin da operación.

Esta declaración deberá remitirse ao servizo de intervención da fábrica por vía telemática.

(...)

5. O día que finalice o período de actividade o fabricante remitirá por vía telemática ao servizo de intervención un parte de resultado de operacións de traballo axustado ao modelo aprobado polo centro xestor.

Neste parte de resultado de operacións de traballo consignaranse as materias primas realmente utilizadas e o alcohol obtido, con expresión en ambos os casos da súa riqueza alcohólica en litros absolutos. O servizo de intervención procederá á precintaxe dos aparellos e asinará co fabricante a oportuna dilixencia.»

Sesenta e oito. Modifícase o artigo 83, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 83. *Interrupción de operacións.*

1. Cando por avaría ou por causa de forza maior se interrompa o inicio ou a marcha normal das operacións, o fabricante comunicaráo inmediatamente ao servizo de intervención por vía telemática.

En caso de avaría dos contadores ou sistema de control, deberán interromperse as operacións de fabricación e comunicarse tal circunstancia ao servizo de intervención de forma inmediata nos termos do parágrafo anterior. O servizo de intervención poderá dispoñer a continuación da operación ata a súa ultimación no réxime de depósito precintado a que se refire o número 8 do artigo 81.

2. Reparada a avaría, poderán reiniciarse as operacións. Farase constar o tempo de inactividade na declaración de traballo e darase conta do reinicio ao servizo de intervención por vía telemática.

Non obstante, se a reparación exixir un prazo superior ao que reste para finalizar o período sinalado na declaración, darase por ultimada a operación, tomando como data e hora de peche as de interrupción, e non se computarán, para efectos de recontos de existencias, as primeiras materias non utilizadas.»

Sesenta e nove. Modifícanse os números 2 e 5 do artigo 84, que quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 84. *Prevenções xerais na fabricación de alcohol.*

(...)

2. O repaso e, se é o caso, o rebaixe previo de alcohois rectificadas ou destilados só poderá realizarse con autorización expresa do servizo de intervención.

(...)

5. Os fabricantes de alcohol poderán envasar estes produtos dentro do recinto da propia fábrica. Os envases deberán ter as indicacións exixidas pola normativa relativa ao almacenamento, transporte, etiquetaxe, presentación, publicidade dos produtos alimenticios e calquera outra que lles resulte aplicable; cando se trate de alcohol desnaturalizado ou deshidratado figurará, ademais, a expresión «alcohol desnaturalizado con... (clase de desnaturalizante) ou deshidratado. Non apto para uso de boca.»

Setenta. Modifícanse os números 1 e 4 do artigo 89, que quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 89. *Deber de colaboración.*

1. Os fabricantes, vendedores ou propietarios de aparellos ou partes destes aptos para a destilación ou rectificación de alcohois ou líquidos alcohólicos deberán poñer en coñecemento da oficina xestora correspondente ao seu domicilio fiscal, antes da saída do establecemento, os nomes, NIF e domicilios das persoas a que se envíen.

(...)

4. Os que almacenen produtos que constitúan primeira materia para a fabricación de alcohol vínicico estarán obrigados a presentar, dentro dos vinte días seguintes á terminación de cada trimestre natural, ante a oficina xestora, unha relación suxeita a modelo aprobado polo ministro de Economía e Facenda, dos produtos enviados con destino a fábricas de destilación ou de rectificación no trimestre anterior, indicando data, destinatario e industria que exerce, enderezo, localidade de destino, cantidade e graduación. Cando se trate de bagazos, purrela e demais residuos da vinificación, incluíranse na dita relación, calquera que sexa o seu destino.

Non obstante, a presentación da dita relación non será obrigatoria cando sexa negativa.»

Setenta e uno. Modifícase o artigo 90, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Para os efectos do disposto no artigo 6 da lei, as porcentaxes regulamentarias de perdas admisibles nos procesos de fabricación, elaboración, envasado, almacenamento e transporte son as seguintes:

a) No proceso de fermentación alcohólica das melazas e demais sustancias azucradas: o 10 por 100 da cantidade de alcohol absoluto que constituiría o rendemento químico teórico do 100 por 100 dos azucres fermentescibles expresados en sacarosa contidos naquelas que fosen postas en traballo.

b) Na rectificación e destilación de alcohol: o 3 por 100 e o 1,5 por 100, respectivamente, das cantidades de alcohol puro postas en traballo. Cando se trate da destilación de bagazos en aparellos de baixa presión, esta porcentaxe elevarase ao 5 por 100.

c) Na elaboración de bebidas derivadas:

1.º Fabricación por destilación directa: as mesmas porcentaxes que no número b) anterior.

2.º A elaboración en frío que non implique maceración: o 1 por 100 das cantidades de alcohol puro postas en traballo.

3.º A elaboración en frío con maceración: o 3 por 100 das cantidades de alcohol puro postas en traballo.

4.º A elaboración en quente: o 3 por 100 das cantidades de alcohol puro postas en traballo.

5.º A elaboración por posmaduración: as establecidas na letra e) seguinte.

d) No embotellamento ou envasado en recipientes acondicionados para a venda ao retalho: o 0,5 por 100 das cantidades de alcohol puro a envasar.

e) No almacenamento de alcohol e bebidas derivadas en envases distintos de botellas: o 0,50 por 100 das existencias medias trimestrais. Cando se realice en envases de madeira non revestidos nin exterior nin interiormente, esta porcentaxe elevarase ao 1,5 por 100.

f) No almacenamento de primeiras materias en fábricas de alcohol: o 1 por 100 das existencias medias trimestrais; esta porcentaxe elevarase ata o 5 por 100 cando se trate de melazas, bagazos e demais materias primas non líquidas.

g) No transporte de alcohol e bebidas derivadas, en contedores de máis de 200 litros incluída a súa descarga: o 0,5 por 100 da cantidade que consta como transportada no correspondente documento de circulación.

2. Para os efectos do previsto no número 11 do artigo 15 e no número 2 do artigo 45, ambos da lei e no número 2 do artigo 52 deste regulamento, e respecto dos usuarios que reciban alcohol con aplicación dalgunha das exencións previstas naquela, incluído o alcohol total ou parcialmente desnaturalizado, consideraranse xustificadas, sen necesidade de proba, as perdas que se produzan nos seguintes procesos e porcentaxes:

a) Na elaboración en frío de produtos que conteñan alcohol sen que implique maceración: o 1 por 100 das cantidades de alcohol puro postas en traballo.

b) Na elaboración en frío con maceración e en quente, de produtos que conteñan alcohol: o 3 por 100 das cantidades de alcohol puro postas en traballo.

c) No embotellamento ou envasado de produtos que conteñan alcohol en recipientes acondicionados para a venda ao retallo: o 0,5 por 100 das cantidades de alcohol que se envasen.

d) No almacenamento de alcohol en envases distintos de recipientes acondicionados para a venda ao retallo: o 0,50 por 100 das existencias medias trimestrais. Cando se realice en envases de madeira non revestidos nin exterior nin interiormente, esta porcentaxe elevarase ao 1,5 por 100.

e) No transporte de alcohol en contedores de máis de 200 litros incluída a súa descarga: o 0,5 por 100.

3. Autorízase o ministro de Economía e Facenda para establecer porcentaxes regulamentarias de perdas nos procedementos de fabricación ou elaboración distintos dos citados anteriormente.»

Setenta e dos. Modifícase o artigo 91, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 91. *Requisitos dos envases.*

1. A circulación de bebidas derivadas fóra de réxime suspensivo cun destino dentro do ámbito territorial interno distinto dunha planta embotelladora independente terá lugar en envases de calquera capacidade, sen prexuízo do establecido na normativa sobre gamas de cantidades e capacidades nominais para produtos envasados.

2. As cisternas que conteñan alcohol ou, se é o caso, bebidas derivadas de calquera clase deberán levar precintadas todas as súas chaves polo remitente. En cada cisterna ou compartimento desta deberá figurar, de maneira indeleble, a súa capacidade en litros. Igualmente, os bidóns e outros envases de madeira destinados ao transporte de alcohol e, se é o caso, bebidas derivadas, levarán as indicacións exixidas pola normativa que en materia de transporte, envasado, etiquetaxe e publicidade lles resulte de aplicación.

3. Os envases dos alcohois que non sexan aptos para uso de boca indicarán, en caracteres ben visibles, esta circunstancia.»

Setenta e tres. Modifícase o artigo 101, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 101. *Avituallamento a aeronaves.*

1. A exención establecida no artigo 51.2.a) da lei xustificárase mediante os comprobantes de entrega, expedidos polo propio subministrador.

2. Os comprobantes de entrega conterán, como mínimo, os datos seguintes:

a) Subministrador:

- 1.º Nome ou razón social.
- 2.º NIF e CAE.
- 3.º Razón social e NIF do propietario do carburante.

b) Destinatario:

- 1.º Nome ou razón social.
- 2.º NIF nacional ou comunitario ou, en caso de non dispoñer deste dato, calquera outro que permita a identificación, dispoñible para efectos fiscais.
- 3.º Código OACI.
- 4.º Matrícula da aeronave.
- 5.º Aeroporto.
- 6.º Se é o caso, nome ou razón social e NIF do representante.

c) Avituallamento:

- 1.º Clase, epígrafe e cantidade do carburante.
- 2.º Data e sinatura co recibo do receptor.
- 3.º Observacións e “recibín a bordo” do comandante da aeronave, así como declaración do titular da aeronave ou do seu representante, comprensiva de que a aeronave subministrada non realiza aviación privada de recreo.

Os datos anteriores poderán ser obxecto de codificación. En tal caso, o subministrador deberá facilitar ao centro xestor unha táboa de correlacións de códigos utilizados e o seu significado.

3. Unha vez efectuadas as subministracións, o subministrador numerará correlativamente os comprobantes de entrega expedidos. A numeración será única, calquera que sexa o réxime fiscal ou alfandegueiro das operacións efectuadas. Estas operacións rexistraranse na contabilidade de existencias do establecemento, con referencia aos números dos comprobantes de entrega que servirán de xustificante.

4. O subministrador conservará durante o período de prescrición do imposto os comprobantes de entrega e o resto da documentación que acredite a realización das operacións.

5. Cando os carburantes para navegación sexan entregados polos obrigados tributarios a titulares de aeronaves que habitualmente utilicen instalacións privadas para engalar e aterrizar, os titulares de tales aeronaves deberán ser previamente autorizados polas oficinas xestoras correspondentes a tales instalacións para recibiren os carburantes con exención do imposto. A oficina xestora expedirá, se é o caso, a tarxeta de inscrición no rexistro territorial que formaliza a autorización, que deberá presentarse ao subministrador do carburante. Os citados titulares deberán levar a contabilidade necesaria para efectos de xustificar o destino dado aos carburantes adquiridos con exención do imposto.

6. O subministrador presentará polos medios e procedementos electrónicos, informáticos ou telemáticos que determine o ministro de Economía e Facenda, nun prazo que rematará o día 20 do mes seguinte ao da finalización do trimestre, a información relativa ás subministracións efectuadas no trimestre con exención do imposto sobre hidrocarburos, agrupada globalmente por destinatarios e cantidade total entregada a cada un deles.»

Setenta e catro. Modifícanse os números 2 e 5 do artigo 102, que quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 102. *Avituallamento de embarcacións.*

(...)

2. O subministrador documentará a operación de avituallamento cun recibo de entrega que deberá conter, polo menos, os seguintes datos:

a) Subministrador:

- 1.º Nome ou razón social.
- 2.º NIF e CAE.
- 3.º Razón social e NIF do propietario do carburante.

b) Destinatario:

- 1.º Nome ou razón social.
- 2.º NIF nacional ou comunitario ou, en caso de non dispoñerse deste dato, calquera outro que permita a identificación, dispoñible para efectos fiscais.
- 3.º Nome ou razón social e NIF do consignatario.
- 4.º Bandeira, matrícula e nome da embarcación.
- 5.º Porto.

c) Avituallamento:

- 1.º Clase, epígrafe e cantidade do carburante.
- 2.º Data e sinatura co recibo do receptor.
- 3.º Dilixencia do capitán do buque ou, na súa falta, do consignatario, da recepción a bordo, conforme ou coas incidencias que se indiquen, así como de que a embarcación non realiza navegación privada de recreo.

(...)

5. Os subministradores dos hidrocarburos deberán presentar polos medios e procedementos electrónicos, informáticos ou telemáticos que determine o ministro de Economía e Facenda, nun prazo que finalizará o día 20 do mes seguinte á terminación de cada trimestre, a información relativa ás subministracións efectuadas durante o trimestre con exención do imposto sobre hidrocarburos, agrupada globalmente por destinatarios e cantidade total entregada a cada un deles.»

Setenta e cinco. Modifícase o artigo 105, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 105. *Proxectos piloto relativos a biocarburantes e biocombustibles.*

1. A aplicación da exención prevista no artigo 51.3 da lei rexeráse polo disposto neste artigo.

Para os únicos efectos da aplicación deste artigo entenderase que a expresión «biocarburantes» comprende tanto os biocarburantes, definidos no número 1.m) do artigo 49 da lei, como os biocombustibles, definidos no número 1.n) do mesmo artigo que se destinen, como tales ou despois de modificación química, respectivamente ao seu uso como carburante ou como combustible, directamente ou mesturados con outros carburantes ou combustibles.

A aplicación da exención requirirá a introdución previa dos biocarburantes nunha fábrica ou depósito fiscal situados no ámbito territorial interno, se non estivesen previamente nun destes establecementos, ou ben, tratándose de biocarburantes recibidos do ámbito territorial comunitario non interno sen pasar por estes establecementos, que o receptor teña a condición de destinatario rexistrado. En

caso de importacións de biocarburantes fóra de réxime suspensivo, o dereito á aplicación da exención xustificárase ante a alfándega de importación.

Cando o biocarburante sexa alcohol etílico deberá ter a condición de alcohol parcialmente desnaturalizado.

2. As persoas que desexen acollerse á exención presentarán ante o centro xestor a correspondente solicitude que deberá ir acompañada dunha memoria descritiva do proxecto piloto que se invoca e, en especial, da utilización neste dos biocarburantes. Cando sexan varias as persoas ou entidades que participen no proxecto piloto, a solicitude deberá ser subscribida por todas elas. A referida memoria versará, como mínimo, sobre os seguintes aspectos:

a) Acreditación do carácter experimental do proxecto e de que este se limita a demostrar a viabilidade técnica ou tecnolóxica da súa produción ou utilización, con exclusión da ulterior explotación industrial dos seus resultados.

b) Tipo de biocarburante que se vai utilizar, así como o lugar e o procedemento para a súa obtención con descrición dos estadios intermedios do dito procedemento.

c) Modo en que o produto de que se trate, como tal ou despois de modificación química, é susceptible de ser utilizado como carburante (directamente ou mesturado con outros carburantes).

d) Descrición das características do proxecto piloto desde a obtención do produto ata que este é finalmente utilizado como carburante, con indicación dos establecementos en que, se é o caso, se desenvolven as distintas fases do proxecto.

e) Previsión da cantidade do biocarburante que comprende o proxecto piloto. A condición establecida na letra a) anterior considerárase acreditada cando a dita cantidade non exceda os 5.000 litros por ano do biocarburante para o cal se solicita a aplicación da exención.

f) Duración do proxecto, que non poderá exceder o prazo sinalado no número 3. Ademais, o centro xestor poderá solicitar dos interesados informacións complementarias ou aclaracións en relación coa documentación presentada.

3. O centro xestor resolverá sobre a solicitude formulada coa expedición, se é o caso, do correspondente acordo de recoñecemento da exención.

Este acordo expedirase, se é o caso, coa vixencia solicitada polos interesados que non poderá exceder os cinco anos. A aplicación da exención levarase a cabo, segundo os casos, do modo previsto nos números seguintes.

4. Cando o biocarburante se destine a ser utilizado como tal ou logo de modificación química sen mesturar con outros carburantes, a exención aplicarase, unha vez producido o devengo do imposto e sempre que non concorra a aplicación doutro suposto de exención, sobre este biocarburante.

O biocarburante enviarase directamente desde o establecemento que teña a consideración de fábrica de hidrocarburos ata os consumidores finais que como tales estean identificados no proxecto piloto. Non obstante, se así o prevé o proxecto piloto, o envío dos biocarburantes aos consumidores finais identificados poderá ter lugar a través dun depósito fiscal ou dun almacén fiscal con cumprimento do previsto ao respecto na lei e neste regulamento.

5. Cando se trate de biocarburantes destinados como tales ou despois de modificación química a mesturarse cun carburante antes da ultimación do réxime suspensivo, observaranse as seguintes regras:

a) O biocarburante enviarase en réxime suspensivo desde o establecemento que teña a consideración de fábrica de hidrocarburos ata aquel en que, como tal ou despois de modificación química, se incorpore ao carburante. Se a súa modificación química se efectuar nun establecemento distinto do de partida, o envío a este último,

que tamén terá a consideración de fábrica de hidrocarburos, efectuarase tamén en réxime suspensivo.

b) A contabilidade de existencias da fábrica ou depósito fiscal en que se reciban reflectirá en contas separadas o movemento dos biocarbures recibidos como tales ou quimicamente modificados dos biocarbures modificados quimicamente no establecemento, dos carbures cos que se mesturan e das mesturas finalmente obtidas.

c) A exención prevista no artigo 51.3 da lei aplicarase sobre o biocarbure como tal ou despois de modificación química presente na mestura que o contén, sempre que respecto da dita mestura se produza o devengo do imposto e non conorra a aplicación doutro suposto de exención. Á parte da mestura que non é biocarbure seralle de aplicación o tipo impositivo que corresponda conforme o disposto no artigo 50 da lei.

d) Cando a mestura que contén o biocarbure como tal ou despois de modificación química saia de fábrica ou depósito fiscal con destino a outra fábrica ou depósito fiscal situados no ámbito territorial interno, o envío deberá ir acompañado dun documento de circulación en que se fará referencia ao volume total da mestura e ao volume do biocarbure como tal ou despois de modificación química comprendido naquela nos termos do número 8 deste artigo. Este documento servirá de xustificante ao asento que se practique na contabilidade de existencias da fábrica ou depósito fiscal de recepción, que deberá cumprir co establecido na letra b) deste número. Cando a mestura que contén o biocarbure como tal ou logo de modificación química saia desta fábrica ou depósito fiscal cun destino diferente do do seu envío a outra fábrica ou depósito fiscal situado no ámbito territorial interno, será de aplicación o previsto na letra c).

6. Para os efectos do disposto nos dous números anteriores, terán a consideración de fábrica de hidrocarburos e deberán inscribirse como tales no rexistro territorial os seguintes establecementos:

a) Cando o biocarbure sexa susceptible de ser utilizado directamente ou ben se destine a ser mesturado sen modificación química cun carbure, terá a consideración de fábrica de hidrocarburos o establecemento onde se obteña o biocarbure.

b) Con independencia do previsto na letra a) anterior, cando a utilización do biocarbure precise a súa previa modificación química terá tamén a consideración de fábrica de hidrocarburos o establecemento onde se leve a cabo a dita modificación. En particular, cando o biocarbure se destine á súa conversión nun aditivo, terán a consideración de fábrica de hidrocarburos tanto o establecemento onde se obtén o biocarbure como o establecemento onde este aditivo se obteña.

c) O disposto nas letras a) e b) enténdese sen prexuízo dos casos en que o establecemento onde se obteña ou procese o biocarbure teña por si mesmo a consideración de fábrica de alcohol ou de hidrocarburos.

7. Para a aplicación da normativa do imposto sobre hidrocarburos, os asentos na contabilidade de existencias, os documentos de circulación e calquera outro documento que deba de formalizarse en relación ao volume dos biocarbures, como tales ou logo de modificación química, efectuaranse sempre referidos á temperatura de 15.º C.

8. No documento de circulación que proceda expedir para amparar a circulación dos biocarbures como tales ou logo de modificación química ou dos produtos que os conteñan, indicarse o biocarbure de que se trate e, se é o caso, a proporción en que se inclúe na mestura da que forme parte.

9. Cando o biocarbure producido sexa alcohol etílico (bioetanol), e mentres manteña a súa identidade como tal, será de aplicación o disposto no número 8 do artigo 108 bis.»

Setenta e seis. Modifícase o artigo 107, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 107. *Medios de pagamento específicos.*

1. Para os efectos do disposto no número 3 c) do artigo 106 anterior entenderase por:

a) «Tarxetas-gasóleo bonificado». As tarxetas de crédito, de débito ou de compras cuxa emisión fose previamente aprobada polo centro xestor para seren utilizadas como medio de pagamento para a adquisición de gasóleo bonificado a retallistas en instalacións de venda ao retallo inscritas no rexistro territorial. Será condición necesaria para a súa aprobación o cumprimento das seguintes condicións:

1.º Só serán susceptibles de utilización para a adquisición de gasóleo bonificado a retallistas en instalacións de venda ao retallo inscritas no rexistro territorial.

2.º Deben quedar identificados tanto o vendedor como o comprador do gasóleo.

3.º Debe quedar constancia do importe da adquisición.

4.º Deben quedar identificadas as contas de aboamento e de cargo dos pagamentos efectuados mediante a súa utilización.

5.º Os aboamentos soamente poderán efectuarse nas contas abertas a nome daqueles retallistas que acrediten a súa inscrición no rexistro territorial como titulares da instalación de venda ao retallo. Nas notificacións de aboamento deberá figurar claramente que corresponden a operacións pagadas mediante a tarxeta-gasóleo bonificado.

6.º A entidade emisora da tarxeta debe estar capacitada para dar cumprimento ao que se establece nos números 2 e 4 deste artigo.

O solicitante deberá adherir a súa etiqueta identificativa do número de identificación fiscal no modelo de solicitude de emisión que a entidade teña establecido.

b) «Cheques-gasóleo bonificado». Os cheques carburante en que figura, con caracteres destacados, a expresión «gasóleo bonificado». Este cheque só poderá utilizarse como medio de pagamento para a adquisición de gasóleo bonificado a retallistas en instalacións de venda ao retallo inscritas no rexistro territorial. A primeira vez que se solicite a unha entidade de crédito a expedición destes cheques, o solicitante deberá adherir ao documento de solicitude que aquela teña establecido unha etiqueta identificativa do seu número de identificación fiscal. Os cheques-gasóleo bonificado presentaranse ás entidades de crédito de forma separada do resto dos cheques para o seu aboamento en conta. As entidades de crédito unicamente poderán aboar o importe destes cheques nas contas abertas a nome daqueles retallistas que lles acrediten a súa inscrición no rexistro territorial, conforme se establece no número seguinte.

2. As entidades emisoras de tarxetas-gasóleo bonificado presentarán, polos medios e procedementos electrónicos, informáticos ou telemáticos que determine o ministro de Economía e Facenda, nun prazo que finalizará o día 20 do mes seguinte á finalización de cada trimestre, unha relación cos seguintes datos:

a) Apelidos e nome ou razón social, domicilio, número de identificación fiscal e código da conta de cliente (c.c.c.) de cargo, correspondentes aos adquirentes do gasóleo.

b) Importe total cargado na conta no trimestre, correspondente aos pagamentos efectuados mediante a utilización das tarxetas-gasóleo bonificado expedidas aos adquirentes de gasóleo.

3. As entidades de crédito que emitisen cheques-gasóleo bonificado presentarán, polos medios e procedementos electrónicos, informáticos ou telemáticos que determine o ministro de Economía e Facenda, nun prazo que rematará o día 20 do mes seguinte ao de finalización de cada trimestre, unha relación cos seguintes datos:

a) Apelidos e nome ou razón social, domicilio, número de identificación fiscal e código da conta de cliente (c.c.c.) de cargo, correspondentes ao adquirente do gasóleo.

b) Importe total cargado na conta no trimestre, correspondente aos pagamentos efectuados mediante cheques-gasóleo bonificado.

4. As entidades emisoras de tarxetas e as entidades de crédito remitirán, igualmente, ao centro xestor, unha relación dos importes aboados trimestralmente polas ditas entidades aos retallistas inscritos no rexistro territorial, correspondentes a pagamentos efectuados mediante tarxetas-gasóleo bonificado ou cheques-gasóleo bonificado, a partir da data que determine o ministro de Economía e Facenda.

5. As entidades emisoras de tarxetas-gasóleo bonificado e as entidades de crédito serán responsables da correspondencia entre os datos contidos nas ditas relacións e os que se deducen dos medios de pagamento utilizados. En particular, as entidades de crédito serán responsables da identificación diferenciada nos extractos periódicos dos aboamentos correspondentes ao ingreso de cheques-gasóleo bonificado.

6. A autorización para a emisión das tarxetas a que se refire a letra a) do número 1 deste artigo será revogada polo centro xestor cando as entidades emisoras das tarxetas-gasóleo bonificado incumpran as condicións exixidas para a súa aprobación.»

Setenta e sete. Modifícase o artigo 108 bis, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 108 bis. *Aplicación dos tipos impositivos de biocarburantes e biocombustibles.*

1. A aplicación dos tipos previstos nas epígrafes 1.13 a 1.15 do artigo 50 da lei rexeráse polo disposto neste artigo, no artigo 108 ter e no artigo 108 quáter.

Para os únicos efectos da aplicación deste artigo, o artigo 108 ter e o artigo 108 quáter, entenderase que a expresión «biocarburantes» comprende tanto os biocarburantes definidos no artigo 49.1.m) da lei como os biocombustibles definidos no artigo 49.1.n) que, en ambos os casos, se destinen, como tales ou logo de modificación química, respectivamente ao seu uso como carburante ou como combustible, directamente ou mesturados con outros carburantes ou combustibles.

A aplicación destes tipos impositivos requirirá a introdución previa dos biocarburantes nunha fábrica ou depósito fiscal situados no ámbito territorial interno, se non estivesen previamente nun destes establecementos, ou ben, tratándose de biocarburantes recibidos do ámbito territorial comunitario non interno sen pasar por estes establecementos, que o receptor teña a condición de destinatario rexistrado. En caso de importacións de biocarburantes fóra de réxime suspensivo, a aplicación destes tipos poderá solicitarse da alfándega de importación.

Cando o biocarburante sexa alcohol etílico deberá ter a condición de alcohol parcialmente desnaturizado conforme o procedemento e desnaturizante aprobados previamente polo centro xestor.

2. Cando se trate de biocarburantes destinados como tales ou despois de modificación química, a utilizar sen mesturar, o tipo impositivo especial aplicarase nas condicións previstas no artigo 50 bis da lei unha vez que se produza o devengo do imposto e sempre que non concorran a aplicación dun suposto de exención.

3. Cando se trate de biocarburantes destinados como tales ou despois de modificación química, a mesturarse cun carburante antes da ultimación do réxime suspensivo, a operación de mestura realizarase mediante comunicación previa á oficina xestora competente, por calquera medio que permita ter constancia de que recibiu a comunicación. Non obstante, cando nas fábricas ou depósitos fiscais se dispoña de sistemas de mestura que garantan o control das operacións, previamente aprobados polas oficinas xestoras, estas poderán dispensar da comunicación previa das operacións de mestura. En todo caso, deberán cumprirse as seguintes regras:

a) O biocarburante enviarase en réxime suspensivo desde o establecemento que teña a consideración de fábrica ou depósito fiscal de hidrocarburos ata aquel en que, como tal ou despois de modificación química, se incorpore ao carburante. Se a súa modificación química se efectuar nun establecemento distinto do de partida, o envío a este último, que tamén terá a consideración de fábrica de hidrocarburos, efectuarase tamén en réxime suspensivo.

b) A contabilidade de existencias da fábrica ou depósito fiscal en que se reciban reflectirá en contas separadas o movemento dos biocarburantes recibidos como tales ou quimicamente modificados, dos biocarburantes modificados quimicamente no establecemento, dos carburantes con que se mesturan e das mesturas finalmente obtidas.

c) O tipo impositivo especial aplicarase sobre o biocarburante como tal ou despois de modificación química, presente na mestura que o contén, sempre que respecto da dita mestura se produza o devengo do imposto e non concorra a aplicación dun suposto de exención. Á parte da mestura que non é biocarburante seralle de aplicación o tipo impositivo que corresponda conforme o disposto no artigo 50 da lei.

d) Cando a mestura que contén o biocarburante como tal ou despois de modificación química, saia de fábrica ou depósito fiscal con destino a outra fábrica ou depósito fiscal situado no ámbito territorial interno, no documento de circulación farase referencia ao volume total da mestura e ao volume do biocarburante como tal ou despois de modificación química, comprendido naquela. Este documento servirá de xustificante ao asento que se practique na contabilidade de existencias da fábrica ou depósito fiscal de recepción, que deberá cumprir co previsto na letra b) deste número. Esta mestura poderá, pola súa vez, mesturarse con outras da mesma epígrafe fiscal que xa se encontren no establecemento.

e) En caso de adquisición intracomunitaria de mesturas de biocarburante con carburante convencional con destino a unha fábrica ou depósito fiscal situado no ámbito territorial interno, cando o documento de circulación que ampare a entrada no establecemento de destino non faga referencia á porcentaxe de mestura, o titular do establecemento deberá efectuar unha declaración en que se faga constar esta porcentaxe. Esta declaración, que servirá de base para contabilizar a entrada dos produtos no establecemento de destino, deberá facer referencia ao número de documento de circulación e remitirse telematicamente á oficina xestora nun prazo de 5 días desde a recepción do produto.

f) En caso de importación de mesturas de biocarburante con carburante convencional con destino a unha fábrica ou depósito fiscal, o documento que ampare a circulación ata este establecemento deberá facer referencia á porcentaxe da mestura.

4. O centro xestor poderá autorizar, cando existan razóns económicas que o aconsellen e coas condicións particulares que en cada caso se establezan con motivo da autorización, que as operacións de mestura en réxime suspensivo dun carburante convencional destinado a un depósito fiscal para mesturarse neste cun biocarburante se poidan realizar no buque que transporta o referido carburante convencional. O outorgamento de tal autorización estará condicionado a que a

operación se leve a cabo mentres o buque estea atracado no porto en que radique o depósito fiscal.

5. Para os efectos do disposto nos números anteriores e nos artigos 108 ter e 108 quáter, terán a consideración de fábrica de hidrocarburos e deberán inscribirse como tales no rexistro territorial os seguintes establecementos:

a) Cando o biocarburente sexa susceptible de ser utilizado directamente ou ben se destine a ser mesturado sen modificación química cun carburante, terá a consideración de fábrica de hidrocarburos o establecemento onde se obteña o biocarburente.

b) Con independencia do previsto no parágrafo anterior, cando a utilización do biocarburente precise a súa previa modificación química, tamén terá a consideración de fábrica de hidrocarburos o establecemento onde se leve a cabo a dita modificación. En particular, cando o biocarburente se destine á súa conversión nun aditivo, tanto o establecemento onde se obtén o biocarburente como o establecemento onde este aditivo se obteña terán a consideración de fábrica de hidrocarburos.

c) O disposto nas letras a) e b) enténdese sen prexuízo dos casos en que o establecemento onde se obteña ou procese o biocarburente teña por si mesmo a consideración de fábrica de alcohol ou de hidrocarburos.

6. Para a aplicación da normativa do imposto sobre hidrocarburos, os asentos na contabilidade de existencias, as declaracións dos titulares dos establecementos e calquera outro documento que deba formalizarse en relación co volume dos biocarburentes como tales ou despois de modificación química, efectuarase sempre referido á temperatura de 15 °C.

7. Cando o biocarburente producido sexa alcohol etílico (bioetanol) e mentres non sexa sometido a unha transformación química que altere a súa composición, ou ben mentres non sexa mesturado con carburantes convencionais nunha proporción de alcohol etílico igual ou inferior a un 95 por 100 en volume, rexerán respecto del as disposicións da lei e deste regulamento relativas ao imposto sobre o alcohol e bebidas derivadas que resulten aplicables, con independencia do establecido nos números anteriores.

O produto resultante da mestura citada no parágrafo anterior terá, para efectos fiscais, a consideración do carburante convencional que se lle adicionase, sen prexuízo da aplicación do tipo especial á parte daquel correspondente ao alcohol etílico (bioetanol).

8. Cando, con motivo dos resultados de análise ou outras probas practicadas, se é o caso, se poña de manifesto que a porcentaxe de biocarburente tida en conta nas declaracións-liquidacións correspondentes foi incorrecta, a diferenza incluírase na contabilidade do establecemento, así como na declaración-liquidación correspondente, no período en que a citada incorrección fose comprobada.»

Setenta e oito. Introdúcese un novo artigo 108 ter, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 108 ter. *Produtos a que se refiren as letras f) e g) do artigo 46. 1 da lei.*

Considerarase que os produtos a que fan referencia as letras f) e g) do 46. 1 da lei se destinan a un uso como carburante ou combustible no momento en que se produza a primeira entrada nun establecemento autorizado para fabricar ou almacenar produtos destinados a tales usos.

As persoas ou entidades que envíen desde o ámbito territorial interno estes produtos aos establecementos que determinan, conforme o disposto no parágrafo anterior, a súa inclusión no ámbito obxectivo do imposto, deberán inscribirse nas oficinas xestoras en cuxa demarcación se encontre o establecemento de envío e remitir un parte trimestral á oficina xestora, exclusivamente polos envíos a que se refire o parágrafo anterior.

Este parte trimestral axustarase ao modelo aprobado polo centro xestor e presentarase telematicamente dentro dos vinte días naturais seguintes á terminación de cada trimestre soamente no caso de que houberse envíos efectivos durante este prazo.

En caso de adquisición intracomunitaria ou de importación dos produtos a que se refiren as letras f) e g) do artigo 46.1 da lei, será o adquirente ou importador que os envíe a unha fábrica ou depósito fiscal de hidrocarburos quen estea suxeito ás obrigas de inscrición e remisión do parte trimestral a que se refire o parágrafo anterior.

En caso de adquisición intracomunitaria ou importación directa destes produtos por unha fábrica ou depósito fiscal, non se lle exixirán ao titular destes establecementos as obrigas de inscrición e remisión de parte trimestral a que se refire o parágrafo anterior.

O disposto neste número non será de aplicación ao alcohol etílico a que se refire a letra f) do artigo 46. 1 da lei mentres, de conformidade coa lei e este regulamento, se encontre incluído no ámbito obxectivo do imposto sobre o alcohol e bebidas derivadas ou sometido ás regras deste imposto.»

Setenta e nove. Introdúcese un novo artigo 108 quáter, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 108 quáter. *Depósito fiscal loxístico.*

1. Malia o disposto no número 3 do artigo 108 bis, cando se trate de biocarburantes destinados como tales ou despois de modificación química a se mesturaren cun carburante antes da ultimación do réxime suspensivo, ou xa mesturados cun carburante nunha fábrica ou depósito fiscal, que se introduzan en depósitos fiscais loxísticos e que sexan expedidos a destino distinto dunha fábrica ou depósito fiscal, a aplicación dos tipos previstos nas epígrafes 1.13 a 1.15 respecto dos referidos biocarburantes poderá efectuarse a partir dos resultados que ofrezca o sistema contable e de información proposto pola entidade e autorizado para estes efectos polo centro xestor. A proposta que se autorice deberá cumprir, en todo caso, coas regras establecidas neste número, sen prexuízo das demais obrigas que, con motivo da autorización ou nun momento posterior, se poidan exixir ao titular do depósito fiscal loxístico.

a) Depósito fiscal loxístico e introdutor: para os efectos deste número enténdese por depósito fiscal loxístico o depósito fiscal de hidrocarburos cuxo titular opere por conta dos introdutores, non adquirindo a propiedade dos produtos que recibe nin transmitindo a dos que expide. Cando o titular do depósito fiscal loxístico o sexa doutros, os movementos producidos no conxunto dos depósitos fiscais loxísticos de que sexa titular consideraranse producidos nun deles, que terá a consideración de depósito fiscal loxístico único, de se cumpriren as seguintes condicións:

1.^a Que o titular teña unha xestión contable integrada do conxunto dos movementos producidos entre os depósitos, así como do biocarburante contido nos ditos produtos, sen prexuízo da que corresponde individualmente a cada unha deles,

2.^a Que lle fose autorizada a centralización do pagamento do imposto para o conxunto dos depósitos de que é titular, e

3.^a Que, con referencia ao depósito fiscal loxístico único, se leve un rexistro de movementos de produtos e de biocarburantes por cada introdutor.

Enténdese por introdutor o fabricante de hidrocarburos ou comerciante dos ditos produtos a cuxo nome se produciu a primeira introdución de biocarburante nun depósito fiscal loxístico.

b) Recepción da gasolina ou do gasóleo no depósito fiscal loxístico:

1.º A gasolina ou o gasóleo que conteñen biocarburente, así como os que non o conteñen que se destinen a seren mesturados cun biocarburente dentro do depósito fiscal loxístico serán obxecto de anotación, no momento da súa recepción, sen prexuízo da anotación separada que destes proceda en función da súa octanaxe ou do seu destino a un uso como combustible ou carburante.

2.º As gasolina ou gasóleo recibiranse no depósito ao amparo do correspondente documento de circulación en que se indicará a súa porcentaxe de biocarburente.

3.º Ademais do disposto no artigo 50 deste regulamento e no parágrafo 1.º anterior, a cantidade de biocarburente contida na gasolina ou no gasóleo será contabilizada separadamente.

4.º En caso de adquisición intracomunitaria de mesturas de biocarburente con carburante convencional con destino a un depósito fiscal loxístico, cando o documento de circulación que ampare a entrada neste non faga referencia á porcentaxe da mestura, e para os efectos do cálculo da base a que se refire a letra d) 2.º E deste número, o introdutor deberá efectuar unha declaración en que se faga constar esta porcentaxe. Esta declaración, que xustificará a anotación da entrada de biocarburente para os efectos do número 3.º anterior, deberá facer referencia ao número de documento de circulación e remitirse ao depósito fiscal loxístico de destino e á oficina xestora nun prazo de 5 días desde a recepción do produto no dito depósito. A remisión á oficina xestora farase por vía telemática.

5.º En caso de importación de mesturas de biocarburente con carburante convencional con destino a un depósito fiscal loxístico, o documento que ampare a circulación ata este establecemento deberá facer referencia á porcentaxe da mestura.

6.º A anotación efectuada á recepción da gasolina ou do gasóleo que conteñen biocarburente deberá minorarse nas cantidades de biocarburentes contidos nas gasolinas e gasóleos que fosen enviados a fábricas e a outros depósitos fiscais.

c) Saídas de gasolina ou gasóleo que conteñen biocarburente do depósito fiscal loxístico: o titular do depósito fiscal loxístico exclusivamente poderá aplicar os tipos a que se refire o artigo 50 bis da lei polo biocarburente que, de conformidade coa contabilidade que se lle autorizase, saíse en cada período de liquidación do depósito fiscal loxístico fóra do réxime suspensivo, con destino ao ámbito interno e sen que fose aplicable unha exención.

d) Repercusión do imposto:

1.º A repercusión do imposto respecto do biocarburente efectuaráa o titular do depósito fiscal loxístico sobre os introdutores na súa condición de persoa ou entidade por cuxa conta se realizan as operacións.

2.º Para os efectos anteriores, no depósito fiscal loxístico deberase levar unha conta por cada introdutor, cos datos que se recollan a continuación. Esta conta deberá estar á disposición da Intervención en todo momento.

Deberanse recoller os seguintes datos:

A) Cargo de biocarburente do período:

Enténdese por cargo de biocarburente do período a suma das cantidades de cada clase de biocarburente, diferenciadas por epígrafe, que para cada introdutor foron introducidas nun depósito fiscal loxístico durante cada período de liquidación e das que figuran en existencias ao comezo do dito período, minorándose da dita suma as cantidades de biocarburentes contidos nas gasolinas e gasóleos enviados a fábricas e a outros depósitos fiscais.

Para o seu cálculo terase en conta aquel biocarburente que se introduciuse xa mesturado coas gasolinas ou gasóleos introducidos no depósito fiscal loxístico así como o que se mesture no depósito fiscal loxístico nos termos establecidos no número 2 deste artigo.

B) Porcentaxe de biocombustible do período:

Será a porcentaxe que exprese, para cada introdutor e período de liquidación, o contido medio teórico de cada clase de biocombustible contido nas gasolinas ou gasóleos que o incorporan.

Para o cálculo teranse en conta os produtos introducidos durante o período de liquidación, así como as existencias iniciais do período, no caso de as haber, minoradas nas cantidades enviadas en réxime suspensivo a fábricas e a outros depósitos fiscais.

Esta porcentaxe aplicarase, para cada introdutor e período de liquidación, a todas as saídas a que se refire a letra C) seguinte, así como ás existencias finais, en caso de que as haber.

C) Saídas da gasolina ou gasóleo que contén biocombustible para cada introdutor:

As saídas de gasolinas ou gasóleos dun depósito fiscal loxístico imputaranse, para estes efectos, a cada introdutor, prescindindo das operacións comerciais que se realizasen no interior do depósito fiscal loxístico.

Salvo as saídas en réxime suspensivo a fábricas e a outros depósitos fiscais, considerase que todas as saídas de gasolinas ou gasóleos do depósito fiscal loxístico correspondentes a cada introdutor teñen un contido en biocombustible igual ao resultado de aplicar a cada unha delas a porcentaxe de biocombustible.

D) Existencia final de biocombustible do período:

Será o sobrante de biocombustible que, para cada introdutor, resulte de restar do cargo do período o resultado de aplicar a porcentaxe de biocombustible do período a todas as saídas a que se refire o número anterior.

Deberá ser igual ao resultado de aplicar a porcentaxe de biocombustible do período ás existencias finais de produto para cada introdutor.

E) Base para a aplicación do tipo de biocombustibles:

Será o resultado de aplicar, para cada introdutor, a porcentaxe de biocombustible do período ás saídas de gasolina ou gasóleo mesturado que, introducido por el, se producen durante este período, fóra do réxime suspensivo, con destino ao ámbito territorial interno e sen que fose aplicable unha exención.

En ningún caso esta cantidade poderá ser superior ao cargo de biocombustible do período.

2. Os depósitos fiscais autorizados conforme o disposto no número anterior que reciban biocombustible puro poderán efectuar mesturas deste biocombustible puro coas gasolinas ou gasóleos incluídos na contabilidade a que se refire o número 1 deste artigo, antes da súa saída. Neste caso, datarase o produto na contabilidade levada conforme o número 3 do artigo 108 bis e anotarase como entrada para os efectos a que se refire o número 1. b) 1.º deste artigo. O asento de cargo nesta contabilidade xustificarse co datado correlativo na contabilidade correspondente, polo que deberá haber unha relación inequívoca entre ambos os asentos.»

Oitenta. Modifícase a letra ñ) do número 2 do artigo 116, que queda redactada da seguinte forma:

«Artigo 116. *Porcentaxes de perdas admisibles nos procesos de produción, almacenamento e transporte.*

(...)

2. Táboa de porcentaxes regulamentarias de perdas:

(...)

ñ) Almacenamentos, sobre as existencias medias do trimestre, de produtos cuxa tributación se produciría aos tipos previstos nas seguintes epígrafes da tarifa 1.^a do imposto:

Epígrafes 1.1, 1.2.1, 1.2.2 e 1.13: 0,95.

Epígrafes 1.11 e 1.12: 0,55.

Epígrafes 1.3, 1.4, 1.5, 1.14 e 1.15: 0,35.

Epígrafes 1.6, 1.8, 1.9 e 1.10: 2,05.»

Oitenta e uno. Introdúcese unha nova letra r) no número 2 do artigo 116, que queda redactada da seguinte forma:

«Artigo 116. *Porcentaxes de perdas admisibles nos procesos de produción, almacenamento e transporte.*

(...)

2. Táboa de porcentaxes regulamentarias de perdas:

(...)

r) Na produción de ETBE destinado á aditivación das gasolinas sen chumbo: a porcentaxe de perda de bioetanol é do 0,5 por 100 do bioetanol posto en produción.»

Oitenta e dos. Modifícase o artigo 118, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 118. *Prohibicións de uso.*

Para os efectos do disposto no número 2 do artigo 54 da lei consideraranse «motores de tractores e maquinaria agrícola utilizados en agricultura, incluída a horticoltura, gandería e silvicultura», os motores de tractores agrícolas, motocultores, tractocarros, maquinaria agrícola automotriz e portadores a que se refiren as definicións do anexo II do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos e que se utilicen nas actividades indicadas. Para estes efectos non terá a consideración de actividade propia da agricultura, incluída a horticoltura, gandería e silvicultura, o transporte por conta allea incluso realizado mediante tractores ou maquinaria agrícola dotados de remolque.»

Oitenta e tres. Modifícase o artigo 119, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 119. *Criterios de graduación das sancións especiais.*

1. As sancións que se impondrán aos autores en virtude do previsto no artigo 55 da lei graduaranse conforme os criterios do artigo 187 da Lei xeral tributaria que resulten de aplicación atendendo, se for o caso, á concorrencia de infraccións cometidas con maquinaria, vehículos ou embarcacións de que sexa titular unha mesma persoa. As sancións que se impondrán por cada infracción non poderán ser inferiores aos importes e períodos que a continuación se sinalan, en atención á potencia do motor da maquinaria, vehículo ou embarcación con que se cometeu a infracción:

a) En motores de ata 10 CV de potencia fiscal, 600 euros de multa e un mes de precintaxe e inmovilización da maquinaria, vehículo ou embarcación.

b) En motores de máis de 10 ata 25 CV de potencia fiscal, 1.800 euros e dous meses de precintaxe e inmovilización da maquinaria, vehículo ou embarcación.

c) En motores de máis de 25 ata 50 CV de potencia fiscal, 3.600 euros e tres meses de precintaxe e inmovilización da maquinaria, vehículo ou embarcación.

d) En motores de máis de 50 CV de potencia fiscal, 6.000 euros de multa e catro meses de precintaxe e inmovilización da maquinaria, vehículo ou embarcación.

2. O disposto no número 1 anterior entenderase sen prexuízo do disposto no número 4 do artigo 55 da lei.»

Oitenta e catro. Modifícase o artigo 120, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 120. *Órganos administrativos competentes.*

1. Os servizos de inspección e de investigación dependentes do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria serán competentes para dirixir, coordinar e realizar no respectivo ámbito territorial os servizos e actuacións encamiñados ao descubrimento das infraccións tipificadas no artigo 55 da lei. A realización dos ditos servizos e actuacións poderá tamén ser levada a cabo por axentes das Forzas e Corpos de Seguridade.

2. Na práctica dos referidos servizos e actuacións estes axentes gozarán das facultades establecidas nos artigos 142 e seguintes da Lei xeral tributaria así como das establecidas no Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, e están facultados para deteren e inspeccionaren calquera vehículo ou embarcación e tomaren mostras dos combustibles e carburantes contidos nos seus depósitos, carburadores e conducións.

3. A imposición das sancións corresponde ao xefe da oficina xestora con competencia no territorio en que sexa descuberta a infracción, mediante resolución motivada e logo de instrución do oportuno expediente en que se dará audiencia a cada un dos inculpados.

4. Para efectos da apreciación da comisión repetida de infraccións, no centro xestor levarase un rexistro especial de persoas sancionadas pola comisión das infraccións a que se refire o artigo 55 da lei.»

Oitenta e cinco. Modifícase o artigo 121, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 121. *Expedientes de infracción.*

Na instrución do procedemento sancionador serán de aplicación as normas contidas nos artigos 209 e seguintes da Lei xeral tributaria, e nas normas regulamentarias de desenvolvemento, no Regulamento xeral do réxime sancionador tributario, e no Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, ademais do disposto nos números seguintes:

1. A incoación do expediente para a determinación de responsabilidades e imposición das sancións a que se refire o artigo 55 da lei iniciaraa sempre de oficio o xefe da oficina xestora a que se refire o número 3 do artigo 120 anterior, por propia iniciativa ou en virtude de orde superior ou petición razoada doutros órganos.

2. Os axentes das Forzas e Corpos de Seguridade que descubrisen a comisión dunha infracción procederán a deixar constancia desta, co seguinte detalle:

a) Lugar e data de actuación.

b) Matrícula e outros datos de identificación do vehículo ou embarcación, con expresión, en cabalos fiscais, da potencia do motor.

c) Nome, apelidos, domicilio, NIF e documento nacional de identidade ou pasaporte do condutor do vehículo ou do patrón da embarcación, así como do propietario, indicando o código de identificación se a titularidade corresponder a persoa xurídica.

d) Constancia da clase e característica do carburante ou combustible utilizado, indicando a coloración e, se for o caso, resultado do ensaio con reactivo químico.

e) Dilixencia de toma de mostras debidamente autenticada, no suposto de que o interesado mostrase a súa desconformidade respecto da clase e características do produto indicadas na dilixencia.

f) Declaración do interesado sobre a data, o lugar e o subministrador do último aprovisionamento realizado, indicando os datos do documento acreditativo, se así o xustificar.

g) Calquera outra circunstancia de interese para a apreciación e cualificación dos feitos.

h) Sinatura dos axentes actuantes e do condutor ou usuario do vehículo ou do patrón da embarcación, que poderán manifestar canto consideren oportuno respecto dos feitos indicados na dilixencia.

Se foren funcionarios da Administración tributaria os que descubrisen a comisión da infracción, expedirán dilixencia en que constarán, polo menos, os datos indicados anteriormente.

O documento en que se recollen os datos anteriores, en unión das mostras que fosen extraídas remitirase o mesmo día, ou o máis próximo se iso non for posible, ao xefe da oficina xestora competente para iniciar o procedemento sancionador.

3. Recibida a documentación anterior, o xefe da oficina xestora dispoñerá a incoación do oportuno expediente, e designará, para o efecto, instrutor.

O acordo de iniciación do procedemento sancionador notificarase aos interesados para que formulen, con anterioridade ao trámite de audiencia, as alegacións e presenten os documentos, xustificacións e probas que consideren convenientes.

O instrutor poderá solicitar os informes e actuacións complementarias que considere oportunos. Así mesmo, remitirá unha das mostras extraídas a algún dos laboratorios de alfándegas e impostos especiais para analizala, e quedarán as restantes baixo a súa custodia.

4. O prazo máximo en que debe notificarse a resolución será de seis meses e contarase desde a data de notificación do acordo de inicio. Para o cómputo dos prazos máximos de resolución terase en conta o disposto no artigo 104 da Lei xeral tributaria, e nos artigos 102 a 104 do Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, en relación cos períodos de interrupción xustificada e dilacións non imputables á Administración. En particular, o período transcorrido desde a data de remisión das mostras ao laboratorio de alfándegas ata a de recepción do ditame considerarase período de interrupción xustificada.

5. A incoación do expediente comunicarase á Xefatura Provincial de Tráfico ou á Capitanía Marítima que corresponda á matrícula do vehículo ou da embarcación, co fin de que os sucesivos adquirentes teñan coñecemento de que, da súa resolución, pode recaer a sanción de precintaxe e inmovilización.

6. Concluídas as actuacións e o prazo de alegacións formularase proposta de resolución que será notificada aos interesados no procedemento sancionador, indicándolles a posta de manifesto do expediente, así como a posibilidade de alegaren canto consideren conveniente e presentaren os documentos, xustificantes e probas que consideren oportunos.

7. Á vista da proposta formulada polo instrutor do procedemento sancionador e dos documentos, probas e alegacións que consten no expediente, o xefe da oficina xestora ditará resolución motivada do procedemento sancionador.

8. Notificado o acordo aos infractores, e salvo que se acordase a substitución a que se refire o número 4 do artigo 55 da lei, o titular do vehículo ou da embarcación situarao, se é o caso, á disposición do xefe da oficina xestora para a súa inmovilización e precintaxe, de cuxa operación se dará conta á Xefatura Provincial de Tráfico ou á Capitanía Marítima que corresponda á súa matrícula. Os gastos orixinados pola inmovilización e precintaxe serán por conta do titular.

As sancións pecuniarias deberanse facer efectivas nos prazos establecidos no Regulamento xeral de recadación e por algún dos medios de pagamento das débedas tributarias que nel se establecen.

9. Contra o acordo do xefe da oficina xestora poderá interpoñerse recurso de reposición ou reclamación na vía económico-administrativa, nos termos legalmente previstos.»

Oitenta e seis. Introdúcese un novo artigo 123 bis, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 123 bis. *Exención para tendas libres de impostos.*

A aplicación da exención a que se refire o número 3 do artigo 61 da lei levarase a cabo conforme as normas seguintes:

1. As tendas libres de impostos, que deberán estar inscritas nos rexistros territoriais das oficinas xestoras correspondentes como depósitos fiscais dos previstos no artigo 11.2.10.º2' deste regulamento exixirán aos adquirentes de elaborados do tabaco que exhiban o título de transporte, por vía aérea ou marítima, en que figure como destino final un aeroporto ou porto situado nun país terceiro ou territorio terceiro.

2. As mencionadas tendas deberán conservar os xustificantes das vendas de elaborados do tabaco a que se aplicou a exención, nos cales deberán constar a data da venda, o número do voo ou da travesía marítima que se vai realizar, o porto ou aeroporto de destino final e a cantidade de elaborados de tabaco vendidos.

3. Se entre as elaborados do tabaco vendidos houber cigarros, os envases deberán ir desprovistos das marcas fiscais a que se refire o artigo 26 ou, caso de levalas, deberán ser retiradas dos ditos envases para a súa posterior destrución, baixo control da Administración tributaria.»

Oitenta e sete. Modifícase o artigo 127, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 127. *Porcentaxes de perdas admisibles.*

A) Para os efectos do disposto no artigo 6.º da lei, as porcentaxes regulamentarias de perdas serán as seguintes:

	Porcentaxe
1. Cigarros negros:	
a) Desnervamento	6
b) Picadura	6
c) Elaboración do cigarro	7
2. Cigarros rubios:	
a) Desnervamento	6
b) Preparación de ligas (mesturas)	5
c) Picadura	4
d) Elaboración do cigarro	4
3. Xarutos ou xarutiños:	
a) Elaboración da tripa (desnervamento)	30
b) Obtención de capas ou subcapas de tabaco natural	30
c) Obtención de capas ou de subcapas a partir de tabaco homoxeneizado	30
d) Elaboración do xaruto puro ou xarutiño	9

B) Autorízase o ministerio de Economía e Facenda para establecer as porcentaxes regulamentarias de perdas aplicables aos procesos non previstos neste artigo.

C) Nos recontos as medicións efectuaranse tomando como base unha humidade tipo do 14 por 100.»

Oitenta e oito. Modifícase o número 2 do artigo 133, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 133. *Contabilidade regulamentaria.*

(...)

2. Non obstante o disposto nos números 1 e 3 do artigo 50, a foliación, habilitación e selaxe dos libros e follas a que se refiren estes números poderá levarse a cabo na oficina xestora correspondente ao domicilio fiscal do titular do establecemento de que se trate.

Os titulares de instalacións de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, así como os titulares de xeradores non inscritos no réxime de produción ordinario ou especial non estarán obrigados á presentación da información contable á oficina xestora.»

Oitenta e nove. Modifícase o número 3 do artigo 138, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 138. *Inscripción no rexistro territorial.*

(...)

3. O «código de actividade do carbón» é o código, configurado na forma que se establece neste número, que identifica a actividade dos obrigados tributarios por este imposto e que consta de trece caracteres distribuídos da forma seguinte:

- a) As letras ES configurarán os dos primeiros caracteres.
- b) En canto o ministro de Economía e Facenda non dispoña a súa substitución por outros caracteres, os caracteres terceiro, cuarto e quinto serán ceros.
- c) Os caracteres sexto e sétimo identifican o ámbito territorial da oficina xestora do establecemento.
- d) Os caracteres oitavo e noveno identifican a actividade do obrigado tributario.
- e) Os caracteres décimo, décimo primeiro e décimo segundo expresarán un número secuencial de inscrición no ámbito territorial a que se refire a letra c).
- f) Finalmente, unha letra de control.

O ministro de Economía e Facenda establecerá o repertorio das actividades a que se refire o primeiro parágrafo deste número e determinará os díxitos e os caracteres identificativos a que se refire a letra d) anterior.»

Disposición transitoria primeira. *Circulación intracomunitaria en réxime suspensivo.*

Ata o 31 de decembro de 2010, a circulación intracomunitaria en réxime suspensivo realizarase de acordo coa normativa vixente con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, a partir do 1 de abril de 2010:

- a) A expedición de produtos con destino ao ámbito territorial comunitario non interno poderá realizarse, logo de autorización do centro xestor, ao amparo do documento administrativo electrónico, conforme o procedemento previsto neste real decreto.

b) A recepción de produtos no ámbito territorial interno cuxa circulación se encuentre amparada por un documento administrativo electrónico ultimarase de acordo co procedemento previsto neste real decreto.

A circulación de produtos suxeitos a impostos especiais que dese comezo antes do 1 de abril de 2010 efectuarase e ultimarase consonte a normativa vixente con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Envíos internos con documento administrativo electrónico.*

Antes do 31 de outubro de 2011, o ministro de Economía e Facenda exercerá a competencia de dispoñer a utilización do documento administrativo electrónico, nos termos do último parágrafo do artigo 22. 5 do Regulamento dos impostos especiais, para que se aplique aos envíos de produtos en réxime suspensivo que se inicien partir do 1 de xaneiro de 2012.

Disposición transitoria terceira. *Normativa de aplicación.*

Dado que o Regulamento (CE) n.º 450/2008, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2008, polo que se establece o código alfandegueiro comunitario (código alfandegueiro modernizado), malia estar en vigor non é aplicable na súa totalidade neste momento, as referencias a el entenderanse efectuadas ao Regulamento (CEE) n.º 2913/92 do Consello, do 12 de outubro, ata que o Regulamento (CE) n.º 450/2008 sexa totalmente aplicable.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de abril de 2010.

Dado en Madrid o 26 de febreiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta segunda do Goberno
e ministra de Economía e Facenda,

ELENA SALGADO MÉNDEZ